



ENQUISA ISSGA

Condicións de traballo
en Galicia

XUNTA DE GALICIA

Enquisa ISSGA

Condicións de traballo en Galicia



observatorio galego
de condicións de traballo

EQUIPO TÉCNICO

MANUEL ARMADA OYA

JOSÉ REGA PIÑEIRO

RAQUEL BLANCO SILVA

TRABALLO DE CAMPO : QUOTA RESEARCH

EDICIÓN: INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)

DESEÑO E MAQUETACIÓN: MAIZ CREATIVOS SL

1º EDICIÓN, 2011

(Índice)

1-(Introdución).....	5	Molestias musculoesqueléticas.....	88
2-(Metodoloxía).....	7	Carga mental de traballo.....	95
Poboación de estudo.....	7	8-(Factores psicosociais).....	105
Pretest da enquisa.....	8	Apoio no ámbito de traballo.....	105
Traballo de campo.....	8	Habilidades e autorrealización.....	110
Tamaño de mostra.....	8	Autonomía no traballo.....	114
Procedemento de mostraxe.....	9	Estabilidade no emprego, salario e posibilidades de promoción.....	121
Cuestionario.....	9	Xornada de traballo.....	128
Erro mostral.....	9	Condutas violentas no traballo: violencia, discriminación e acoso.....	139
3-(Descrición da mostra).....	11	Condutas violentas.....	139
Distribución segundo a provincia.....	11	Discriminación.....	141
Situación laboral, contrato e nivel de estudos.....	12	Acoso psicolóxico.....	143
Segundo as características da empresa.....	13	9-(Danos para a saúde).....	151
En función do sexo.....	15	Accidentes de traballo.....	151
4-(Organización da prevención e actividades preventivas).....	19	Accidentes.....	151
Organización da prevención.....	19	Causas.....	154
Delegado de prevención.....	19	Enfermidades profesionais.....	158
Comité de seguridade e saúde.....	22	10-(Aspectos xerais da percepción das condicións de traballo).....	181
Organización preventiva.....	23	11-(Conclusións xerais).....	187
Actividades preventivas.....	24	Organización da prevención e actividades preventivas.....	187
Recoñecemento médico.....	24	Organización da prevención.....	187
Estudo específico de riscos.....	27	Actividades preventivas.....	187
Consecuencias da avaliación de riscos.....	30	Condicións de seguridade.....	188
Formación e información sobre prevención de riscos laborais.....	35	Condicións ambientais.....	188
5-(Condicións de seguridade).....	45	Danos para a saúde.....	190
Percepción da exposición a riscos de accidente.....	45	Accidentes de traballo.....	190
Principais riscos de accidente no traballo.....	48	Enfermidades profesionais.....	190
Principais causas de riscos de accidente.....	50	Aspectos xerais da percepción das condicións de traballo.....	191
6-(Condicións ambientais).....	53	(Cuestionario da I Enquisa de condicións de traballo do Instituto	
Ambiente térmico.....	53	Galego de Seguridade e Saúde Laboral).....	193
Axentes físicos.....	60	Índice de táboas.....	212
Axentes químicos.....	66	Índice de gráficas.....	214
Axentes biolóxicos.....	77		
7-(Deseño do posto e carga de traballo).....	81		
Postura de traballo.....	81		
Demandas física do posto de traballo.....	84		



1-(Introdución)

Para deseñar políticas de prevención eficaces e levar a cabo a planificación correspondentes das actividades que se van realizar, é necesario ter un coñecemento o máis amplo e preciso posible da realidade sobre a que se pretende actuar. Unha das ferramentas para facelo é a realización de enquisas.

Considerando que a prevención de riscos laborais abrangue un conxunto de disciplinas interrelacionadas que atinxen a un amplo abano de aspectos que afectan as actividades profesionais, o coñecemento necesario para realizar unha axeitada prevención de riscos é profundo e complexo.

Para cumprir os seus obxectivos en relación coa prevención, o Instituto Galego de Seguridade e Saude Laboral (ISSGA) diseña un plan de actividades anual no que se describen as actividades que se prevé realizar nese ano. Dentro do plan correspondente ao ano 2010 está a realización dunha enquisa de condicións de traballo entre os traballadores das empresas na Comunidade Autónoma galega. Esta enquisa está inspirada na VI Enquisa Nacional de Condicións de Traballo do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no traballo, e búscanse resultados que sexan doadamente comparables cos obtidos no eido nacional.

O obxectivo xeral da enquisa é establecer os coñecementos e a percepción que teñen destes os traballadores, as condicións en que estes realizan o seu traballo, tendo en conta as limitacións que como método de obtención de datos ten unha enquisa, tanto polo seu carácter subxectivo como polo custo que supón facer un elevado número de entrevistas. Dentro dos obxectivos específicos temos: medir as frecuencias de exposición a riscos a que os traballadores están expostos, facer análise de como lles afectan un conxunto de variables establecidas (físicas, químicas, ambiente de traballo, organizativas etc.) no seu posto de traballo, saber o grao de coñecemento dos traballadores en prevención e comprobar, dende o seu punto de vista, as actividades preventivas que realizan as empresas.

Este documento é unha presentación xeral dos resultados da enquisa, tendo en conta o tamaño desta e a gran cantidade de conclusións que se poden sacar facendo unha interpretación dos datos obtidos. Buscouse plasmar aqueles que puidesen ser máis significativos de cara á prevención, sen que sexa obstáculo de posteriores análises máis pormenorizadas utilizando distintas variables.



2-(Metodoloxía)

Poboación de estudo

A poboación ou universo está composta polos traballadores de todas as actividades económicas pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

A poboación de traballadores obtívose do Censo de afiliación de traballadores á Seguridade Social, en decembro de 2008. A poboación componse de 1.040.893 traballadores, cuxa distribución, de acordo co sector de actividade e segundo o tamaño de equipo de empresa, figura na táboa 1.

ESTRATO	UNIVERSO
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	57.277
Pesca	22.696
Industria manufactureira e extractiva	62.752
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	10.290
Industria química	7.961
Metal	63.765
Outras industrias	46.207
Construción	120.429
Comercio, hostalaría	231.584
Transporte e comunicacións	56.502
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais	126.683
Administración pública e educación	93.695
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	75.645
Outras actividades sociais e persoais	65.407

TÁBOA 1. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DE TRABALLADORES POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CADRO DE PERSOAL

Pretest da enquisa

En decembro de 2009 e baseándose, en primeiro lugar, nun cuestionario elaborado polo ISSGA, realizouse un pretest co fin de obter os seguintes obxectivos:

- Coñecer o grao de aceptación da entrevista por parte do entrevistado.
- Definir a mellor forma de contacto (presentación do entrevistador no domicilio do entrevistado).
- Valorar o grao de comprensión, por parte dos entrevistados, do contido de cada unha das preguntas.
- Concretar os puntos do cuestionario que ofrecen maiores problemas, para lles dar aos entrevistadores as necesarias instrucións.
- Valorar o grao de comprensión do entrevistador.
- Descubrir o horario máis axeitado para realizar as entrevistas.

As conclusións deste pretest serviron de base para o curso de formación de entrevistadores e o inicio do traballo de campo.

Traballo de campo

O traballo de campo foi realizado pola empresa Quota Research entre febreiro e abril do 2010.

Tamaño de mostra

Realizáronse un total de 1.896 entrevistas a traballadores, das que 995 corresponden a homes e 901 a mulleres. A distribución da mostra segundo as variables controladas na mostraxe, que son o tamaño de cadro de persoal da empresa e a actividade económica, reflíctense nas táboas seguintes (da táboa 2 á táboa 4).

ESTRATO	MOSTRA
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	99
Pesca	96
Industria manufactureira e extractiva	99
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	103
Industria química	13
Metal	101
Outras industrias	89
Construción	207
Comercio, hostalaría	387
Transporte e comunicacións	97
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais	204
Administración pública e educación	162
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	119
Outras actividades sociais e persoais	120
Total	1.896

TÁBOA 2. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE TRABALLADORES POR ESTRATO DE ACTIVIDADE

EMPREGADOS						TOTAL
	Autónomo sen empregados	De 1 a 9	De 10 a 49	De 50 a 249	De 250 a 499	
Agrario + pesca	38	84	59	13	1	195
Industria	10	94	147	142	9	405*
Construción	17	72	69	45	4	207
Servizos	131	468	210	205	73	1.089*
Total	196	718	485	405	87	1.891

TÁBOA 3. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE TRABALLADORES POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CADRO DE PERSOAL

*EN INDUSTRIA E SERVIZOS 3 E 2 TRABALLADORES RESPECTIVAMENTE, NON CONTESTARON O TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL

SECTOR					TOTAL
	Agricultura + pesca	Industria	Construción	Servizos	
A Coruña	64	146	87	463	760
Lugo	52	39	23	141	255
Ourense	16	45	18	113	192
Pontevedra	63	175	79	372	689
Total	195	405	207	1.089	1.896

TÁBOA 4. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA DE TRABALLADORES POR PROVINCIA E SECTOR DE ACTIVIDADE

Procedemento de mostraxe

O procedemento de mostraxe é polietápico, estratificado por conglomerados, con selección das unidades primarias de mostraxe (concellos) e das unidades secundarias (seccións) de forma aleatoria, e das últimas (traballadores) por rutas aleatorias e determinadas cotas:

- A partir do ficheiro de Seccións censuais de España da revisión do Padrón de xaneiro de 2009, realizouse, de forma aleatoria, a selección dos municipios nos que se levarían a cabo as entrevistas (unidades primarias de mostraxe).

- Pola súa vez, dentro de cada municipio, de novo aleatoriamente, procedeuse á selección de seccións (unidades secundarias de mostraxe).
- A selección dos fogares realizouse mediante mostraxe aleatoria sistemática. De forma xeral, partindo dun punto de arranque seleccionado aleatoriamente, o entrevistador realizou unha ruta establecida para cada unha das seccións.
- Por último, a selección da persoa que se ía entrevistar (traballador), dentro de cada fogar realizouse a través de rutas aleatorias e tendo en conta cotas de actividade económica da empresa e tamaño do cadro de persoal.

Previamente ao inicio da enquisa, o entrevistador comentoulle ao traballador os obxectivos do estudo, garantíndolle o anonimato das súas respostas.

Ademais doutros controis de calidade efectuados, a empresa que realizou a enquisa levou a cabo, un labor de inspección para detectar a existencia de fallos na actuación dos entrevistadores ou verificadores da información facilitada.

Inspeccionáronse as entrevistas que puidesen presentar algún defecto e, de xeito aleatorio, unha porcentaxe das demais. Nesta supervisión contrastábase a información facilitada polo entrevistado ao entrevistador, así como aqueles aspectos relacionados co trato recibido, presentación do entrevistador no fogar etc.

Cuestionario

O cuestionario aplicado consta de 74 preguntas, segundo o cuestionario da VI Enquisa nacional de condicións de traballo do INSHT, incluídos os referentes a datos de clasificación.

A técnica empregada na aplicación foi a entrevista persoal, é dicir, no domicilio do traballador o entrevistador realizou directamente as preguntas, anotando as súas respostas no cuestionario.

Erro mostral

Para un nivel de confianza do 95,5% e $P=Q$, o erro para o conxunto da mostra é de $\pm 2,29\%$.



3-(Descripción da mostra)


Nas táboas e gráficas seguintes, faise unha breve introdución dos datos obtidos da enquisa segundo un pequeno conxunto de variables significativas, agrupadas en catro bloques:

- Provincia do persoal traballador
- Situación laboral e nivel de estudos
- Segundo as características da empresa
- En función do xénero.

Distribución segundo a provincia

No gráfico 1 móstrase a distribución por provincias do persoal traballador enquisado. As porcentaxes obtidas na mostra seguen moi aproximadamente a distribución provincial do total da poboación traballadora galega.


GRÁFICO 1. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR PROVINCIA DAS PERSOAS ENQUISADAS



Situación laboral, contrato e nivel de estudos

No gráfico seguinte móstranse os resultados á pregunta sobre a situación laboral do traballador. Desta extráese que as 3/4 partes da mostra corresponden a persoal contratado por conta allea cotizante á Seguridade Social, e a porcentaxe agrupada dos autónomos é de preto do 24%.

GRÁFICO 2. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR SITUACIÓN LABORAL



Na táboa 5 detállanse os resultados obtidos para a pregunta sobre o tipo de contrato do traballador. Estes resultados non están obtidos sobre o total da mostra, senón só sobre o persoal por conta allea afiliado á Seguridade Social.


Na mostra válida, o persoal con contrato indefinido supera o 75%, e os seguintes tipos de contrato son: o persoal con contrato por obra e servizo (11,85%) e os eventuais (4,14%), acumulando estes tres tipos de contrato máis do 90% do persoal enquisado.

TIPO DE CONTRATO	% PERSOAL TRABALLADOR
Indefinido	76,23%
Fixo discontinuo	2,24%
Por obra ou servizo	11,85%
Eventual por circunstancias da produción	4,14%
Interino	1,19%
De formación	0,28%
En prácticas	1,05%
Temporal a través dunha ETT	0,91%
Outro	1,26%
NS	0,21%
NC	0,63%

TÁBOA 5. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR TIPO DE CONTRATO

No gráfico 3 represéntase o nivel de estudos alcanzado polas persoas enquisadas. A cuarta parte da mostra corresponde a traballadores con estudos primarios ou equivalentes, as porcentaxes dos que teñen o bacharelato ou formación profesional rolda o 16% e os diplomados e licenciados universitarios están preto do 14%.

GRÁFICO 3. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR NIVEL DE ESTUDIOS




- Estudios primarios (EXB, graduado escolar, ESO, equivalente) 24,93%
- Formación profesional segundo grao e equivalente 16,26%
- Bacharelato superior, BUP, COU e equivalente 15,56%
- Diplomados universitarios e equivalente 13,88%
- Licenciados universitarios e equivalente 13,82%
- Formación profesional primeiro grao e equivalente 10,41%
- Estudios primarios sen finalizar 2,49%
- Doutorado e estudos para licenciados 1,41%
- NC 1,03%
- Outros estudos non regulados 0,22%

Segundo as características da empresa

Partindo dun deseño mostral compatible co da enquisa nacional, realizáronse lixeiros retoques nos tamaños de mostra correspondentes aos sectores de actividade, para adaptalos mellor á realidade galega. Así, por exemplo, na enquisa nacional a pesca non ten unha identidade separada do sector agropecuario; na mostra galega, non obstante, tratouse de xeito independente para darlle a representatividade que lle corresponde a un sector de actividade que en Galicia presenta unhas cifras netas de accidentes moi similares á agricultura, pero superiores cando nos referimos á incidencia, que mide os accidentes en función da poboación traballadora do sector.

GRÁFICO 4. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR SECTOR DE ACTIVIDADE



- Servizos 57,44%
- Industria 21,36%
- Construción 10,92%
- Agrario 5,22%
- Pesca 5,06%


Na táboa seguinte especificáanse os estratos de actividade da mostra. Estes corresponden ás empresas nas que traballan os enquisados, as porcentaxes que corresponden ao total da mostra son as expresadas na columna da dereita. Tal como se indicou ao falar dos sectores, pártese do deseño mostral da VI Enquisa nacional de condicións de traballo do INSHT, pero modificando os tamaños de mostra para adaptalos mellor á realidade do tecido produtivo galego. O total dos datos destacados en cor vermella dos estratos de maior tamaño representa aproximadamente a metade do total da mostra.

ACTIVIDADE PRINCIPAL QUE SE REALIZA NA EMPRESA	% PERSOAL TRABALLADOR
Industria extractiva	5,22%
Industria manufactureira	5,43%
Industria química	0,69%
Metal	5,33%
Outras industrias	4,69%
Construción	10,92%
Comercio, hostalaría	20,41%
Transporte e comunicacións	5,12%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de aluguer e servizos empresariais	10,76%
Administración pública e educación	8,54%
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	6,28%
Outras actividades sociais e persoais	6,33%
Agricultura, gandería, caza	5,22%
Pesca	5,06%

TÁBOA 6. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE


De forma gráfica represéntase como se divide a mostra porcentualmente, en función do tamaño do cadro de persoal da empresa da persoa enquisada. Agrupouse o estrato correspondente a empresas de 250 a 499 co de 500 e máis, tanto por facilidade de representación coma para ter un tamaño de mostra máis representativa. Como corresponde á realidade de Galicia, a maioría dos traballadores sono de empresas de tamaño menor a 50 empregados. A suma destes xunto co persoal autónomo representa case as 3/4 partes da mostra.

GRÁFICO 5. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR TAMAÑO DO CADRO DO PERSOAL DA EMPRESA



En función do sexo

Na gráfica que se mostra a continuación, indícanse as porcentaxes con respecto ao total da mostra en función do sexo e da idade das persoas enquisadas. A gráfica expresa a pirámide correspondente ao tramo da idade laboral. Como corresponde á realidade sociolaboral, os tramos maiores corresponden ás idades de 25 a 34 anos e de 35 a 44, aínda que nos homes o tramo de 25 a 34 anos está lixeiramente infrarrepresentado en relación coa porcentaxe da poboación xeral, o que pode indicar a influencia dos distintos niveis de paro nos tramos de idade.



Na táboa que reflicte a ocupación dos traballadores enquisados, as porcentaxes maiores correspóndelles aos homes -artesáns e traballadores cualificados, traballadores de servizos de restauración (hostalaría), persoais, etc., empregados administrativos e persoal técnico, científico e intelectual- fronte ás mulleres- traballadoras de servizos de restauración (hostalaría), persoais, etc., empregadas administrativas e persoal técnico, científico e intelectual-. Os valores en vermello supoñen máis da metade do total da mostra.

OCUPACIÓN DO TRABALLADOR	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Dirección das empresas e das administracións públicas	7,44%	9,35%	5,33%
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	10,76%		
Técnicos e profesionais de apoio	8,76%	7,04%	10,65%
Empregados de tipo administrativo			
Traballadores dos servizos de restauración, persoais etc.	23,10%	15,98%	30,97%
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	3,85%	5,03%	2,55%
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras	11,60%	19,90%	2,44%
Operadores de instalacións e maquinaria, montadores	5,33%	7,74%	2,66%
Traballadores non cualificados	7,54%	9,55%	5,33%
NS/NC	0,84%	1,31%	0,33%

TÁBOA 7. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR OCUPACIÓN E SEXO

En canto á distribución da mostra en función dos estratos de actividade, seguiuuse o formato da VI Enquisa nacional do INSHT, coas modificacións xa indicadas. Ás maiores porcentaxes correspóndelles ao sector terciario, coas excepcións da construción e o metal para os homes.

ESTRATOS DE ACTIVIDADE	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Industria extractiva	5,22%	6,33%	4,00%
Industria manufactureira	5,43%	5,93%	4,88%
Industria química	0,69%	0,70%	0,67%
Metal	5,33%	8,24%	2,11%
Outras industrias	4,69%	7,14%	2,00%
Construción	10,92%	16,38%	4,88%
Comercio, hostalaría	20,41%	16,38%	24,86%
Transporte e comunicacións	5,12%	4,72%	5,55%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	10,76%	8,94%	12,76%
Administración pública e educación	8,54%	5,63%	11,76%
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	6,28%	3,02%	9,88%
Outras actividades sociais e persoais	6,33%	5,03%	7,77%
Agricultura, gandería, caza	5,22%	5,13%	5,33%
Pesca	5,06%	6,43%	3,55%

TÁBOA 8. DISTRIBUCIÓN DA MOSTRA POR ESTRATO DE ACTIVIDADE E SEXO



4-(Organización da prevención e actividades preventivas)

Este capítulo contén as respostas obtidas a dous conxuntos de preguntas, unhas referidas ao persoal da organización da empresa con funcións específicas na prevención de riscos laborais e outro grupo de preguntas que fai referencia a actividades preventivas que se deberían realizar na empresa e en que grao se realizan efectivamente.

Como xa indicamos anteriormente, os resultados obtidos deben considerarse máis como unha medida do coñecemento ou percepción dos traballadores das condicións no ámbito do traballo máis que como unha cuantificación precisa de feitos e situacións.


Organización da prevención

DELEGADO DE PREVENCIÓN

No gráfico 7, móstrase a representación porcentual das respostas á pregunta sobre a existencia de delegados de prevención na empresa, os cales debe haber en empresas de 6 ou máis traballadores segundo a lexislación aplicable no momento en que se fixo a enquisa. No tramo de 1 a 9 traballadores, a porcentaxe de entrevistados que non contestou á pregunta foi do 58,86%, os que, agrupados coa porcentaxe dos que non sabían a resposta, suman un 71,01%. Polo tanto, este tramo non se representa na gráfica.


As respostas indican que a porcentaxe de descoñecemento da organización preventiva e do dereito de participación é significativa; nas empresas entre 10 e 49 traballadores case un terzo dos enquisados descoñece se existe ou non delegado de prevención; mesmo a partir de 50 traballadores de cadro de persoal, onde debe haber dous ou máis delegados de prevención e comité de seguridade e saúde, máis da cuarta parte dan a mesma resposta. Outra conclusión é que é significativo o número de traballadores que afirma que na empresa non existen delegados de prevención nestes estratos onde esta figura é obrigatoria.

GRÁFICO 7. EXISTENCIA DE DELEGADO DE PREVENCIÓN
EN FUNCIÓN DO CADRO DE PERSOAL




Co mesmo criterio de non ter en conta as persoas enquisadas de empresas de 1 a 9 traballadores, que se manterá nas gráficas que fagan referencia á existencia dos delegados de prevención ou ao comité de seguridade e saúde, na gráfica 8 represéntase a agrupación por sectores de actividade. A industria é o sector onde o persoal traballador coñece máis a existencia do delegado de prevención, seguido da agricultura e da construción.

GRÁFICO 8. EXISTENCIA DE DELEGADO DE PREVENCIÓN EN FUNCIÓN
DO SECTOR DE ACTIVIDADE



O analizar os datos dende unha perspectiva de xénero, obsérvase que os homes teñen a percepción dun mellor coñecemento sobre a existencia de delegado de prevención, como indica tanto o maior número de respostas positivas como o menor número de respostas de “non sabe” ou “non contesta”. Consecuentemente, a porcentaxe de mulleres que di que non ten delegado de prevención é moito maior.



Da observación da táboa seguinte, que indica o coñecemento da existencia do delegado de prevención en función dos tramos de idade e o sexo, pódese inducir que tanto para homes coma para mulleres existe relación entre a idade e o coñecemento.

** As lixeiras diferenzas dos totais (décimas de punto) cos totais por sexo da gráfica anterior son debidas ás respostas en branco ou perdas na pregunta da idade.*


EXISTENCIA DE DELEGADO DE PREVENCIÓN	TRAMOS DE IDADE							
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	65 ou máis	Total	
Si	24,14%	56,60%	59,30%	61,76%	67,92%	66,67%	57,92%	Homes
Non	27,59%	12,58%	13,37%	13,73%	18,87%	0,00%	14,48%	
NS/NC	48,28%	30,82%	27,33%	24,51%	13,21%	33,33%	27,61%	
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	
Si	40,00%	38,76%	58,02%	40,00%	61,11%	0,00%	45,73%	Mulleres
Non	6,67%	26,40%	19,85%	25,33%	22,22%	0,00%	22,63%	
NS/NC	53,33%	34,83%	22,14%	34,67%	16,67%	1,00%	31,64%	
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	

TÁBOA 9. EXISTENCIA DO DELEGADO DE PREVENCIÓN POR TRAMOS DE IDADE E SEXO

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE

Na gráfica 10 móstranse os resultados totais e por sectores de actividade do coñecemento da existencia do comité de seguridade e saúde para empresas maiores de 9 traballadores nas que existe delegado de prevención. Dos datos obtidos non se pode afirmar que o sector sexa determinante no grao de coñecemento, e os resultados da agricultura son excepcionais debido ás poucas explotacións con este número de traballadores. Na táboa 10 pódese observar como os resultados melloran segundo o tamaño da empresa, son do 60,67% para empresas de 50 a 249 traballadores e do 68,18% para empresas de 250 ou máis.

Nota: segundo o artigo 38.2 da Lei 31/1995, constituirase un comité de seguridade e saúde en todas as empresas ou centros de traballo que contén con 50 ou máis traballadores.




NO SEU CENTRO DE TRABALLO, HAI COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO?	TOTAL	CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA		
		De 10 a 49	De 50 a 249	De 250 ou máis
Si	55,91%	48,21%	60,67%	68,18%
Non	19,88%	29,02%	15,06%	0,00%
NS/NC	24,21%	22,77%	24,27%	31,82%

TÁBOA 10. COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE POR TAMAÑO DO CADRO DE PERSOAL

ORGANIZACIÓN PREVENTIVA

Na gráfica seguinte represéntanse os diferentes tipos de organización preventiva das empresas dos traballadores enquisados. O servizo de prevención alleo é a modalidade máis utilizada, seguido a considerable distancia polo servizo de prevención propio. É de sinalar o importante número de traballadores que non coñecen a organización preventiva na súa empresa, maior do 25%. Como na empresa podese utilizar ao mesmo tempo máis dun recurso, permítese máis dunha resposta a esta pregunta (resposta múltiple).

GRÁFICO 11. TIPOS DE ORGANIZACIÓN PREVENTIVA (RESPOSTA MÚLTIPLE)



Na táboa 11 móstrase o tipo de organización preventiva en función do tamaño da empresa (non se inclúen os traballadores autónomos sen persoal contratado). En función do tamaño da empresa, o número de traballadores designados aumenta, así como a utilización dun servizo de prevención propio, sendo o servizo de prevención mancomunado un recurso pouco empregado; a asunción da función preventiva polo propio empresario debería ser posible, en certas condicións, só en empresas de menos de seis traballadores, segundo a normativa vixente no momento de facer a enquisa. Como xa se indicou ao explicar o gráfico anterior, recorrer a un servizo de prevención alleo é o principal recurso utilizado polas empresas; a utilización dun servizo de prevención mancomunado e o coordinador de seguridade e saúde en obra as modalidades menos utilizadas independentemente do tamaño da empresa.

TIPO DE ORGANIZACIÓN PREVENTIVA	TOTAL	CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA			
		De 1 a 9	De 10 a 49	De 50 a 249	De 250 ou máis
O empresario designou a un ou varios traballadores	7,49%	3,62%	10,64%	9,38%	13,51%
Dispónse dun servizo de prevención propio	9,85%	4,04%	6,22%	19,01%	40,54%
Dispónse dun servizo de prevención mancomunado	1,83%	0,97%	2,01%	2,72%	4,05%
Recórrese a un servizo de prevención alleo á empresa	46,19%	45,68%	50,20%	47,41%	17,57%
O empresario asumiu persoalmente a función de prevención de riscos	3,72%	7,38%	1,41%*	0,74%*	0,00%
Coordinador de seguridade e saúde na obra	0,77%	0,28%	0,60%	1,73%	1,35%
Ningún dos anteriores	5,31%	8,77%	3,82%	0,74%	6,76%
NS/NC	27,96%	30,22%	28,51%	23,95%	24,32%

TÁBOA 11. ORGANIZACIÓN PREVENTIVA SEGUNDO O CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA


(*)Valores destacados xa que, segundo a normativa vixente no momento de facer a enquisa, a asunción da función preventiva polo empresario é só posible en certas condicións, en empresas de menos de seis traballadores.

Actividades preventivas

RECOÑECEMENTO MÉDICO

Dos traballadores enquisados, a un 65,65% dos que traballan por conta allea, ofrecéuselle pasar un recoñecemento médico pola empresa. Destes, o 81,54% aceptaron.

GRÁFICO 12. OFRECIMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO



- Si, e fixen o recoñecemento médico 53,53%
- Non 32,88%
- Si, pero non fixen o recoñecemento médico 12,12%
- NS/NC 1,47%

Desagregando os datos por sexo, constátase que tanto o ofrecemento de facer o recoñecemento coma a porcentaxe das que o aceptan, é inferior nas mulleres ca nos homes.

OFRECÉRONLLE FACER UN RECOÑECEMENTO MÉDICO?	SEXO		TOTAL
	Home	Muller	
Si, e fixen e o recoñecemento médico	60,40%	45,99%	53,53%
Si, pero non fixen o recoñecemento médico	9,22%	15,29%	12,12%
Non	28,57%	37,61%	32,88%
NS/NC	1,80%	1,11%	1,47%

TÁBOA 12. OFRECIMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO POR SEXO

O ofrecemento do recoñecemento médico tamén depende do sector de actividade. Os sectores de agricultura e servizos son nos que menos se ofreceu a posibilidade de facer o recoñecemento e, en consecuencia, onde menos traballadores o realizaron.

OFRECÉRONLLE FACER UN RECOÑECEMENTO MÉDICO?	SECTORES DE ACTIVIDADE					TOTAL
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos	
Si, e fixen o recoñecemento médico	54,67%	70,73%	67,59%	71,05%	42,69%	53,53%
Si, pero non fixen o recoñecemento médico	6,67%	7,32%	11,65%	7,89%	13,99%	12,12%
Non	33,33%	20,73%	19,75%	19,47%	41,96%	32,88%
NS/NC	5,33%	1,22%	1,01%	1,58%	1,36%	1,47%

TÁBOA 13. OFRECIMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Nos gráficos seguintes móstranse os resultados por sectores e sexo do ofrecemento de facer o recoñecemento médico, onde salvo no sector agrario, o realizáronno en menor porcentaxe as mulleres.

GRÁFICO 13. OFRECIMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO ÁS MULLERES
SEGUNDO OS SECTORES





GRÁFICO 14. OFRECIMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO AOS HOMES
SEGUNDO OS SECTORES




Na táboa 14 desagregase por estratos de actividade e sexo, o ofrecemento de realizar o recoñecemento médico e márcanse con cor vermella os resultados inferiores á media total. Son de resaltar as baixas porcentaxes dos estratos do sector servizos.

OFRECÉRONLLE FACER UN RECOÑECEMENTO MÉDICO?	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufac- tureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comuni- cacións	Interme- diación financeira, actividades inmobiliarias e de aluga- mento	Adminis- tración pública educación	Actividades sanitarias e veterina- rias; servi- zos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricul- tura, gandaría, caza	Pesca
Si e fixen o recoñecemento médico	77,78%	59,65%	71,43%	75,00%	66,18%	72,60%	38,64%	52,50%	55,42%	53,70%	44,44%	44,74%	46,34%	81,13%
Si, pero non fixen o recoñecemento médico	7,94%	12,28%	0,00%	8,75%	11,76%	6,85%	8,33%	15,00%	12,05%	12,96%	7,41%	10,53%	9,76%	1,89%
Non	11,11%	28,07%	28,57%	15,00%	20,59%	19,86%	51,52%	32,50%	30,12%	31,48%	44,44%	42,11%	34,15%	16,98%
NS/NC	3,17%	0,00%	0,00%	1,25%	1,47%	0,68%	1,52%	0,00%	2,41%	1,85%	3,70%	2,63%	9,76%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Si e fixen o recoñecemento médico	75,00%	63,41%	33,33%	57,89%	44,44%	65,91%	37,50%	59,18%	32,38%	45,28%	40,70%	33,87%	64,71%	51,72%
Si, pero non fixen o recoñecemento médico	11,11%	17,07%	50,00%	21,05%	5,56%	11,36%	12,50%	18,37%	16,19%	20,75%	17,44%	14,52%	2,94%	17,24%
Non	13,89%	19,51%	16,67%	21,05%	50,00%	18,18%	48,86%	20,41%	50,48%	33,02%	40,70%	51,61%	32,35%	27,59%
NS/NC	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	4,55%	1,14%	2,04%	0,95%	0,94%	1,16%	0,00%	0,00%	3,45%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%


TÁBOA 14. OFRECEMENTO DO RECOÑECEMENTO MÉDICO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE E SEXO

En canto á valoración do recoñecemento médico é sensiblemente peor entre os homes que entre as mulleres. O 40,04% dos homes non o ve relacionado cos riscos do posto de traballo, aínda que útil en xeral, fronte a un 35,39% das mulleres. Por outra parte o 57,91% das mulleres veo útil e relacionado co traballo fronte a un 50,47% dos homes.



ESTUDO ESPECÍFICO DE RISCOS


No gráfico 16 móstranse os resultados á pregunta de se se realizara nos últimos 12 meses unha avaliación ou estudo específico de riscos do posto de traballo do entrevistado. Aínda que a cantidade de respostas negativas duplica as afirmativas, o resultado é comparable co obtido en enquisas similares.



As táboas 15 e 16 e o gráfico 17 detallan a resposta dada á pregunta en función do sexo e do sector de actividade combinado ou non co sexo. En ambos os dous, a porcentaxe de respostas afirmativas é superior nos homes ca nas mulleres, un 34,67% fronte a un 26,30%. É interesante comparar nestas táboas e gráficos o diferente peso que teñen os diferentes sectores no total.

REALIZOUSE AVALIACIÓN OU ESTUDO DOS RISCOS DO SEU POSTO DE TRABALLO?	SEXO		TOTAL
	Home	Muller	
Si, realizouse unha avaliación	34,67%	26,30%	30,70%
Non, non se realizou ningunha avaliación	61,21%	70,59%	65,66%
NS/NC	4,12%	3,11%	3,64%

TÁBOA 15. REALIZACIÓN DO ESTUDO OU AVALIACIÓN DE RISCOS POR SEXO



REALIZOUSE AVALIACIÓN OU ESTUDO DOS RISCOS DO SEU POSTO DE TRABALLO?		SECTOR					TOTAL	
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos		
Si	%	4,64%	6,67%	37,39%	15,65%	35,65%	100%	Homes
	% Total homes	1,61%	2,31%	12,96%	5,43%	12,36%	34,67%	
Non	%	5,25%	6,73%	23,97%	15,27%	48,77%	100%	Homes
	% Total homes	3,22%	4,12%	14,67%	9,35%	29,85%	61,21%	
NS/NC	%	7,32%	0,00%	17,07%	39,02%	36,59%	100%	Homes
	% Total homes	0,30%	0,00%	0,70%	1,61%	1,51%	4,12%	
Total		5,13%	6,43%	28,34%	16,38%	43,72%	100%	Mulleres
Si	%	4,64%	2,11%	18,99%	8,44%	65,82%	100%	
	% Total mulleres	1,22%	0,55%	4,99%	2,22%	17,31%	26,30%	
Non	%	5,66%	4,09%	11,95%	3,62%	74,69%	100%	
	% Total mulleres	4,00%	2,89%	8,44%	2,55%	52,72%	70,59%	
NS/NC	%	3,57%	3,57%	7,14%	3,57%	82,14%	100%	
	% Total mulleres	0,11%	0,11%	0,22%	0,11%	2,55%	3,11%	
Total		5,33%	3,55%	13,65%	4,88%	72,59%	100%	

TÁBOA 16. REALIZACIÓN DO ESTUDO OU AVALIACIÓN DE RISCOS POR SEXO E SECTOR DE ACTIVIDADE


Aumentando o nivel de detalle dende o sector de actividade aos estratos, aprécianse os menores valores obtidos nos estratos de “comercio e hostalaría” e “outras actividades sociais e persoais” que se engloban dentro do sector servizos.

REALIZOUSE AVALIACIÓN OU ESTUDO DOS RISCOS DO SEU POSTO DE TRABALLO?	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufac- tureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comuni- cacións	Interme- diación financeira, actividades inmobiliarias e de aluga- mento	Adminis- tración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricul- tura, gandaría, caza	Pesca
Si	43,43%	37,86%	69,23%	56,44%	29,21%	35,75%	20,93%	34,02%	31,37%	23,46%	31,93%	20,83%	27,27%	29,17%
Non	49,49%	62,14%	30,77%	43,56%	68,54%	56,04%	74,94%	63,92%	64,22%	75,31%	62,18%	77,50%	68,69%	69,79%
NS/NC	7,07%	0,00%	0,00%	0,00%	2,25%	8,21%	4,13%	2,06%	4,41%	1,23%	5,88%	1,67%	4,04%	1,04%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

TÁBOA 17. REALIZACIÓN DO ESTUDO OU AVALIACIÓN DE RISCOS POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

As diferenzas entre provincias non deberían ser significativas agás, pola maior ou menor influencia dun sector ou estrato específico de actividade, por iso resulta destacable o baixo valor de respostas afirmativas en Pontevedra á pregunta de se se realizou un estudo ou avaliación de riscos do posto de traballo.


GRÁFICO 18. REALIZACIÓN DO ESTUDO OU AVALIACIÓN DE RISCOS SEGUNDO A PROVINCIA




CONSECUENCIAS DA AVALIACIÓN DE RISCOS

Nos gráficos 19 a 21, detállanse os datos obtidos das respostas á pregunta sobre as medidas tomadas tras a avaliación dos riscos do posto de traballo. O gráfico 19 mostra as porcentaxes totais obtidas: o 35,57% afirma que se fixeron cambios mentres que aproximadamente o 48,97% afirma que non os houbo.


GRÁFICO 19. TOMA DE MEDIDAS DESPOIS DO ESTUDO DE RISCOS



No gráfico 20, onde se agrupan as respostas por sectores de actividade, compróbase que o sector onde se introducen máis cambios como consecuencia da avaliación dos riscos é a industria, mentres que a pesca, os servizos e a construción mostran valores inferiores á media (35,57%).



Con maior nivel de detalle, o gráfico 21 mostra as respostas afirmativas por estratos de actividade. Aquí aprécianse diferenzas maiores, e os extremos son o estrato de “outras actividades sociais e persoais” do sector servizos e o de “outras industrias”. Mesmo dentro do sector industrial, este último estrato case duplica ao da “industria manufactureira”.



MEDIDAS TOMADAS


En canto ao tipo de medidas tomadas despois da avaliación de riscos, poden ser de distinta natureza: organizativas, de formación e información, cambio de máquinas ou materiais de traballo etc. É habitual adoptar simultaneamente varios tipos, polo que a suma das porcentaxes mostradas na táboa 18 e no gráfico 22 superan o 100% ao ter en conta máis dunha resposta por traballador.

A táboa 18, onde se mostra a agrupación por sectores de actividade, non permite asegurar que o sector inflúa de forma relevante no tipo de medidas correctoras tomadas.

MEDIDAS TOMADAS	TOTAL	SECTOR				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Modificación de instalacións, maquinaria, equipos ou materiais	53,62%	50,00%	57,14%	57,32%	52,17%	50,59%
Cambios no método de traballo	18,36%	10,00%	14,29%	21,95%	13,04%	17,65%
Redución do tempo diario de permanencia no posto de traballo	4,35%	0,00%	0,00%	4,88%	8,70%	3,53%
Modificación ou subministración de equipos de protección individual	15,94%	10,00%	28,57%	21,95%	26,09%	7,06%
Modificación ou instalación de medios de protección colectiva	14,98%	10,00%	14,29%	21,95%	17,39%	8,24%
Compensación económica (plus)	1,45%	0,00%	0,00%	2,44%		1,18%
Formación	23,19%	20,00%	0,00%	23,17%	21,74%	25,88%
Información	20,77%	10,00%	14,29%	18,29%	26,09%	23,53%
Outras	7,73%	20,00%	0,00%	8,54%	4,35%	7,06%
NS/NC	7,73%	10,00%	14,29%	6,10%	8,70%	8,24%


TÁBOA 18. TIPOS DE MEDIDAS TOMADAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE (RESPUESTA MÚLTIPLE)

No gráfico 22 móstranse as porcentaxes totais dos diversos tipos de medidas, sendo a “modificación de instalacións, maquinaria, equipos ou materiais” cun 53,52%; a formación co 23,19% e a información cun 20,77% as tres máis habituais.



EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Dos trabajadores enquisados, o 32,96% afirman que é obrigatorio o uso dalgún equipo de protección individual (EPI) no seu traballo. No gráfico 23 móstranse as porcentaxes de uso obrigatorio de distintos EPI. Hai que ter en conta que é frecuente que se utilice máis dun. O calzado de seguridade (cun 62,08%), as luvas contra riscos mecánicos (cun 49,44%) e os cascos (cun 39,20%) dos traballadores son os EPI que obrigatoriamente máis se usan.



Na táboa 19 detállase o uso obrigatorio de equipos de protección individual (EPI) por sectores. Ademais dos máis comúns a todos os sectores, xa mencionados, en determinados sectores utilízanse EPI específicos, como poden ser protectores auditivos (cun 47,32% na industria e un 31,82% na construción); as luvas para o manexo de produtos químicos (cun 29,41% na agricultura e un 24,71% nos servizos); máscaras (co 45,10% na agricultura e un 25,29% nos servizos); ou roupa para o risco térmico na pesca no 33,33% dos casos.

QUE EQUIPO OU EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL SON OBRIGATORIOS PARA O SEU TRABALLO?	SECTORES DE ACTIVIDADE				
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Luvas (fronte a risco mecánico)	43,14%	66,67%	62,50%	46,21%	31,76%
Calzado (fronte a risco mecánico)	52,94%	85,42%	77,68%	75,00%	27,65%
Casco normal	9,80%	31,25%	48,21%	72,73%	12,35%
Lentes/pantallas (fronte a impactos)	21,57%	8,33%	41,96%	37,12%	15,29%
Luvas (fronte a agresivos químicos)	29,41%	2,08%	14,29%	9,09%	24,71%
Pantallas/ lentes (fronte a agresivos químicos)	7,84%	0,00%	6,70%	5,30%	7,06%
Botas, roupa e outros (fronte a risco químico)	15,69%	2,08%	6,70%	6,06%	8,82%
Luvas/calzado illante (fronte a risco eléctrico)	1,96%	6,25%	15,18%	10,61%	2,35%
Protectores auditivos	11,76%	14,58%	47,32%	31,82%	8,24%
Máscara/s	45,10%	8,33%	32,14%	27,27%	25,29%


Botas, roupa e outros (fronte a risco biolóxico)	9,80%	0,00%	3,13%	0,76%	11,18%
Protección fronte ao risco térmico	7,84%	33,33%	13,39%	6,06%	4,71%
Cintos e dispositivos anticaídas	7,84%	10,42%	16,07%	29,55%	5,88%
Protección fronte a radiacións	0,00%	0,00%	3,13%	1,52%	10,00%
Outro	0,00%	2,08%	0,00%	0,00%	5,29%
Ningún	3,92%	2,08%	2,23%	0,76%	7,06%
NS/NC	1,96%	0,00%	0,45%	0,00%	5,29%

TÁBOA 19. USO DE EPI OBRIGATORIOS POR SECTOR (RESPOSTA MÚLTIPLE)

FORMACIÓN E INFORMACIÓN SOBRE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Os traballadores que se consideran ben informados ou moi ben informados supoñen o 85% do total dos enquisados; a porcentaxe dos que se consideran insuficiente ou deficientemente informados é aproximadamente o 12% do total. Este elevado nivel de coñecemento declarado é necesario contrastalo coas respostas obtidas sobre o coñecemento da organización formal da prevención na empresa ao principio deste capítulo.


GRÁFICO 24. NIVEL DE INFORMACIÓN ACADADO



- Ben informado 49,31%
- Moi ben informado 35,76%
- Non moi ben informado 9,34%
- Nada ben informado 2,95%
- NS/NC 2,64%

Ao separar as respostas dadas por homes e mulleres, non se aprecia unha diferenza importante: o nivel de información en prevención de riscos laborais é independente do sexo do traballador, tal e como se pode ver no gráfico 25.

GRÁFICO 25. NIVEL DE INFORMACIÓN ACADADO SEGUNDO O SEXO




Na táboa 20 segméntanse as respostas en función dos tramos de idade do persoal empregado. Os resultados non permiten establecer que o nivel de información dependa dos tramos de idade, aínda que nos tramos de 45 a 54 e especialmente no dos traballadores máis novos (de 18 a 24) os resultados son lixeiramente inferiores á media.


NIVEL DE INFORMACIÓN ACADADO	TOTAL	TRAMOS DE IDADE					
		De 18 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 64	65 ou máis
Moi ben informado	35,76%	29,60%	35,82%	37,74%	32,77%	40,79%	46,15%
Ben informado	49,31%	47,20%	48,97%	49,91%	50,42%	48,03%	38,46%
Non moi ben informado	9,34%	15,20%	9,03%	7,76%	10,36%	7,89%	15,38%
Nada ben informado	2,95%	3,20%	3,80%	2,12%	3,64%	1,32%	0,00%
NS/NC	2,64%	4,80%	2,38%	2,47%	2,80%	1,97%	0,00%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

TÁBOA 20. NIVEL DE INFORMACIÓN ACADADO POR TRAMOS DE IDADE

No gráfico 26 faise a segregación por provincias das respostas sobre o nivel de información en prevención de riscos dos entrevistados. Aprécianse diferenzas provinciais; cómpre salientar que en Ourense é maioritaria a resposta de “moi ben informado” a diferenza das demais provincias, nas que a resposta maioritaria é a de “ben informado”. Se obviasmos a diferenza de matiz entre “moi ben informado” e “ben informado” e se suman ambas as dúas respostas, Pontevedra presenta resultados lixeiramente peores ca as demais.



Como no caso anterior, as diferenzas que se observan no gráfico 27, que representa o nivel de información por sector, son debidas principalmente á discriminación entre “moi ben” e “ben informado”. Agrupando as dúas respostas, o sector dos servizos obtén uns resultados lixeiramente inferiores.




En canto ao nivel de información do persoal empregado en función da súa ocupación, que se amosa na táboa 21, de novo non se aprecian diferenzas significativas máis que a de matiz na valoración entre “ben” ou “moi ben”. As décimas de variación nas porcentaxes totais, veñen dadas polos enquisados que non indicaron a súa ocupación ou porque a resposta non se considerou válida.

NIVEL DE INFORMACIÓN ACADADO	TOTAL	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
		Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Moi ben informado	35,50%	35,78%	46,39%	34,52%	36,53%	32,88%	36,82%	29,70%	25,87%
Ben informado	48,95%	46,08%	39,76%	48,48%	51,60%	47,95%	50,00%	51,49%	52,45%
Non moi ben informado	9,74%	9,31%	10,24%	8,88%	7,31%	10,96%	10,00%	12,87%	16,78%
Nada ben informado	3,08%	3,92%	1,81%	4,57%	2,28%	5,48%	1,82%	1,98%	3,50%
NS/NC	2,74%	4,90%	1,81%	3,55%	2,28%	2,74%	1,36%	3,96%	1,40%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%


TÁBOA 21. NIVEL DE INFORMACIÓN ACADADO POR OCUPACIÓN

Os que afirman que recibiron formación ou información nos dous últimos anos son un 61,76% do total dos enquisados. Esta porcentaxe resulta bastante inferior á dos traballadores que se declaran “ben informados” ou “moi ben informados”, aproximadamente o 85%. Aínda que estes resultados son compatibles entre si, é recomendable consideralos xuntamente cos obtidos nas preguntas sobre a organización formal da empresa.

GRÁFICO 28. FORMACIÓN OU INFORMACIÓN SOBRE OS RISCOS NO SEU TRABALLO NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS



O gráfico 29 proporciona as respostas en función dos tramos de idade. A gráfica presenta o seu valor máis alto no tramo de 35 a 44 anos, descendendo nos dous extremos de idade considerados.




Na táboa 22 móstranse os resultados en función da ocupación do persoal traballador. Destácanse nas cifras en vermello os resultados con valores inferiores á media obtida considerando o total das ocupacións. Os traballadores cualificados da agricultura e da pesca son os que recibiron menos formación ou información nestes dous últimos anos, mentres que os traballadores cualificados da industria, construción e minaría son os que máis.

NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS, RECIBIU FORMACIÓN OU INFORMACIÓN SOBRE OS RISCOS PARA A SÚA SAÚDE E SEGURIDADE RELACIONADOS CO SEU TRABALLO?		OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
TOTAL		Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si	61,65%	56,37%	63,25%	64,97%	60,27%	41,10%	70,5%	66,3%	56,6%
Non	34,25%	39,71%	34,94%	31,47%	35,62%	56,16%	25,5%	26,7%	37,8%
NS/NC	4,10%	3,92%	1,81%	3,55%	4,11%	2,74%	4,1%	6,9%	5,6%

TÁBOA 22. FORMACIÓN OU INFORMACIÓN SOBRE OS RISCOS NO SEU TRABALLO NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

No gráfico 30 pódense comprobar as respostas en función do sector de actividade. Os resultados teñen relación cos que se mostraron ao facelo en función da ocupación dos traballadores. Ao igual ca na táboa anterior, nos sectores da pesca e da agricultura os traballadores recibiron menos formación e información, mentres que nos da construción e a industria son nos que máis traballadores recibiron formación ou información nos últimos dous anos.

GRÁFICO 30. FORMACIÓN OU INFORMACIÓN SOBRE OS RISCOS NO SEU TRABAÑO NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE




Ao aumentar o nivel de detalle de sectores a estratos de actividade, salientáanse dous estratos dentro do sector servizos: “comercio e hostalaría” e “administración pública e educación”, con valores inferiores á media; estes xunto coa “agricultura” e a “pesca” resáltanse en cor na táboa 23.

NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS, RECIBIU FORMACIÓN OU INFORMACIÓN SOBRE OS RISCOS PARA A SÚA SAÚDE E SEGURIDADE RELACIONADOS CO SEU TRABALLO?	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufac- tureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comuni- cacións	Interme- diación financeira, actividades inmobiliarias e de aluga- mento	Adminis- tración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricul- tura, gandaría, caza	Pesca
Si	82,83%	66,99%	69,23%	82,18%	62,92%	76,33%	49,61%	65,98%	66,67%	56,17%	61,34%	48,33%	49,49%	53,13%
Non	15,15%	27,18%	30,77%	15,84%	34,83%	20,77%	45,74%	27,84%	29,90%	41,98%	32,77%	45,83%	45,45%	42,71%
NS/NC	2,02%	5,83%	0,00%	1,98%	2,25%	2,90%	4,65%	6,19%	3,43%	1,85%	5,88%	5,83%	5,05%	4,17%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

TÁBOA 23. FORMACIÓN OU INFORMACIÓN SOBRE OS RISCOS NO SEU TRABALLO NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

Ao considerar os resultados obtidos en función das catro provincias galegas, Pontevedra obtén os resultados máis baixos e os resultados de Lugo son inferiores á media, aínda que moi próximos a esta. É interesante comparar este gráfico co gráfico 18 no que se considera a realización de estudos ou avaliación dos riscos do posto de traballo por provincias.






5-(Condicións de seguridade)

Neste capítulo detállase a percepción que teñen os traballadores galegos dos riscos de accidente aos que están expostos no seu posto de traballo e as causas que cren que os orixinan.


Percepción da exposición a riscos de accidente

Do total dos traballadores enquisados, o 17,77% afirma que non está exposto a ningún risco de accidente no seu posto de traballo, e o 81,18% afirma que o está a un ou a máis riscos.


GRÁFICO 32. PERCEPCIÓN Á EXPOSICIÓN A RISCOS




No gráfico 33 desegreganse as respostas por sexo. A porcentaxe de mulleres que ten a percepción de non estar expostas a ningún risco de accidente no traballo (23,86%) é case o dobre ca a dos homes (12,6%). A porcentaxe de traballadores/as que non contestan á pregunta é moi baixa en ambos os dous sexos.




O gráfico 34 representa esta percepción por sectores de actividade. As porcentaxes non se axustan aos datos da sinistralidade real que se rexistra en Galicia. O sector servizos é o de menor incidencia de accidentes (a incidencia mide a relación entre o número de accidentes e o número de traballadores do sector correspondente) e no que menor percepción de estar exposto a riscos teñen os traballadores, pero nos sectores da construción e da industria, que son os de maior incidencia de accidentes, a percepción de exposición a riscos é inferior á dos traballadores dos sectores da pesca e da agricultura, cunha incidencia real de accidentes máis baixa.



No tocante á percepción de estar exposto a riscos de accidente no seu traballo, as porcentaxes son maiores nos traballadores manuais ca no persoal técnico ou administrativo, presentando estes últimos a porcentaxe máis baixa, co 65,48% como se pode ver no gráfico 35.



En canto á distribución das respostas por tramos de idade que se mostran no gráfico 36, os tramos de 25 a 34 e de 35 a 44 son o que presentan maior porcentaxe de traballadores que non perciben ningún risco no seu traballo.



Principais riscos de accidente no traballo

Na táboa 24 móstranse as respostas sobre os principais riscos aos que o traballador se considera exposto. Os valores danse en porcentaxe de respostas afirmativas sobre o total de traballadores enquisados. Pódense asociar varios riscos a un posto de traballo e por iso se permite elixir máis dun. Para resaltar tanto os principais riscos coma a diferenza de exposición a riscos en función do sexo, resaltáronse os valores que superan o 10%.

Os homes detectan un maior número de riscos de accidente no seu traballo: máis de 3,3 riscos de media, mentres que as mulleres non chegan de media a 2 riscos. Os catro máis citados en total foron: caídas de persoas ao mesmo nivel nun 45,09% dos casos; golpes nun 35,97%; cortes e picadas nun 35,23% e caída de persoas dende altura no 20,25%.

PRINCIPAIS RISCOS DE ACCIDENTE QUE EXISTEN NO DESENVOLVEMENTO DO SEU TRABALLO	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Caídas de persoas dende altura	20,25%	26,93%	12,87%
Caídas de persoas ao mesmo nivel	45,09%	48,44%	41,40%
Caídas de obxectos, materiais ou ferramentas	18,46%	25,63%	10,54%
Derrubamentos	4,43%	7,74%	0,78%
Cortes e picadas	35,23%	40,00%	29,97%
Golpes	35,97%	45,23%	25,75%
Atropelos, atrapamentos ou esmagamentos por vehículos	7,59%	12,06%	2,65%
Atrapamentos o esmagamentos con equipos ou maquinaria	7,91%	12,36%	3,00%
Proxección de partículas ou anacos de material	7,59%	13,27%	1,33%
Queimaduras (contacto con superficies quentes, con produtos químicos, etc.)	9,70%	11,96%	7,21%
Danos producidos por un exceso de exposición ao sol (queimaduras, insolación, golpe de calor)	3,16%	5,23%	0,89%
Incendios	4,17%	5,93%	2,22%
Explosións	3,59%	5,83%	1,11%
Danos producidos por animais (mordedelas, coces, picadas, picaduras de insectos, etc.)	4,32%	4,92%	3,66%
Contactos eléctricos (liñas de alta tensión, conexións, cables ou enchufes en mal estado)	6,86%	9,65%	3,77%
Sobreesforzos por manipulación manual de cargas	18,99%	23,42%	14,10%
Intoxicación por manipulación de produtos tóxicos	4,22%	5,23%	3,11%
Accidentes de tráfico	12,87%	19,20%	5,88%
Atracos, agresións físicas ou outros actos violentos	17,77%	14,77%	21,09%
Outros	0,90%	1,21%	0,55%
Ningún	17,77%	12,26%	23,86%
NC	1,05%	1,11%	1,00%

TÁBOA 24. PRINCIPAIS RISCOS DE ACCIDENTE NO SEU TRABALLO SEGUNDO O SEXO (RESPOSTA MÚLTIPLE)

A segmentación por tramos de idade non indica diferenzas significativas nos riscos aos que o traballador se considera exposto, as porcentaxes máis elevadas sinálanse en cor.

PRINCIPAIS RISCOS DE ACCIDENTE QUE EXISTEN NO DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO	IDADE POR TRAMOS					
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	65 ou máis
Caídas de persoas dende altura	16,00%	19,02%	18,52%	24,09%	29,61%	7,69%
Caídas de persoas ao mesmo nivel	40,00%	44,85%	45,33%	44,54%	54,61%	38,46%
Caídas de obxectos, materiais ou ferramentas	25,60%	19,18%	18,17%	19,05%	13,16%	15,38%
Desplomes ou derrubamentos	3,20%	3,80%	5,47%	5,04%	2,63%	0,00%
Cortes e picadas	40,80%	34,39%	30,34%	42,86%	38,82%	38,46%
Golpes	38,40%	34,87%	35,98%	38,94%	34,21%	38,46%
Atropelos, atrapamentos ou esmagamentos por vehículos	2,40%	7,45%	8,99%	8,40%	7,24%	7,69%
Atrapamentos o esmagamentos con equipos ou maquinaria	5,60%	8,08%	8,82%	7,56%	7,24%	7,69%
Proxección de partículas ou anacos de material	3,20%	7,13%	7,41%	8,68%	10,53%	7,69%
Queimaduras (contacto con superficies quentes, con produtos químicos, etc.)	13,60%	10,14%	8,82%	10,36%	9,87%	0,00%
Danos producidos por un exceso de exposición ao sol (queimaduras, insolación, golpe de calor)	4,80%	2,85%	4,23%	2,80%	1,32%	0,00%
Incendios	4,00%	5,55%	4,23%	2,80%	2,63%	0,00%
Explosións	0,80%	4,91%	3,00%	3,08%	4,61%	0,00%
Danos producidos por animais (mordedelas, coces, picadas, picaduras de insectos, etc.)	2,40%	3,65%	4,23%	5,60%	7,89%	0,00%
Contactos eléctricos (liñas de alta tensión, conexións, cables ou enchufes en mal estado)	4,80%	8,40%	7,23%	5,04%	5,92%	0,00%
Sobreesforzos por manipulación manual de cargas	18,40%	18,07%	17,81%	19,89%	23,68%	38,46%
Intoxicación por manipulación de produtos tóxicos	2,40%	4,44%	4,23%	5,04%	4,61%	0,00%
Accidentes de tráfico	4,80%	10,94%	16,40%	13,73%	13,82%	23,08%
Atracos, agresións físicas ou outros actos violentos	18,40%	17,75%	18,52%	16,81%	17,76%	23,08%
Outros	0,80%	0,63%	1,06%	0,84%	1,32%	7,69%
Ningún	13,60%	19,02%	19,22%	15,69%	9,87%	7,69%
NC	1,60%	1,11%	1,06%	0,84%	0,66%	0,00%

TÁBOA 25. PRINCIPAIS RISCOS DE ACCIDENTE NO SEU TRABALLO POR TRAMOS DE IDADE (RESPOSTA MÚLTIPLE)

Principais causas de riscos de accidente

Pedíuselle aos enquisados que se consideraban expostos a riscos de accidente que seleccionasen, dentro dun conxunto de posibles causas, aquelas 3 que crese eran as principais. Na táboa 26 móstranse os resultados obtidos, en total e en función do sexo do traballador. Ao contrario que no apartado anterior, no tocante ás causas sinaladas as diferenzas son pequenas: 2,06 causas de media nos homes e 1,82 causas para as mulleres. As indicadas como máis frecuentes son: distraccións, descoidos, despistes e falta de atención cun 78,36% do total, posturas forzadas e sobreesforzos co 26,58% , traballar moi rápido co 26,25% e o cansazo ou a fatiga para o 18,45%. Sinálanse en quinto lugar, a bastante distancia, as causas relacionadas co tráfico cun 6,04% do total, neste caso cunha diferenza importante entre homes e mulleres.

PRINCIPAIS CAUSAS DE RISCOS DE ACCIDENTE	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Por aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas	3,96%	5,57%	1,92%
Falta de espazo, de limpeza ou desorde	3,44%	3,36%	3,55%
Mantemento inadecuado ou deficiente	2,86%	3,36%	2,22%
Sinalización de seguridade inexistente ou deficiente	1,36%	2,32%	0,15%
Falta de proteccións das máquinas ou equipos, ou as que hai son deficientes	3,12%	4,99%	0,74%
Faltan os equipos de protección individual necesarios ou non son adecuados	2,60%	3,94%	0,89%
Equipos e ferramentas en mal estado	1,43%	1,86%	0,89%
Manipulación inadecuada de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	4,42%	4,87%	3,84%
O terreo ten gabias, noiros, desniveis, etc. que poden provocar envorcos ou caídas	4,16%	5,80%	2,07%
Utilización de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados	1,36%	1,86%	0,74%
Non se dispón da cualificación ou a experiencia necesarias	1,10%	1,16%	1,03%
Instrucións de traballo inexistentes ou inadecuadas	0,71%	0,93%	0,44%
Se traballa sen a información e formación suficiente sobre os riscos e as medidas preventivas	1,62%	2,09%	1,03%
Se traballa moi rápido	26,25%	29,58%	22,01%
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	78,36%	77,73%	79,17%
Por posturas forzadas ou realización de sobreesforzos	26,58%	26,10%	27,18%
Por cansazo ou fatiga	18,45%	15,66%	22,01%
Realización de tarefas inhabituais ou extraordinarias, avarías, incidentes	2,08%	2,67%	1,33%
Exceso de horas continuadas de traballo	3,83%	4,18%	3,40%
Incumprimento das instrucións de traballo	2,60%	3,13%	1,92%
Imprevisibilidade dos animais	1,69%	1,28%	2,22%
Causas relacionadas co tráfico	6,04%	8,00%	3,55%
Outra	1,17%	0,81%	1,62%
NS/NC	4,22%	3,71%	4,87%

TÁBOA 26. PRINCIPAIS CAUSAS DOS RISCOS DE ACCIDENTE NO TRABALLO (RESPOSTA MÚLTIPLE)

Ademais das causas principais xa sinaladas na táboa anterior, ao facer a segregación das respostas por sectores de actividade, aparecen outras con máis relevancia en sectores concretos. No sector agrícola, a manipulación inadecuada de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos, xunto coas irregularidades do terreo: gabias, noiros..., etc. son sinaladas polo 10,11% dos traballadores que indicaron estar expostos a riscos de accidente. Na pesca, o incumprimento das instrucións de traballo é indicado como causa no 9,09% dos casos, mentres que na construción o é a existencia de aberturas ou ocos desprotexidos e de escaleiras e plataformas en mal estado para o 12,43% dos traballadores.

PRINCIPAIS CAUSAS DE RISCOS DE ACCIDENTE	TOTAL	SECTOR				
		Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Por aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas en mal estado	3,96%	3,37%	5,68%	2,90%	12,43%	2,50%
Falta de espazo, de limpeza ou desorde	3,44%	4,49%	1,14%	2,61%	3,95%	3,81%
Mantemento inadecuado ou deficiente	2,86%	4,49%	5,68%	3,48%	6,21%	1,43%
Sinalización de seguridade inexistente ou deficiente	1,36%	1,12%	0,00%	2,03%	3,95%	0,71%
Falta de proteccións das máquinas ou equipos, ou as que hai son deficientes	3,12%	3,37%	3,41%	4,35%	6,78%	1,79%
Faltan os equipos de protección individual necesarios ou non son adecuados	2,60%	7,87%	2,27%	2,90%	6,21%	1,19%
Equipos e ferramentas en mal estado	1,43%	2,25%	0,00%	2,32%	3,39%	0,71%
Manipulación inadecuada de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	4,42%	10,11%	1,14%	4,93%	4,52%	3,93%
O terreo ten gabias, noiros, desniveis, etc. que poden provocar envorcos ou caídas	4,16%	10,11%	6,82%	4,93%	7,34%	2,26%
Utilización de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados	1,36%	2,25%	1,14%	2,32%	3,39%	0,48%
Non se dispón da cualificación ou a experiencia necesarias	1,10%	0,00%	0,00%	2,03%	2,26%	0,71%
Instrucións de traballo inexistentes ou inadecuadas	0,71%	1,12%	0,00%	0,87%	1,69%	0,48%
Trabállase sen a información e formación suficiente sobre os riscos e as medidas preventivas	1,62%	0,00%	1,14%	2,61%	2,82%	1,19%
Trabállase moi rápido	26,25%	30,34%	37,50%	25,22%	23,73%	25,60%
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	78,36%	78,65%	87,50%	79,42%	77,40%	77,14%
Por posturas forzadas ou realización de sobreesforzos	26,58%	38,20%	43,18%	32,46%	15,25%	23,57%
Por cansazo ou fatiga	18,45%	10,11%	15,91%	21,45%	11,86%	19,76%
Realización de tarefas inhabituais ou extraordinarias, avarías, incidentes	2,08%	1,12%	5,68%	4,06%	1,13%	1,19%
Exceso de horas continuadas de traballo	3,83%	3,37%	2,27%	4,35%	2,26%	4,17%
Incumprimento das instrucións de traballo	2,60%	1,12%	9,09%	3,77%	5,65%	0,95%
Imprevisibilidade dos animais	1,69%	7,87%	2,27%	0,00%	0,00%	2,02%
Causas relacionadas co tráfico	6,04%	5,62%	2,27%	3,77%	8,47%	6,90%
Outra	1,17%	2,25%	2,27%	0,58%	0,00%	1,43%
NS/NC	4,22%	3,37%	2,27%	4,35%	3,95%	4,52%

TÁBOA 27. PRINCIPAIS CAUSAS DOS RISCOS DE ACCIDENTE NO TRABALLO POR SECTOR (RESPOSTA MÚLTIPLE)




6-(Condicións ambientais)


Ambiente térmico

A maioría dos traballadores realiza o seu traballo en locais pechados (46,57%) ou semipechados (34,86%). As distribucións porcentuais dos traballadores por tipo de lugar de traballo pódense ver no gráfico 37.

GRÁFICO 37. DISTRIBUCIÓN DOS TRABALLADORES POR TIPOS DE LUGAR DE TRABALLO




O gráfico 38 mostra a distribución dos traballadores segundo o seu sexo nos distintos tipos de lugares de traballo. A maioría das mulleres traballa en lugares pechados (56,49%) e semi-pechados (36,96%). Os homes traballan tamén maioritariamente en lugares pechados (37,59%) e semi-pechados (32,96%) pero desenvolven tamén actividades noutros lugares diversos, de xeito que nos traballos ao aire libre ou en vehículo as porcentaxes dos homes quintuplican ás das mulleres.



A valoración xeral que fan os traballadores da temperatura do seu posto de traballo no verán e no inverno fíxose considerando aqueles traballadores que non realizan a súa actividade ao aire libre, xa que neste último caso depende exclusivamente das circunstancias atmosféricas.

O 77,52% considera comfortable a temperatura no verán tal e como se reflicte no gráfico 39.

GRÁFICO 39. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DA TEMPERATURA DO SEU POSTO DE TRABALLO NO VERÁN




Na táboa 28 móstranse os datos relativos á valoración da temperatura do posto de traballo no verán por tramos de idade e por sexos. Aínda que non se poden extraer conclusións das diferenzas en función da idade, si se aprecia unha diferente valoración por sexos: un 82,37% das mulleres considéranla confortable fronte a un 71,71% dos homes.


COMO CONSIDERA A TEMPERATURA DO SEU POSTO DE TRABALLO NO VERÁN?	TRAMOS DE IDADE						
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	65 ou máis	Total
Confortable	60,00%	74,35%	69,96%	68,24%	80,49%	88,89%	71,71%
Inconfortable por frío	5,00%	0,43%	2,88%	0,59%	2,44%	0,00%	1,68%
Inconfortable por calor	25,00%	23,48%	25,10%	30,00%	17,07%	0,00%	24,55%
Non procede	10,00%	1,74%	0,82%	0,59%	0,00%	0,00%	1,42%
NC	0,00%	0,00%	1,23%	0,59%	0,00%	11,11%	0,65%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Confortable	83,82%	85,42%	79,84%	79,10%	84,09%	33,33%	82,37%
Inconfortable por frío	0,00%	0,87%	0,79%	0,75%	2,27%	33,33%	0,95%
Inconfortable por calor	8,82%	12,24%	15,81%	17,16%	13,64%	33,33%	13,96%
Non procede	4,41%	0,58%	2,37%	2,24%	0,00%	0,00%	1,66%
NC	2,94%	0,87%	1,19%	0,75%	0,00%	0,00%	1,07%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

TÁBOA 28. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DA TEMPERATURA DO SEU POSTO DE TRABALLO NO VERÁN POR TRAMOS DE IDADE

A valoración por sectores de actividade pódese observar no gráfico 40. Aínda que a mellor valoración por parte do sector servizos era de esperar, xa que a maioría das actividades neste sector se realizan en locais pechados, a valoración positiva do sector agrario en canto á temperatura de traballo ten sentido se se ten en conta que só se consideraron as empresas deste sector que non traballan ao aire libre.



En canto á valoración que lles merece aos traballadores a temperatura en inverno do seu lugar de traballo, hai que sinalar que o nivel de confort diminúe en relación co verán, considéranla comfortable o 71,03%.




Tal e como se fixo coa valoración da temperatura no verán, na táboa 29 reflíctese a valoración da temperatura no inverno por tramos de idade e por sexos. Ao igual ca no caso anterior, non se poden obter conclusións das respostas obtidas en función dos tramos de idade pero de novo a porcentaxe de mulleres que encontran a temperatura comfortable no inverno é maior cá dos homes.

COMO CONSIDERA A TEMPERATURA DO SEU POSTO DE TRABALLO EN INVERNO?	TRAMOS DE IDADE							
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	65 ou máis	Total	
Comfortable	72,50%	66,52%	63,79%	60,00%	73,17%	77,78%	65,37%	Homes
Inconfortable por frío	25,00%	30,00%	32,92%	37,06%	25,61%	11,11%	31,52%	
Inconfortable por calor	0,00%	2,17%	1,65%	1,18%	1,22%	0,00%	1,55%	
Non procede	2,50%	1,30%	0,41%	0,59%	0,00%	0,00%	0,78%	
NC	0,00%	0,00%	1,23%	1,18%	0,00%	11,11%	0,78%	
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	Mulleres
Comfortable	82,35%	78,72%	72,73%	74,63%	70,45%	33,33%	75,98%	
Inconfortable por frío	11,76%	18,95%	22,53%	22,39%	29,55%	66,67%	20,71%	
Inconfortable por calor	1,47%	1,75%	2,77%	2,24%	0,00%	0,00%	2,01%	
Non procede	1,47%	0,00%	1,58%	0,75%	0,00%	0,00%	0,71%	
NC	2,94%	0,58%	0,40%	0,00%	0,00%	0,00%	0,59%	
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	


TÁBOA 29. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DA TEMPERATURA DO SEU POSTO DE TRABALLO NO INVERNO POR TRAMOS DE IDADE

Aínda que a valoración da temperatura no inverno como confortable diminúe en todos os sectores en relación co verán, como se pode comprobar no gráfico 42, cun descenso bastante notable no sector pesqueiro, tamén se repite a mellor valoración da esperada (o 62% considera a temperatura confortable) no sector agrícola, con porcentaxes moi similares ás obtidas na industria (61,88% considera a temperatura confortable). De novo hai que incidir en que só se consideraron os traballadores do sector agrícola que non traballan ao aire libre.



O 74,63% dos traballadores considera adecuado o nivel de humidade no seu posto de traballo. Esta porcentaxe sitúase nun nivel intermedio entre as porcentaxes de traballadores satisfeitos cos valores de temperatura no verán e no inverno. As distintas valoracións sobre o nivel de humidade no posto de traballo represéntanse no gráfico 43.

Esta pregunta fíxoselles a todos os traballadores incluíndo os que traballan ao aire libre.



Na táboa 30 móstranse os datos da valoración da humidade no posto de traballo por tramos de idade e por sexos. Igual ca nos anteriores gráficos e táboas relativos ao ambiente térmico, as mulleres teñen unha mellor valoración en xeral ca os homes das condicións de humidade do seu lugar de traballo: un 81,51% das mulleres fronte a un 68,42% dos homes. Nas mulleres esta mellor valoración en canto á humidade ambiental tende a diminuír coa idade.

COMO CONSIDERA QUE É O SEU POSTO DE TRABALLO NO RELATIVO Á HUMIDADE?	TRAMOS DE IDADE						
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	65 ou máis	Total
Moi húmido	28,57%	25,53%	29,14%	32,24%	20,95%	0,00%	27,55%
Moi seco	1,79%	1,06%	1,99%	1,40%	1,90%	0,00%	1,55%
En xeral é axeitado	66,07%	70,21%	66,89%	64,95%	73,33%	100%	68,42%
NC	3,57%	3,19%	1,99%	1,40%	3,81%	0,00%	2,48%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Moi húmido	5,80%	12,32%	15,85%	16,08%	27,66%	33,33%	14,38%
Moi seco	5,80%	1,15%	2,64%	0,70%	2,13%	0,00%	1,94%
En xeral é axeitado	86,96%	84,81%	78,87%	79,72%	70,21%	66,67%	81,51%
NC	1,45%	1,72%	2,64%	3,50%	0,00%	0,00%	2,17%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%

TÁBOA 30. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DA HUMIDADE DO SEU POSTO DE TRABALLO POR TRAMOS DE IDADE

Ao ordenar os sectores en función da valoración da humidade no posto de traballo, o dos servizos é de novo o sector con mellor valoración, xa que o 84,39% dos traballadores a considera axeitada. No outro extremo, no sector da pesca o ambiente considérase moi húmido no 76,04% dos casos. O da agricultura responde ao que cabería esperar nun sector que realiza maioritariamente as súas actividades ao aire libre e de feito, despois da pesca, presenta a máis baixa valoración (só o 49,49% dos traballadores a considera axeitada).




GRÁFICO 44. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DA HUMIDADE DO SEU POSTO DE TRABALLO POR SECTOR

Se se considera a valoración da humidade no posto de traballo nos diferentes estratos de actividade considerados para cada sector, o valor máis baixo dentro do sector da industria corresponde á industria extractiva, no que o 66,67% a consideran axeitada, fronte a unha porcentaxe do 73,58% no total do sector. Dentro do sector servizos, a porcentaxe máis baixa de traballadores satisfeitos, o 73,33%, corresponde ao “estrato doutras actividades sociais e persoais”, cunha media do sector do 84,39%. Estes valores pódense observar na táboa 31.


COMO CONSIDERA QUE É O SEU POSTO DE TRABALLO NO RELATIVO Á HUMIDADE?	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufacturera	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandería, caza	Pesca
Moi húmido	29,29%	14,56%	23,08%	22,77%	19,10%	33,33%	11,89%	11,34%	9,31%	9,26%	7,56%	20,83%	50,51%	76,04%
Moi seco	2,02%	1,94%	0,00%	1,98%	1,12%	0,00%	2,07%	2,06%	2,94%	3,09%	1,68%	0,83%	0,00%	1,04%
En xeral é axeitado	66,67%	79,61%	69,23%	70,30%	78,65%	62,32%	84,50%	85,57%	85,78%	85,80%	89,92%	73,33%	49,49%	20,83%
NC	2,02%	3,88%	7,69%	4,95%	1,12%	4,35%	1,55%	1,03%	1,96%	1,85%	0,84%	5,00%	0,00%	2,08%

TÁBOA 31. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DA HUMIDADE DO SEU POSTO DE TRABALLO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

Axentes físicos

A porcentaxe total de traballadores que percibe o nivel de ruído no seu posto de traballo como moi baixo é do 65,77%; mentres que a porcentaxe dos que o valoran de “molesto” é do 24,31%. Estes datos representáanse no gráfico 45.

GRÁFICO 45. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DO NIVEL DE RUÍDO NO SEU POSTO DE TRABALLO



Se se consideran as respostas por sexo e por tramos de idade, non se observan diferenzas significativas en relación coa idade, pero si en canto ao sexo. Os valores de percepción dos niveis de ruído máis altos (“molesto”, “elevado” e “moi elevado”) son significativamente maiores nos homes ca nas mulleres. Estes resultados móstranse na táboa 32.

Tendo en conta que en determinados sectores de actividade predomina o sexo feminino, por exemplo no sector servizos, será útil comparar a percepción dos traballadores en función da actividade da súa empresa.

NIVEL DE RUÍDO NO SEU POSTO DE TRABALLO	TRAMOS DE IDADE						Total	Homes
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64	65 ou máis		
Moi baixo, case non hai ruído	41,07%	54,61%	56,95%	57,48%	63,81%	60,00%	56,24%	
Non moi elevado pero é molesto	41,07%	28,37%	29,14%	30,84%	29,52%	30,00%	30,03%	
Existe ruído de nivel elevado	10,71%	11,35%	10,60%	9,81%	2,86%	0,00%	9,70%	
Existe ruído de nivel moi elevado	5,36%	3,55%	2,65%	1,40%	3,81%	0,00%	2,89%	
NC	1,79%	2,13%	0,66%	0,47%	0,00%	10,00%	1,14%	
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	
Moi baixo, case non hai ruído	75,36%	78,22%	76,60%	71,33%	76,60%	66,67%	76,26%	Mulleres
Non moi elevado pero é molesto	14,49%	16,62%	17,74%	23,78%	21,28%	33,33%	18,26%	
Existe ruído de nivel elevado	8,70%	3,44%	3,02%	1,40%	2,13%	0,00%	3,31%	
Existe ruído de nivel moi elevado	0,00%	0,29%	0,38%	2,10%	0,00%	0,00%	0,57%	
NC	1,45%	1,43%	2,26%	1,40%	0,00%	0,00%	1,60%	
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%	

TÁBOA 32. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DO NIVEL DE RUÍDO NO SEU POSTO DE TRABALLO POR SEXO E TRAMOS DE IDADE

Na táboa 33 detállase a valoración do ruído no posto de traballo nos diferentes estratos de actividade. Saliéntanse en cor vermello aqueles estratos que superan a media nos niveis de “molesto” ou superior. No sector industrial, agás a industria química, todos superan a media e as porcentaxes acadadas son particularmente elevadas nas industrias extractivas e no metal. A construción tamén aparece como un sector ruidoso, con porcentaxes de traballadores que consideran o nivel de ruído como “molesto” e “elevado” e “moi elevado” semellantes ás máis altas obtidas nos estratos pertencentes ao sector da industria. Os diferentes estratos do sector servizos están en niveis por debaixo da media, agás na apreciación de “moi elevado” no transporte e comunicacións e noutras actividades sociais e persoais. Na agricultura só se supera lixeiramente a media no nivel de “molesto”. A pesca é outro sector ruidoso en comparación coa media, cunha apreciación do nivel de “elevado”, superior á construción e ao nivel acadado por varios estratos da industria.

NIVEL DE RUÍDO NO SEU POSTO DE TRABALLO	TOTAL	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
		Industria extractiva	Industria manufacturera	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandería, caza	Pesca
Moi baixo, case non hai ruído	65,77%	31,31%	47,57%	84,62%	42,57%	57,30%	49,28%	76,74%	71,13%	83,82%	72,22%	85,71%	66,67%	69,70%	57,29%
Non moi elevado pero é molesto	24,31%	31,31%	38,83%	7,69%	41,58%	33,71%	34,78%	17,83%	23,71%	11,76%	20,99%	12,61%	23,33%	25,25%	28,13%
Existe ruído de nivel elevado	6,65%	32,32%	10,68%	7,69%	10,89%	6,74%	8,70%	3,10%	1,03%	2,45%	4,94%	0,00%	4,17%	5,05%	11,46%
Existe ruído de nivel moi elevado	1,85%	4,04%	0,97%	0,00%	4,95%	2,25%	4,83%	0,52%	3,09%	0,00%	0,62%	0,84%	3,33%	0,00%	2,08%
NC	1,42%	1,01%	1,94%	0,00%	0,00%	0,00%	2,42%	1,81%	1,03%	1,96%	1,23%	0,84%	2,50%	0,00%	1,04%

TÁBOA 33. VALORACIÓN DOS TRABALLADORES DO NIVEL DE RUÍDO NO SEU POSTO DE TRABALLO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

Nos gráficos 46 e 47 móstranse as porcentaxes de traballadores sometidos a vibracións producidas por máquinas, ferramentas, vehículos, motores... Aproximadamente un 85% non percibe vibracións no seu posto de traballo. As porcentaxes de traballadores varóns que perciben vibracións tanto en man ou brazo coma no corpo enteiro son significativamente superiores ás das mulleres.

GRÁFICO 46. VIBRACIÓNS PERCIBIDAS NO POSTO DE TRABALLO





GRÁFICO 47. VIBRACIÓNS PERCIBIDAS NO POSTO DE TRABALLO SEGUNDO O SEXO




Na táboa 34 distribúense as respostas sobre a percepción de vibracións no posto de traballo segundo os distintos estratos de actividade, e sinálanse en cor os valores superiores á media. De forma similar ao que sucede co ruído, as vibracións son máis frecuentes no sector industrial e na construción. Dentro do sector servizos só o de “transporte e comunicacións” supera a media no tocante a vibracións de corpo enteiro e o de “outras actividades sociais e persoais” no relativo a man-brazo. A agricultura e a pesca tamén superan a media en ambos os tipos de vibracións, con valores lixeiramente máis altos no caso da agricultura.

VIBRACIÓNS PRODUCIDAS POR FERRAMENTAS MANUAIS, MÁQUINAS, VEHÍCULOS ETC., NO SEU POSTO DE TRABALLO		ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
		TOTAL	Industria extractiva	Industria manuf-actureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comuni-cacións	Interme-diación financeira, actividades inmobiliarias e de aluga-mento	Adminis-tración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricul-tura, gandaría, caza
Si, en man ou brazo	8,28%	20,20%	4,85%	0,00%	22,77%	15,73%	16,43%	2,58%	1,03%	0,98%	3,09%	5,88%	10,00%	13,13%	11,46%
Si, en corpo enteiro	5,96%	17,17%	7,77%	7,69%	8,91%	4,49%	7,73%	2,58%	8,25%	1,47%	1,85%	1,68%	2,50%	17,17%	12,50%
Non	84,86%	61,62%	86,41%	92,31%	67,33%	79,78%	73,43%	94,06%	88,66%	97,06%	95,06%	91,60%	86,67%	69,70%	75,00%
NS/NC	0,90%	1,01%	0,97%	0,00%	0,99%	0,00%	2,42%	0,78%	2,06%	0,49%	0,00%	0,84%	0,83%	0,00%	1,04%

TÁBOA 34. VIBRACIÓNS PERCIBIDAS NO POSTO DE TRABALLO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE SEGUNDO O SEXO

O gráfico 48 mostra a exposición a radiacións dos traballadores segregada por sexos. Hai unha maior porcentaxe de homes en relación coas mulleres expostos á luz ultravioleta, microondas e radiofrecuencias, mentres que a porcentaxe de mulleres expostas a raios X, a outras radiacións de uso médico e aos láseres é maior ca a dos homes.



Na táboa 35 móstranse as porcentaxes de traballadores expostos ás diferentes fontes de radiacións en función da actividade das empresas. Saliéntanse en cor aqueles valores que superan a media para cada fonte de radiación. Dentro do sector industrial, no estrato do metal é onde se concentra o maior número de traballadores expostos a radiacións, superándose amplamente a media en todas as fontes agás nos raios X. Na construción detéctase unha porcentaxe importante de traballadores expostos á luz ultravioleta, un 7,73%. Dentro do sector servizos, o estrato con maior porcentaxe de traballadores expostos é o de actividades sanitarias e veterinarias; as porcentaxes máis elevadas danse para os raios X e outras radiacións de uso médico, os láseres e a luz infravermella. O estrato de “outras actividades sociais e persoais” (no que están actividades como o saneamento público e actividades de radio e televisión) tamén presenta porcentaxes de traballadores expostos por enriba da media: o 4,17% expostos a microondas, o 3,33% a radiofrecuencias e o 4,17% a láseres. Na agricultura e gandería é destacable a porcentaxe de traballadores expostos a radiación ultravioleta (7,07%), claramente por enriba da media para esta fonte de radiación. Na pesca son as radiofrecuencias onde se detecta unha maior porcentaxe de traballadores expostos, o 3,13%, claramente por enriba do total.


EXPOSICIÓN A RADIACIÓNS ARTIFICIAIS NO TRABALLO		ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
		TOTAL	Industria extractiva	Industria manufactureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandería, caza
Láser	1,16%	0,00%	1,94%	0,00%	1,98%	1,12%	0,48%	0,26%	1,03%	1,47%	0,00%	5,04%	4,17%	0,00%	0,00%
Luz infravermella	1,11%	0,00%	0,00%	0,00%	3,96%	2,25%	0,97%	0,52%	3,09%	0,00%	0,00%	4,20%	1,67%	1,01%	0,00%
Raios X, γ , radioisótopos	2,32%	0,00%	0,00%	0,00%	1,98%	1,12%	0,97%	0,26%	0,00%	0,00%	0,62%	28,57%	2,50%	0,00%	0,00%
Radiofrecuencias	1,42%	0,00%	0,97%	0,00%	7,92%	0,00%	0,97%	1,29%	1,03%	1,47%	0,00%	0,00%	3,33%	0,00%	3,13%
Microondas	3,22%	1,01%	1,94%	0,00%	5,94%	4,49%	0,97%	5,43%	4,12%	2,94%	1,85%	3,36%	4,17%	0,00%	3,13%
Luz ultravioleta	4,01%	0,00%	4,85%	0,00%	17,82%	6,74%	7,73%	0,52%	2,06%	2,45%	1,23%	3,36%	3,33%	7,07%	5,21%

TÁBOA 35. EXPOSICIÓN A RADIACIÓNS ARTIFICIAIS POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

Axentes químicos


Do total dos traballadores enquisados o 18,04% afirma que manipula substancias ou preparados nocivos ou tóxicos. Considéranse como nocivos os que por inhalación, ingestión ou penetración cutánea poidan provocar efectos sobre a saúde tanto agudos coma crónicos, mesmo nalgúns casos podendo chegar a provocar a morte, e tóxicos cando pequenas cantidades da substancia ou preparado son suficientes para provocar estes mesmos efectos.

GRÁFICO 49. MANIPULACIÓN DE SUBSTANCIAS OU PREPARADOS NOCIVOS OU TÓXICOS NO TRABAJO



No gráfico 50 represéntanse en función do sexo do traballador, as respostas sobre a manipulación destas substancias ou preparados. A porcentaxe dos homes que manipulan estes produtos é do 20,70%, significativamente superior á das mulleres, o 15,09%.

GRÁFICO 50. MANIPULACIÓN DE SUBSTANCIAS OU PREPARADOS NO TRABAJO POR SEXO




Ao considerar estas respostas en función do estrato de actividade das empresas obtéñense os resultados da táboa 36. No sector agrario alcánzase a maior porcentaxe de traballadores, co 51,52% dos enquisados; débese ter en conta na valoración das respostas o uso habitual de produtos fitosanitarios e fertilizantes neste sector. No sector industrial o estrato con maior porcentaxe de traballadores afectados, tal e como era de esperar, é o da industria química co 46,15%; cómpre salientar, entre outros estratos do mesmo sector con porcentaxes superiores ao total, o do metal e o de “outras industrias”. Na construción a porcentaxe de manipulación destas substancias ou preparados supera lixeiramente a media co 20,77%. No sector servizos só o estrato das “actividades sanitarias e veterinarias” co 33,61% e o de “outras actividades sociais e persoais” co 35%, superan a porcentaxe media do 18,04% obtida para o total dos estratos. Na pesca danse as porcentaxes máis baixas de traballadores que manipulan estas substancias ou preparados.

NO SEU POSTO DE TRABALLO, MANIPULA SUBSTANCIAS OU PREPARADOS NOCIVOS OU TÓXICOS?	TOTAL	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
		Industria extractiva	Industria manufatureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandaría, caza	Pesca
Si	18,04%	16,16%	16,50%	46,15%	27,72%	25,84%	20,77%	12,14%	6,19%	4,90%	5,56%	33,61%	35,00%	51,52%	4,17%
Non	81,38%	83,84%	82,52%	53,85%	72,28%	73,03%	78,74%	87,60%	92,78%	94,61%	93,21%	65,55%	64,17%	47,47%	95,83%
NS/NC	0,58%	0,00%	0,97%	0,00%	0,00%	1,12%	0,48%	0,26%	1,03%	0,49%	1,23%	0,84%	0,83%	1,01%	0,00%

TÁBOA 36. MANIPULACIÓN DE SUBSTANCIAS OU PREPARADOS NO TRABALLO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

GRÁFICO 51. MANIPULACIÓN DE SUBSTANCIAS OU PREPARADOS NO TRABAHO POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

No gráfico 51, agrúpanse as respostas en función da ocupación dos traballadores; as maiores porcentaxes de exposición obsérvanse nos traballadores cualificados da agricultura e a industria, con 39,73% e 37,27%, respectivamente. A continuación están os traballadores non cualificados, co 22,38%, e aqueles que realizan a súa actividade nos servizos de restauración e persoais (cociñeiros, camareiros, auxiliares de enfermaría, perruqueiros..., etc).




Aos traballadores que utilizan estas substancias ou preparados preguntóusel se nos envases figuraba unha etiqueta informática dos perigos do seu uso. A porcentaxe dos que afirman que en todos os produtos que utilizaba figuraba unha etiqueta foi do 90,06%, sen que se observasen diferenzas importantes nas respostas dadas por homes e mulleres. Das respostas recollidas dedúcese que, polo menos nun 6% dos casos, un ou máis dos produtos que utilizan non leva a etiqueta preceptiva.

ESTAS SUBSTANCIAS OU PREPARADOS, LEVAN UNHA ETIQUETA INFORMANDO DO SEU PERIGO?	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Si, todos	90,06%	90,29%	89,71%
Si, algúns	4,97%	5,83%	3,68%
Practicamente ningún	1,17%	1,46%	0,74%
NS/NC	3,80%	2,43%	5,88%

TÁBOA 37. EMPREGO DE SUBSTANCIAS CON ETIQUETAXE

Tan importante como que os produtos químicos estean etiquetados (e que estas etiquetas teñen que cumprir certos requisitos), é que estas sexan comprensibles para os usuarios. Ao preguntárilles aos traballadores que manipulan estas substancias ou preparados se entendían a etiquetaxe , obtivéronse as respostas que se mostran no gráfico 52 e na táboa 38. Aínda que máis do 80% dos traballadores entenden doadamente as instrucións de uso dos produtos, unha porcentaxe superior ao 15% de homes e case ao 11% das mulleres experimenta dificultades para entendelas. Na táboa 38, móstranse as respostas en función das ocupacións dos traballadores. Nos instaladores de maquinaria e montadores, traballadores non cualificados e traballadores cualificados da agricultura e da industria, é onde se dan as porcentaxes máis elevadas de traballadores con dificultades de comprensión das etiquetas.



COMPREENSIÓN DA ETIQUETAXE DESTAS SUBSTANCIAS OU PREPARADOS	OCUPACIÓN DOS TRABALLADORES								
	Total	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais...	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Doadade entender	82,96%	86,36%	91,67%	88,24%	90,53%	75,00%	76,62%	64,29%	77,42%
Ás veces é complicada	13,83%	9,09%	4,17%	11,76%	7,37%	21,43%	16,88%	35,71%	22,58%
Complicada	0,96%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	3,57%	2,60%	0,00%	0,00%
NS/NC	2,25%	4,55%	4,17%	0,00%	2,11%	0,00%	3,90%	0,00%	0,00%

TÁBOA 38. COMPREENSIÓN DA INFORMACIÓN QUE CONTÉN A ETIQUETA SEGUNDO A OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Ao preguntarlles aos traballadores enquisados se no seu posto de traballo respiraban po, gases, fumes etc. nocivos ou tóxicos; o 20,25% do total responden afirmativamente. Se se diferencian as respostas obtidas segundo o seu sexo, a porcentaxe dos traballadores varóns (o 28,14%), supera en máis do dobre a porcentaxe das traballadoras (o 11,54%).

GRÁFICO 53. INHALACIÓN DE POS, FUMES, AEROSOIS, GASES OU VAPORES NOCIVOS OU TÓXICOS





GRÁFICO 54. INHALACIÓN DE POS, FUMES, AEROSOIS, GASES OU VAPORES NOCIVOS OU TÓXICOS SEGUNDO O SEXO



Considerando as respostas por estratos de actividade, existen notables diferenzas. Coa excepción das industrias manufactureiras cuxo valor é só lixeiramente inferior á media, os demais estratos industriais supéranos e alcázanse a maior porcentaxe nos traballadores das industrias extractivas co 47,47%. A construción tamén supera a media co 29,47%. Nos servizos, só o estrato “outras actividades sociais e persoais”, co 26,67%, presenta un valor por enriba da media (este estrato ten tamén unha maior porcentaxe de traballadores expostos a outros axentes e factores de riscos citados en bloques anteriores ca o resto do sector servizos). A pesca ten unha porcentaxe de exposición menor ca a media, non así o estrato da agricultura e gandería que presenta, co 46,46%, a segunda porcentaxe máis alta da táboa 39.

NO SEU POSTO DE TRABALLO, RESPIRA POS, FUMES, AEROSOIS, GASES OU VAPORES NOCIVOS OU TÓXICOS?	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufacturera	Industria química	Metal	Outras industrias	Construcción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandería, caza	Pesca
Si	47,47%	19,42%	30,77%	36,63%	28,09%	29,47%	12,92%	9,28%	4,90%	7,41%	15,13%	26,67%	46,46%	13,54%
Non	51,52%	79,61%	69,23%	61,39%	69,66%	68,60%	85,53%	88,66%	94,12%	90,12%	83,19%	71,67%	51,52%	86,46%
NS/NC	1,01%	0,97%	0,00%	1,98%	2,25%	1,93%	1,55%	2,06%	0,98%	2,47%	1,68%	1,67%	2,02%	0,00%

TÁBOA 39. INHALACIÓN DE POS, FUMES, AEROSOIS, GASES OU VAPORES NOCIVOS OU TÓXICOS POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

En canto á exposición a estes axentes en función da ocupación dos traballadores, na táboa 40 pódese observar unha clara diferenza entre as dúas metades da táboa: no lado esquerdo, os profesionais técnicos e administrativos, xunto con traballadores da hostalaría e servizos persoais, todos eles con valores por debaixo da media e no lado dereito da táboa, traballadores do sector primario e da industria, con valores amplamente por enriba, chegándose á porcentaxe máxima nos traballadores cualificados da agricultura e da pesca, co 50,68% (hai que ter en conta ademais que no sector da pesca a porcentaxe de exposición era moito menor ca na agricultura).

NO SEU POSTO DE TRABAJO, RESPIRA POS, FUMES, AEROSOIS, GASES OU VAPORES NOCIVOS OU TÓXICOS?	OCUPACIÓN DOS TRABALLADORES							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais...	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si	8,33%	10,24%	4,06%	18,72%	50,68%	47,73%	33,66%	31,47%
Non	88,73%	87,95%	94,67%	79,68%	49,32%	50,45%	64,36%	67,13%
NS/NC	2,94%	1,81%	1,27%	1,60%	0,00%	1,82%	1,98%	1,40%

TÁBOA 40. INHALACIÓN DE POS, FUMES, AEROSOIS, GASES OU VAPORES NOCIVOS OU TÓXICOS SEGUNDO A OCUPACIÓN DOS TRABALLADORES

Nas seguintes gráficas, 55 e 56, móstranse as porcentaxes obtidas ao preguntar aos traballadores se coñecían os efectos para a súa saúde derivados da manipulación ou respiración das substancias tóxicas presentes no seu traballo. Dentro dos traballadores enquisados que utilizan estas substancias, case o 80% di que coñece os seus efectos. Ao facer a agrupación das respostas en función do sexo do traballador, como se pode observar no gráfico 56, non se detectan diferenzas apreciables.

GRÁFICO 55. COÑECEMENTO DOS EFECTOS PREXUDICIAIS DE TRABALLAR CON ESTAS SUBSTANCIAS TÓXICAS





GRÁFICO 56. COÑECEMENTO DOS EFECTOS PREXUDICIAIS DE TRABALLAR CON ESTAS SUBSTANCIAS TÓXICAS, POR SEXO




As respostas obtidas en función da ocupación dos traballadores, tal e como se mostra na táboa 41, amosan diferenzas que son pouco significativas. A porcentaxe máis baixa de coñecemento dáse nos empregados de tipo administrativo, o 68,97% (na táboa 40 compróbase que son tamén o grupo coa menor porcentaxe de exposición). Noutra cor móstranse os resultados obtidos para operadores e montadores de instalacións e maquinaria, o 74,29% e traballadores non cualificados, o 71,67%; salientáanse estes grupos por ser dos que presentan maiores porcentaxes de traballadores expostos segundo a táboa anterior.

COÑECE VOSTEDE OS POSIBLES EFECTOS PREXUDICIAIS PARA A SÚA SAÚDE DA MANIPULACIÓN E/OU RESPIRACIÓN DESAS SUBSTANCIAS...?	OCUPACIÓN DOS TRABALLADORES							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais...	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si	82,76%	75,00%	68,97%	77,52%	85,71%	81,30%	74,29%	71,67%
Non	0,00%	0,00%	10,34%	10,08%	7,14%	12,20%	17,14%	11,67%
NS/NC	17,24%	25,00%	20,69%	12,40%	7,14%	6,50%	8,57%	16,67%

TÁBOA 41. COÑECEMENTO DOS EFECTOS PREXUDICIAIS DE TRABALLAR CON ESTAS SUBSTANCIAS TÓXICAS SEGUNDO A OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Preguntóuselles aos traballadores que manipulan ou respiran no seu traballo estas substancias nocivas ou tóxicas se foran informados pola empresa das medidas a adoptar para evitar posibles efectos prexudiciais sobre a súa saúde. Os resultados obtidos móstranse no gráfico 57 e na táboa 42. No primeiro, obsérvase que a porcentaxe de traballadores que di que non foi informado pola súa empresa a este respecto é do 90,84%, o que contrasta co elevado nivel de coñecemento do 77,99% que se plasmaba no gráfico 55.

GRÁFICO 57. INFORMACIÓN POLA EMPRESA DAS MEDIDAS QUE COMPRE ADOPTAR PARA PREVIR EFECTOS PREXUDICIAIS



■ Non 90,84%
 ■ Si 5,20%
 ■ NC 3,96%

Na táboa 42, móstranse os resultados á pregunta anterior pero distinguindo as respostas en función do sexo. Non se apreciaron diferenzas significativas entre as respostas dadas por homes e mulleres.


INFORMÁRONO NA SÚA EMPRESA DAS MEDIDAS QUE COMPRE ADOPTAR PARA PREVIR ESTES POSIBLES EFECTOS PREXUDICIAIS?	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Si	5,20%	4,55%	6,43%
Non	90,84%	90,53%	91,43%
NC	3,96%	4,92%	2,14%

TÁBOA 42. INFORMACIÓN POLA EMPRESA DAS MEDIDAS QUE COMPRE ADOPTAR PARA PREVIR EFECTOS PREXUDICIAIS POR SEXO

Axentes biolóxicos

O gráfico 58 reflicte as porcentaxes de traballadores que manexan materiais infecciosos. Só un 11% afirma que está en contacto con estes axentes (ben habitualmente ou de forma esporádica), polo que se pode afirmar que, aínda que é un risco que pode provocar graves consecuencias, non afecta a un número importante de traballadores.

GRÁFICO 58. CONTACTO DIRECTO CON MATERIAIS QUE POIDAN SER INFECCIOSOS




- Non 86,92%
- Si, de forma deliberada ou intencionada: laboratorios, traballo con animais... 6,75%
- Si, de xeito involuntario, habitual ou esporádico: actividade sanitaria, tratamento de residuos ou lixo... 4,54%
- NS/NC 1,79%

As porcentaxes de homes e mulleres que manexan materiais infecciosos no seu traballo son similares, tal como indica a táboa 43.

NO SEU TRABALLO, MANEXA OU TEN CONTACTO DIRECTO CON MATERIAIS QUE POIDAN SER INFECCIOSOS, TALES COMO REFUGALLOS, FLUÍDOS CORPORAIS, MATERIAIS DE LABORATORIO, ANIMAIS?	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Si, de forma deliberada ou intencionada: laboratorios, traballo con animais...	6,75%	6,93%	6,55%
Si, de xeito involuntario, habitual ou esporádico: actividade sanitaria, tratamento de residuos ou lixo...	4,54%	4,92%	4,11%
Non	86,92%	86,33%	87,57%
NS/NC	1,79%	1,81%	1,78%

TÁBOA 43. CONTACTO DIRECTO CON MATERIAIS QUE POIDAN SER INFECCIOSOS POR SEXO

O gráfico 59 representa o contacto con estes materiais infecciosos por sectores. O agrario é con diferenza o que concentra a maior porcentaxe de traballadores con contacto: 35,35% de forma habitual e 9,09% de forma esporádica. Cómpre salientar as porcentaxes obtidas nos traballadores do sector servizos, 5,33% con contacto habitual e 4,50% con contacto esporádico, non polas porcentaxes en si mesmas, senón polo importante tamaño do sector.



Na táboa 44 móstranse as porcentaxes por estrato de actividade dos traballadores que manexan materiais que poden ser infecciosos. Nela resáltanse en cor vermella as máis altas. Ademais das actividades do sector agrario, o seguinte corresponde ás actividades sanitarias e veterinarias, co 25,21% de contacto habitual e 23,53% de contacto esporádico, estrato este englobado dentro do sector servizos.

NO SEU TRABALLO, MANEXA OU TEN CONTACTO DIRECTO CON MATERIAIS QUE POIDAN SER INFECCIOSOS, TALES COMO REFUGALLOS, FLUÍDOS CORPORAIS, MATERIAIS DE LABORATORIO, ANIMAIS?	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufac- tureira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comuni- cacións	Interme- diación financeira, actividades inmobiliarias e de aluga- mento	Adminis- tración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricul- tura, gandaría, caza	Pesca
Si, de forma deliberada ou intencionada: laboratorios, traballo con animais...	7,07%	7,77%	15,38%	7,92%	3,37%	1,93%	3,88%	0,00%	0,98%	3,70%	25,21%	4,17%	35,35%	3,13%
Si, de xeito involuntario, habitual ou esporádico: actividade sanitaria, tratamento de residuos ou lixo...	3,03%	3,88%	7,69%	4,95%	3,37%	4,83%	2,07%	1,03%	1,47%	4,32%	23,53%	1,67%	9,09%	2,08%
Non	87,88%	85,44%	76,92%	85,15%	93,26%	91,30%	93,02%	97,94%	97,06%	90,12%	47,90%	89,17%	53,54%	92,71%
NS/NC	1,01%	1,94%	0,00%	1,98%	0,00%	0,48%	0,78%	1,03%	0,49%	1,85%	3,36%	3,33%	2,02%	1,04%

TÁBOA 44. CONTACTO DIRECTO CON MATERIAIS QUE POIDAN SER INFECCIOSOS POR ESTRATO DE ACTIVIDADE



7-(Deseño do posto e carga de traballo)


Postura de traballo

Preguntóuselles aos traballadores cales eran as tres posturas que máis frecuentemente adoptaban no seu traballo, indicándoas por orde. Na táboa 45, móstranse os resultados obtidos pola postura indicada en primeiro lugar e desagregando as respostas entre homes e mulleres. A máis frecuente é estar de pé andando frecuentemente, co 38,98% dos casos, seguida por estar sentado levantándose con frecuencia, co 20,73%, e de pé sen andar apenas co 17,67%, do total. A postura de sentado, sen levantarse case nunca, co 17,04%, é indicada como cuarta.

POSTURA DE TRABALLO MÁIS HABITUAL (MARCADA EN PRIMEIRO LUGAR)	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
De pé sen andar apenas	17,67%	16,78%	18,65%
De pé andando frecuentemente	38,98%	41,81%	35,85%
De pé cos xeonllos lixeiramente flexionados	0,32%	0,00%	0,67%
Sentado, sen levantarse case nunca	17,04%	13,27%	21,20%
Sentado, levantándose con frecuencia	20,73%	20,20%	21,31%
Agachado (coas costas dobradas)	3,27%	4,92%	1,44%
Axeonllado	0,53%	1,01%	0,00%
En crequenas	0,11%	0,20%	0,00%
Outra	0,32%	0,50%	0,11%
NC	1,05%	1,31%	0,78%

TÁBOA 45. POSTURA DE TRABALLO MÁIS HABITUAL (INDICADA EN PRIMEIRO LUGAR)

GRÁFICO 60. POSTURAS DE TRABALLO MÁIS HABITUAIS



A gráfica 60 amosa as respostas á mesma pregunta, pero tendo en conta as tres posturas indicadas por cada traballador. Ao tratarse dunha pregunta que permite máis dunha resposta por entrevistado, a suma das porcentaxes supera o 100%. As tres posturas de traballo máis frecuentemente adoptadas polos traballadores son as mesmas que se citaron anteriormente ao comentar a táboa 45, aínda que as porcentaxes que indican a frecuencia de adopción destas aumentan, así como as diferenzas entre estas tres e o resto. Así, o 55,22% dos traballadores realiza toda ou parte da súa xornada laboral de pé andando frecuentemente; o 40,19%, sentado, levantándose frecuentemente, e o 33,02%, de pé sen andar apenas.

Considerando estas respostas por sexos, obsérvanse diferenzas entre homes e mulleres en case todas as posturas de traballo mencionadas e salientáanse en cor aquelas nas que as diferenzas son máis importantes (as de cor máis intensa para as maiores diferenzas e menos intensa para diferenzas menos pronunciadas).

CAL É A SÚA POSTURA OU POSTURAS HABITUAIS DE TRABALLO?	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
De pé sen andar apenas	33,02%	32,16%	33,96%
De pé andando frecuentemente	55,22%	58,89%	51,17%
De pé cos xeonllos lixeiramente flexionados	6,38%	8,04%	4,55%
Sentado, sen levantarse case nunca	25,00%	20,70%	29,74%
Sentado, levantándose con frecuencia	40,19%	36,18%	44,62%
Agachado (coas costas dobradas)	14,66%	18,29%	10,65%
Axeonllado	5,43%	8,24%	2,33%
En crequenas	2,06%	2,71%	1,33%
Tombado	0,95%	1,61%	0,22%
Outra	0,69%	0,80%	0,55%
NC	1,05%	1,31%	0,78%

TÁBOA 46. POSTURAS DE TRABALLO MÁIS HABITUAIS POR SEXO

Parece lóxico pensar que as posturas de traballo varían en función da ocupación do traballador; os resultados que se mostran na táboa 47 están, en xeral, en concordancia con esta hipótese. A postura máis habitual en traballos manuais (agricultores e pescadores, artesáns, traballadores industriais...) e persoal de servizos (restauración, servizos persoais, vendedores) é “estar de pé, andando frecuentemente”, mentres que nos empregados administrativos, técnicos e profesións científicas e intelectuais a postura máis frecuente é a de “estar sentado, levantándose con frecuencia”.


CAL É A SÚA POSTURA OU POSTURAS HABITUAIS DE TRABALLO?	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais...	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
De pé sen andar apenas	36,27%	33,73%	21,07%	37,67%	39,73%	43,18%	37,62%	32,17%
De pé andando frecuentemente	42,65%	43,98%	26,65%	79,91%	67,12%	68,64%	38,61%	66,43%
De pé cos xeonllos lixeiramente flexionados	3,92%	3,61%	1,02%	4,57%	12,33%	20,00%	6,93%	13,29%
Sentado, sen levantarse case nunca	36,27%	42,77%	45,94%	5,71%	19,18%	5,45%	37,62%	13,99%
Sentado, levantándose con frecuencia	65,69%	56,63%	59,14%	30,82%	16,44%	15,45%	24,75%	13,99%
Agachado (coas costas dobradas)	5,39%	7,23%	4,57%	12,79%	58,90%	33,64%	14,85%	26,57%
Axeonllado	0,98%	1,20%	0,76%	3,88%	12,33%	20,45%	5,94%	10,49%
En crequenas	0,98%	0,60%	0,51%	1,37%	5,48%	6,36%	1,98%	4,90%
Tombado	0,49%	0,00%	0,25%	0,46%	1,37%	2,73%	3,96%	1,40%
Outra	0,98%	0,00%	0,00%	0,46%	1,37%	2,73%	0,00%	1,40%
NC	0,49%	1,20%	0,25%	0,91%	0,00%	0,45%	0,99%	4,20%

TÁBOA 47. POSTURAS DE TRABALLO MÁIS HABITUAIS POR OCUPACIÓN DO PERSOAL TRABALLADOR

Demandas física do posto de traballo

A realización dun traballo supón, en maior ou menor medida, certas esixencias físicas determinadas polas demandas do posto: levantar cargas, traballar en posturas incómodas, manter sempre unha mesma postura ou dispoñer de pouco espazo, entre outras. Para poder coñecer cales eran as demandas físicas máis frecuentes, formuláronse preguntas sobre 12 diferentes ás que debía responderse en función da súa frecuencia dende “sempre ou case sempre”, ata “nunca ou case nunca”. No gráfico 61 represéntanse as porcentaxes obtidas ao considerar unicamente as respostas correspondentes aos tres graos de frecuencia máis altos: “sempre ou case sempre”, “a miúdo” e “ás veces”. En termos xerais e tendo en conta que un traballo pode ter varios requirimentos físicos, destácanse dúas demandas sobre o resto: “realizar movementos repetidos de mans ou brazos” e “manter sempre a mesma postura”, que foron indicadas por máis do 50% dos traballadores cunha resposta de “a miúdo” ou “sempre ou case sempre”.

GRÁFICO 61. DEMANDAS FÍSICAS DO TRABALLO (RESPOSTA MÚLTIPLE)



Nas táboas seguintes móstranse máis detalles sobre as demandas físicas do traballo tendo só en conta as dúas respostas que indican maior frecuencia.

A táboa 48 recolle os resultados das 12 demandas físicas segundo o sexo do traballador. Destácanse con diferente cor aquelas celas cos valores máis elevados. Existen diferenzas entre homes e mulleres; cómpre salientar a demanda “manter unha mesma postura”, xa que a porcentaxe de homes que a soportan coa frecuencia de “sempre ou case sempre” é do 50,35% e nas mulleres do 57,71%; ou a demanda de “levantar ou mover cargas pesadas”; neste caso o 23,62% dos homes e o 13,43% das mulleres; tamén a de “realizar unha forza importante”, o 22,01% dos homes e o 11,21% das mulleres.

DEMANDAS FÍSICAS DO POSTO DE TRABALLO (CONSIDERANDO OS VALORES “SEMPRE OU CASE SEMPRE” E “A MIÚDO”)	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Adoptar posturas dolorosas ou fatigantes (agachado, en crequenas, axeonllado...)	19,41%	22,81%	15,65%
Levantar ou mover persoas	2,90%	2,31%	3,55%
Levantar ou mover cargas pesadas	18,78%	23,62%	13,43%
Realizar unha forza importante	16,88%	22,01%	11,21%
Manter unha mesma postura	53,85%	50,35%	57,71%
Realizar movementos repetitivos de mans ou brazos	58,86%	57,69%	60,16%
Dispor de moi pouco espazo para traballar con comodidade	12,92%	15,18%	10,43%
Ter que alcanzar estirando o brazo ferramentas ou obxectos de traballo situados moi altos ou moi baixos	10,34%	12,56%	7,88%
Traballar en zonas de moi difícil acceso para as mans	7,65%	11,56%	3,33%
Dispor dunha cadeira de traballo moi incómoda	6,38%	6,43%	6,33%
Iluminación inadecuada para o traballo que realiza	7,81%	9,05%	6,44%
Traballar sobre superficies inestables ou irregulares	10,23%	16,68%	3,11%

TÁBOA 48. DEMANDAS FÍSICAS DO TRABALLO SEGUNDO O SEXO

Na táboa 49 agrúpanse as respostas en función do estrato de actividade das empresas e destácanse en cor as celas que superan a media. Observando as columnas da táboa, que se corresponden cos diferentes estratos de actividade, pódese saber rapidamente cales son os de maior demanda física no traballo antes de entrar no detalle das porcentaxes. As actividades nas que máis traballadores declaran diferentes **demandas físicas** frecuentes no seu traballo son o da “industria extractiva” (englobada no sector da industria), o da “construción”, o de “outras actividades sociais e persoais” (pertencente ao sector servizos) e a “pesca” e “agricultura”. Cómpre salientar, entre as esixencias físicas máis frecuentemente demandadas nos diferentes estratos, que na “industria extractiva” o 72,73% dos traballadores realiza movementos repetitivos de mans ou brazos e o 66,67% debe manter unha mesma postura no seu traballo; na construción un 52,1% debe realizar movementos repetitivos de mans e brazos, o 50,4% ten que manter unha postura forzada (estes dous valores non superan a media), o 34,78%, debe realizar unha forza importante e o 32,37% adoptar posturas dolorosas ou fatigantes (estes dous valores si superan a media); en “outras actividades sociais e persoais”, o 64,17%, realiza movementos repetitivos de mans e brazos e o 56,67% ten que manter unha mesma postura; “na agricultura e afíns” e na “pesca” as maiores porcentaxes de traballadores concéntranse tamén nas dúas demandas físicas máis habituais: 71,72% e 69,79%, respectivamente, de traballadores que realizan movementos repetitivos de mans e brazos e 61,62% e 60,42%, respectivamente, de traballadores que deben manter unha mesma postura.

DEMANDAS FÍSICAS DO POSTO DE TRABALLO (CONSIDERANDO OS VALORES: SEMPRE OU CASE SEMPRE E A MIÚDO)	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufacturera	Industria química	Metal	Outras industrias	Construcción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandaría, caza	Pesca
Adoptar posturas dolorosas ou fatigantes (agachado, en crequenhas, axeonllado...)	21,21%	11,65%	23,08%	20,79%	14,61%	32,37%	15,25%	15,46%	7,35%	8,64%	20,17%	17,50%	39,39%	45,83%
Levantar ou mover persoas	3,03%	0,00%	0,00%	1,98%	0,00%	1,93%	0,26%	3,09%	0,00%	6,79%	17,65%	5,83%	3,03%	0,00%
Levantar ou mover cargas pesadas	39,39%	13,59%	15,38%	20,79%	7,87%	20,29%	22,74%	15,46%	2,94%	1,85%	18,49%	9,17%	41,41%	46,88%
Realizar unha forza importante	41,41%	20,39%	15,38%	36,63%	26,97%	34,78%	30,75%	15,46%	10,78%	17,28%	31,93%	20,00%	37,37%	31,25%
Manter unha mesma postura	66,67%	56,31%	76,92%	54,46%	43,82%	50,24%	43,67%	71,13%	62,25%	47,53%	50,42%	56,67%	61,62%	60,42%
Realizar movementos repetitivos de mans ou brazos	72,73%	66,99%	38,46%	55,45%	49,44%	52,17%	55,56%	65,98%	64,71%	43,83%	54,62%	64,17%	71,72%	69,79%
Dispor de moi pouco espazo para traballar con comodidade	36,36%	10,68%	0,00%	11,88%	16,85%	14,01%	10,34%	14,43%	7,84%	8,64%	9,24%	16,67%	5,05%	22,92%
Ter que alcanzar estirando o brazo ferramentas ou obxectos de traballo situados moi altos ou moi baixos	29,29%	5,83%	0,00%	14,85%	7,87%	14,49%	13,70%	6,19%	2,94%	3,70%	5,04%	6,67%	13,13%	11,46%
Traballar en zonas de moi difícil acceso para as mans	25,25%	3,88%	0,00%	19,80%	15,73%	13,04%	2,84%	4,12%	0,98%	1,85%	4,20%	6,67%	7,07%	15,63%
Dispor dunha cadeira de traballo moi incómoda	14,14%	4,85%	7,69%	4,95%	5,62%	4,83%	2,58%	11,34%	7,35%	9,26%	9,24%	5,00%	7,07%	6,25%
Iluminación inadecuada para o traballo que realiza	17,17%	6,80%	0,00%	10,89%	8,99%	12,08%	4,13%	6,19%	5,88%	5,56%	6,72%	10,83%	9,09%	7,29%
Traballar sobre superficies inestables ou irregulares	18,18%	4,85%	0,00%	9,90%	7,87%	20,77%	1,03%	9,28%	2,94%	1,23%	0,84%	7,50%	33,33%	48,96%

TÁBOA 49. DEMANDAS FÍSICAS DO TRABALLO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE


Na táboa 50 móstranse os mesmos resultados en función da ocupación do traballador. Saliéntanse de novo en cor vermella aqueles valores que superan as porcentaxes medias. Nas ocupacións que figuran ao lado esquerdo da táboa non é frecuente realizar un traballo que implique esixencia física (técnicos, administrativos e persoal de servizos como camareiros e vendedores), mentres que nas ocupacións que figuran ao lado dereito a esixencia física é máis habitual. En canto ás maiores porcentaxes de frecuencia en cada unha das ocupacións, estas corresponden, como podía esperarse, ás dúas demandas físicas máis frecuentes: “movementos repetitivos de mans ou brazos” e “manter unha mesma postura” e son, para cada unha das ocupacións, respectivamente: traballadores cualificados da agricultura e pesca, “86,30% e 73,97%”; artesáns e traballadores cualificados da industria, construción ou minaría, “65,91% e 54,09%”; operadores e montadores de maquinaria ou instalacións, “71,29% e 66,34%”; traballadores non cualificados, “70,63% e 62,24%”.

DEMANDAS FÍSICAS DO POSTO DE TRABAJO (CONSIDERANDO OS VALORES: SEMPRE OU CASE SEMPRE E A MIÚDO)	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Adoptar posturas dolorosas ou fatigantes (agachado, en crequenhas, axeonllado ...)	8,33%	12,05%	7,11%	14,61%	61,64%	42,73%	22,77%	36,36%
Levantar ou mover persoas	2,45%	4,82%	1,02%	4,34%	4,11%	1,36%	2,97%	3,50%
Levantar ou mover cargas pesadas	5,88%	7,83%	6,35%	18,72%	61,64%	34,55%	33,66%	34,27%
Realizar unha forza importante	12,75%	19,28%	13,71%	31,51%	39,73%	48,64%	39,60%	34,97%
Manter unha mesma postura	52,45%	53,61%	60,15%	45,21%	73,97%	54,09%	66,34%	62,24%
Realizar movementos repetitivos de mans ou brazos	44,61%	50,00%	62,44%	57,08%	86,30%	65,91%	71,29%	70,63%
Dispor de moi pouco espazo para traballar con comodidade	5,88%	7,23%	11,68%	9,82%	16,44%	26,82%	20,79%	20,98%
Ter que alcanzar estirando o brazo ferramentas ou obxectos de traballo situados moi altos ou moi baixos	4,41%	4,82%	5,08%	11,19%	17,81%	22,27%	11,88%	18,18%
Traballar en zonas de moi difícil acceso para as mans	2,94%	3,01%	1,27%	3,88%	17,81%	31,82%	5,94%	11,19%
Dispor dunha cadeira de traballo moi incómoda	6,86%	7,83%	7,61%	2,97%	6,85%	8,64%	9,90%	6,29%
Iluminación inadecuada para o traballo que realiza	5,39%	7,83%	6,85%	5,02%	12,33%	19,09%	9,90%	6,29%
Traballar sobre superficies inestables ou irregulares	4,41%	2,41%	2,03%	2,51%	65,75%	24,09%	22,77%	21,68%

TÁBOA 50. DEMANDAS FÍSICAS DO TRABAJO SEGUNDO A OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Molestias musculoesqueléticas

Co fin de coñecer cales eran as molestias que os traballadores consideraban orixinadas polo traballo, pediúselles que indicasen ata tres zonas do corpo nas que as sufrisen. No gráfico 62, móstranse as porcentaxes de resposta obtidas de homes e mulleres. As dúas partes do corpo citadas con máis frecuencia son as mesmas en ambos os sexos, aínda que en diferente medida: o 43,32% dos homes e o 38,96% das mulleres queíxanse de molestias no zona lumbar e o 48,50% das mulleres e o 34,57% dos homes da caluga ou no pescozo. Cómpre indicar tamén que só o 21,91% dos homes e o 15,43% das mulleres din que non teñen ningunha molestia.



Co fin de detectar diferenzas en función da distribución xeográfica agrupáronse as respostas por provincias. Segundo se pode apreciar na táboa 51, na provincia da Coruña supérase a media de traballadores que sofren molestias para máis partes do corpo (9 partes) e, ademais, é a provincia na que se dá a porcentaxe máxima de afectados (47,89% para a zona “zona lumbar”) e tamén na que a porcentaxe dos que non sofren molestia ningunha é menor (16,71%). Pontevedra revélase como a seguinte provincia na que menos traballadores non sofren molestia ningunha (18,29%, só lixeiramente por debaixo da media) e supera a media de afectados para 5 partes do corpo. En Lugo, o 22,75% declara que non sente molestia ningunha, supérase a media para 6 partes do corpo e danse as maiores porcentaxes de afectados para a zona “caluga/pescozo” (45,10%). Finalmente na provincia de Ourense é onde máis traballadores non experimentan molestia ningunha, supérase a media para 5 zonas do corpo diferentes e é na “zona lumbar” na que se dan as maiores porcentaxes da provincia (41,67% de afectados).

INDIQUE AS TRES PRINCIPAIS ZONAS DO SEU CORPO ONDE SINTA MOLESTIAS QUE VOSTEDE ACHAQUE A POSTURAS E ESFORZOS DERIVADOS DO SEU TRABALLO	TOTAL	PROVINCIA			
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Caluga/pescozo	41,19%	42,11%	45,10%	40,10%	39,04%
Ombreiro/s	16,61%	11,05%	15,69%	25,00%	20,75%
Brazo/s, antebrazo/s	15,77%	12,76%	19,61%	16,67%	17,42%
Cóbado/s	1,27%	1,97%	1,18%	0,52%	0,73%
Man/s, pulso/s, dedo/s	9,39%	10,92%	7,84%	6,25%	9,14%
Zona dorsal	21,52%	21,71%	21,57%	19,79%	21,77%
Zona lumbar	41,24%	47,89%	37,65%	41,67%	35,12%
Nádegas/cadeiras	3,59%	3,29%	7,45%	4,69%	2,18%
Coxas	1,53%	1,84%	2,75%	0,52%	1,02%
Xeonllos	5,75%	6,71%	6,67%	1,56%	5,52%
Pernas	19,78%	19,21%	18,43%	21,35%	20,46%
Pés/nocellos	8,28%	9,61%	3,53%	6,25%	9,14%
Outra	1,27%	1,84%	1,18%	0,52%	0,87%
Ningunha	18,83%	16,71%	22,75%	23,96%	18,29%
NS/NC	1,16%	0,53%	0,39%	3,65%	1,45%

TÁBOA 51. ZONAS DO CORPO CON MOLESTIAS MUSCULOESQUELÉTICAS SEGUNDO A PROVINCIA

Se no canto de agrupar por provincias o facemos por sector, obtéñense os resultados que se mostran na táboa 52. Obsérvanse diferenzas importantes entre sectores. A pesca supera a porcentaxe total en 9 das molestias, o 47,92% quéixase de molestias na zona “zona lumbar” e o 43,75% de molestias en “caluga/pescozo” (o valor máximo acadado para esta zona do corpo); neste sector, xunto co sector agrícola, son nos que menor porcentaxe declaran que non sofre molestia ningunha a causa do seu traballo. No sector agrario supérase a media de afectados para 7 partes do corpo e acádase o valor máximo de afectados, o 65,66%, na zona “zona lumbar”. Na construción supérase a media para 7 zonas do corpo e o 49,28% sofre tamén molestias na zona “zona lumbar”. No sector servizos supérase a media de afectados en 5 das partes do corpo e as máis frecuentemente indicadas son as de “caluga/pescozo” (42,24% dos casos). Nos traballadores da industria dáse a porcentaxe máis alta de traballadores que non se queixan de molestia musculoesquelética ningunha e só superan a media en 4 das zonas do corpo consideradas.

INDIQUE AS TRES PRINCIPAIS ZONAS DO SEU CORPO ONDE SINTA MOLESTIAS QUE VOSTEDE ACHAQUE A POSTURAS E ESFORZOS DERIVADOS DO SEU TRABALLO	SECTORES DE ACTIVIDADE				
	Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Caluga/pescozo	40,40%	43,75%	38,27%	40,58%	42,24%
Ombreiro/s	13,13%	14,58%	19,26%	14,01%	16,62%
Brazo/s, antebrazo/s	19,19%	33,33%	20,49%	15,94%	12,12%
Cóbado/s	0,00%	2,08%	1,23%	2,42%	1,10%
Man/s, pulso/s, dedo/s	5,05%	13,54%	8,89%	12,08%	9,09%
Zona dorsal	25,25%	15,63%	24,94%	20,77%	20,57%
Zona lumbar	65,66%	47,92%	39,51%	49,28%	37,56%
Nádegas/cadeiras	4,04%	8,33%	1,73%	1,93%	4,13%
Coxas	4,04%	7,29%	1,48%	0,97%	0,92%
Xeonllos	7,07%	11,46%	6,67%	10,14%	3,95%
Pernas	24,24%	15,63%	14,07%	9,66%	23,78%
Pés/nocellos	5,05%	8,33%	3,95%	5,31%	10,74%
Outra	0,00%	0,00%	0,74%	2,42%	1,47%
Ningunha	10,10%	11,46%	21,23%	20,77%	19,01%
NS/NC	2,02%	1,04%	1,23%	1,93%	0,92%

TÁBOA 52. ZONAS DO CORPO CON MOLESTIAS MUSCULOESQUELÉTICAS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Na táboa 53 móstranse os resultados que se obteñen se se ten en conta o estrato de actividade en lugar do sector; salientáanse en cor aqueles valores que superan a media. Podemos considerar a táboa dividida en dúas partes, tomando como eixe a actividade “comercio e hostalaría”: na parte da esquerda figuran aquelas actividades nas que menos traballadores experimentan molestias e na parte dereita as que máis. No tocante á actividade “comercio e hostalaría” acádanse as porcentaxes máis elevadas nas zonas “lumbar” e “caluga/pescozo” (en ambas con valores por debaixo da media) e nas “pernas” e “pés ou nocellos” as porcentaxes superan a media, co 34,63% e 18,35%, respectivamente.

Considerando as actividades do sector da industria, podemos salientar diferentes aspectos. Nos traballadores das industrias extractivas dáse o maior número de afectados por molestias na “zona lumbar”, 44,46%, porcentaxe seguida pola dos traballadores que sofre molestias na “caluga/pescozo”, o 40,40% (neste caso por debaixo da media), e pola dos que senten molestias nos “ombreiros” e “brazos e antebrazos”, co 31,31% en ambos os casos (valor por enriba da media). Na industria manufacteireira as molestias máis frecuentemente experimentadas danse na “zona lumbar” (38,83%) e na “caluga/pescozo” (33,98%); supérase a media, de afectados en 6 das partes do corpo consideradas.

En canto ás actividades da construción, as molestias máis frecuentes danse na “zona lumbar” (49,28%, valor por enriba da media). No tocante ao sector servizos, as actividades sanitarias superan a media en 10 partes do corpo e acadan as porcentaxes maiores de afectados nas zonas “lumbar” e “caluga/pescozo” (45,38% para ambas zonas); en “outras actividades sociais e persoais” supérase a media en 9 partes diferentes do corpo e os valores máis altos de afectados danse para “caluga/pescozo” (46,67%) e “zona lumbar” (39,17%, valor por debaixo da media).

INDIQUE AS TRES PRINCIPAIS ZONAS DO SEU CORPO ONDE SINTA MOLESTIAS QUE VOSTEDE ACHAQUE A POSTURAS E ESFORZOS DERIVADOS DO SEU TRABALLO	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufacteireira	Industria química	Metal	Outras industrias	Construción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandería, caza	Pesca
Caluga/pescozo	40,40%	33,98%	38,46%	39,60%	39,33%	40,58%	36,69%	44,33%	44,12%	46,30%	45,38%	46,67%	40,40%	43,75%
Ombreiro/s	31,31%	21,36%	15,38%	13,86%	10,11%	14,01%	12,66%	16,49%	17,16%	18,52%	26,05%	16,67%	13,13%	14,58%
Brazo/s, antebrazo/s	31,31%	18,45%	15,38%	16,83%	15,73%	15,94%	13,70%	8,25%	8,82%	7,41%	15,97%	18,33%	19,19%	33,33%
Cóbados	0,00%	2,91%	7,69%	0,00%	1,12%	2,42%	0,78%	0,00%	2,45%	1,85%	0,84%	0,00%	0,00%	2,08%
Man/s, pulso/s, dedo/s	2,02%	12,62%	15,38%	7,92%	12,36%	12,08%	7,75%	10,31%	8,33%	8,64%	10,92%	12,50%	5,05%	13,54%
Zona dorsal	22,22%	23,30%	38,46%	28,71%	23,60%	20,77%	18,09%	19,59%	17,65%	24,69%	21,85%	27,50%	25,25%	15,63%
Zona lumbar	46,46%	38,83%	53,85%	35,64%	34,83%	49,28%	35,40%	41,24%	43,63%	25,93%	45,38%	39,17%	65,66%	47,92%
Nádegas/cadeiras	3,03%	0,97%	0,00%	2,97%	0,00%	1,93%	2,58%	4,12%	6,86%	4,32%	4,20%	4,17%	4,04%	8,33%
Coxas	1,01%	2,91%	0,00%	1,98%	0,00%	0,97%	0,52%	2,06%	0,49%	1,85%	0,00%	1,67%	4,04%	7,29%
Xeonllos	4,04%	3,88%	7,69%	9,90%	8,99%	10,14%	4,39%	6,19%	0,98%	4,32%	3,36%	5,83%	7,07%	11,46%

INDIQUE AS TRES PRINCIPAIS ZONAS DO SEU CORPO ONDE SINTA MOLESTIAS QUE VOSTEDE ACHAQUE A POSTURAS E ESFORZOS DERIVADOS DO SEU TRABALLO	ESTRATOS DE ACTIVIDADE													
	Industria extractiva	Industria manufacturera	Industria química	Metal	Outras industrias	Construcción	Comercio, hostalaría	Transporte e comunicacións	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento	Administración pública e educación	Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	Outras actividades sociais e persoais	Agricultura, gandería, caza	Pesca
Pernas	8,08%	16,50%	7,69%	13,86%	19,10%	9,66%	34,63%	20,62%	12,25%	19,14%	21,85%	19,17%	24,24%	15,63%
Pés/nocellos	2,02%	1,94%	0,00%	6,93%	5,62%	5,31%	18,35%	12,37%	2,45%	6,79%	9,24%	5,83%	5,05%	8,33%
Outra	1,01%	0,00%	7,69%	0,99%	0,00%	2,42%	0,52%	3,09%	2,45%	1,23%	1,68%	1,67%	0,00%	0,00%
Ningunha	23,23%	21,36%	15,38%	17,82%	23,60%	20,77%	19,64%	16,49%	23,53%	17,90%	15,97%	15,83%	10,10%	11,46%
NS/NC	1,01%	0,97%	0,00%	0,99%	2,25%	1,93%	0,78%	2,06%	0,98%	1,23%	0,84%	0,00%	2,02%	1,04%

TÁBOA 53. ZONAS DO CORPO CON MOLESTIAS MUSCULOESQUELÉTICAS POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE

Na táboa 54 represéntanse as molestias en diferentes zonas do corpo en función de diferentes ocupacións. Entre os traballadores non manuais (técnicos e administrativos) son os técnicos e profesionais de apoio os que máis molestias musculoesqueléticas experimentan, xa que superan a media en 7 partes do corpo diferentes; a maior porcentaxe de afectados concéntrase na “caluga/pescozo” (44,58%) e na “zona lumbar” (42,77%). Os traballadores de servizos de restauración, persoais protección e vendedores, principalmente englobados na actividade “comercio e hostalaría”, presentan porcentaxes de afectados similares aos deste estrato de actividade (ver táboa 53); o maior número de afectados concéntrase nas molestias máis comúns (“zona lumbar” e “caluga/pescozo”) e porcentaxes importantes en “pernas”, 30,59%, e “pés/nocellos”, co 15,75%. Os traballadores que realizan actividades con máis contido físico presentan, como era de esperar, unhas porcentaxes de molestias musculoesqueléticas máis elevadas. Cómpre destacar que os traballadores cualificados da industria e da pesca sofren, no 61,64% dos casos, molestias na “zona lumbar” e que os artesáns e traballadores cualificados da industria, a construción e a minaría sofren, no 49,09% dos casos, molestias na “zona lumbar” e superan a media en 9 zonas do corpo. Os operadores de instalacións de maquinaria e montadores tamén presentan porcentaxes superiores á media en 9 molestias e as porcentaxes de molestias na “zona lumbar” e na “caluga/ pescozo” son do 53,47% e do 50,50%, respectivamente. Os traballadores non cualificados superan a media en 8 partes do corpo e as porcentaxes para a “zona lumbar e para a “caluga/pescozo” son do 44,76% de afectados.

INDIQUE AS TRES PRINCIPAIS ZONAS DO SEU CORPO ONDE SINTA MOLESTIAS QUE VOSTEDE ACHAQUE A POSTURAS E ESFORZOS DERIVADOS DO SEU TRABALLO	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Caluga/pescozo	44,61%	44,58%	44,42%	39,27%	38,36%	36,36%	50,50%	44,76%
Ombreiro/s	22,55%	20,48%	18,27%	14,38%	10,96%	18,64%	17,82%	15,38%
Brazo/s, antebrazo/s	7,35%	11,45%	10,41%	13,24%	32,88%	30,45%	20,79%	28,67%
Cóbado/s	0,98%	0,00%	1,52%	1,37%	1,37%	1,36%	1,98%	1,40%
Man/s, pulso/s, dedo/s	7,84%	10,24%	9,90%	7,76%	13,70%	11,82%	8,91%	13,99%
Zona dorsal	23,53%	24,70%	20,56%	21,23%	15,07%	23,18%	21,78%	21,68%
Zona lumbar	30,39%	42,77%	37,31%	40,18%	61,64%	49,09%	53,47%	44,76%
Nádegas/cadeiras	2,94%	4,22%	3,81%	3,65%	2,74%	1,36%	2,97%	7,69%
Coxas	0,49%	3,61%	0,25%	0,68%	6,85%	1,82%	5,94%	1,40%
Xeonllos	2,45%	3,01%	1,78%	3,88%	15,07%	13,64%	7,92%	13,99%
Pernas	15,69%	14,46%	12,18%	30,59%	34,25%	16,82%	17,82%	18,88%
Pés/nocellos	5,88%	7,23%	3,05%	15,75%	6,85%	7,27%	8,91%	5,59%
Outra	2,94%	1,20%	1,27%	1,14%	0,00%	1,82%	0,00%	0,70%
Ningunha	22,06%	15,06%	23,60%	17,35%	8,22%	16,36%	13,86%	11,89%
NS/NC	0,98%	0,60%	1,27%	1,37%	0,00%	0,45%	0,00%	2,80%

TÁBOA 54. ZONAS DO CORPO CON MOLESTIAS MUSCULOESQUELÉTICAS SEGUNDO A OCUPACIÓN DOS TRABALLADORES

LOCALIZACIÓN DE MOLESTIAS MUSCULOESQUELÉTICAS





GRÁFICO 63. LOCALIZACIÓN DE MOLESTIAS MUSCULOESQUELÉTICAS

Carga mental de traballo

Para comprobar a carga mental á que están sometidos os traballadores, escolléronse unha serie de factores relacionados con esta. No gráfico 64 móstranse as porcentaxes obtidas ao preguntar sobre estes factores, indicando soamente aqueles das categorías “sempre ou case sempre” e “a miúdo” ao entender que o relevante é a presenza destes, polo tanto as respostas das categorías “ás veces”, “raramente” e “nunca ou case nunca” non se mostran.

Ao considerar as porcentaxes de traballadores que responden “sempre ou case sempre” aos diferentes factores de carga mental e ordenalas de maior a menor, sitúase en primeiro lugar “tratar directamente con persoas alleas á empresa” (o 66,88%), seguido de “manter un nivel de atención alto ou moi alto” (o 54,48%); en terceiro lugar “traballar con ordenadores” (46,73%), e no cuarto e quinto “atender a varias tarefas ao mesmo tempo” (o 34,23%) e “realizar tarefas moi repetitivas e de moi curta duración” (28,69%). Esta orde mantense cando se suman as respostas de “a miúdo”, pero neste caso os dous primeiros factores emparéllanse con valores moi similares: 74,95% para “tratar con persoas alleas” e 74,64% para “manter un nivel de atención alto”.






Na seguinte táboa móstranse os resultados obtidos ao considerar os 5 factores máis frecuentes (os de porcentaxes máis altas á resposta “sempre ou case sempre” da gráfica anterior) en función do sexo. “Manter un nivel de atención moi alto” é un factor de carga mental do traballo máis frecuentemente indicado polos homes (un 56,08%) ca polas mulleres (un 52,72%). O resto, pola contra, son indicados máis frecuentemente polas mulleres e as diferenzas máis grandes danse no trato directo con persoas alleas á empresa, indicado por un 77,69% de mulleres e polo 57,09% dos homes.

FACTORES RELACIONADOS COA CARGA MENTAL DE TRABALLO (CATEGORÍA DE RESPOTA: SEMPRE OU CASE SEMPRE)	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Manter un nivel de atención alto ou moi alto	54,48%	56,08%	52,72%
Realizar tarefas moi repetitivas e de moi curta duración	28,69%	27,84%	29,63%
Atender a varias tarefas ao mesmo tempo	34,23%	32,26%	36,40%
Tratar directamente con persoas que non son empregados de onde vostede traballa: clientes, pasaxeiros, alumnos, pacientes etc.	66,88%	57,09%	77,69%
Traballar con ordenadores: PC, ordenadores en rede, ordenadores centrais etc.	46,73%	39,10%	55,16%

TÁBOA 55. FACTORES MÁIS FRECUENTES DE CARGA MENTAL DE TRABALLO SEGUNDO O SEXO (CATEGORÍA SEMPRE OU CASE SEMPRE)

Nos tres gráficos seguintes, do 65 ao 67, represéntanse os restantes factores da gráfica 64. Neles, agás no de “traballar moi rápido”, existen diferenzas importantes na porcentaxe de homes e mulleres que os consideran presentes no seu traballo.





Na seguinte táboa móstranse de novo os resultados obtidos ao considerar os 5 factores máis frecuentes (os de porcentaxes máis altas á resposta “sempre ou case sempre” da gráfica 64), pero agora en función dos diferentes sectores de actividade. No sector agrario, o indicado por máis traballadores é “atender a varias tarefas ao mesmo tempo” (este resultado explícase se se ten en conta a diversidade de tarefas que se teñen que realizar nas pequenas explotacións); na pesca é o de “realizar tarefas moi repetitivas e de moi curta duración” e na industria, o “manter un nivel de atención alto ou moi alto” (o que pode suxerir tarefas que esixen un maior grao de precisión). Na construción non se supera a media en ningún deles, maila as porcentaxes seren similares ás do sector industrial. Finalmente o sector servizos, é o que supera a porcentaxe media para máis factores; é moi significativa a porcentaxe acadada para o “trato directo con persoas”, indicado polo 84,57% dos enquisados e para o traballo con ordenadores, indicado polo 53,90%; ambos os factores aluden a tarefas características deste sector.

FACTORES RELACIONADOS COA CARGA MENTAL DE TRABALLO (CATEGORÍA DE RESPONSA: SEMPRE OU CASE SEMPRE)	SECTORES DE ACTIVIDADE				
	Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Manter un nivel de atención alto ou moi alto	42,42%	53,13%	57,28%	49,28%	55,65%
Realizar tarefas moi repetitivas e de moi curta duración	33,33%	42,71%	32,10%	24,64%	26,54%
Atender a varias tarefas ao mesmo tempo	39,39%	35,42%	28,64%	32,37%	36,09%
Tratar directamente con persoas que non son empregados de onde vostede traballa: clientes, pasaxeiros, alumnos, pacientes, etc	49,49%	31,25%	42,47%	46,38%	84,57%
Traballar con ordenadores: PC, ordenadores en rede, ordenadores centrais, etc	20,20%	25,00%	42,22%	40,58%	53,90%

TÁBOA 56. FACTORES MÁIS FRECUENTES DE CARGA MENTAL DE TRABALLO POR SECTOR (CATEGORÍA SEMPRE OU CASE SEMPRE)

Nos tres gráficos seguintes, 68 a 70, represéntanse de novo os tres factores menos frecuentes. Recóllense as respostas “sempre ou case sempre” e “a miúdo” por sectores de actividade. Cómpre salientar as altas porcentaxes dos que deben traballar sempre ou case sempre moi rápido no sector da pesca (37,50%). Tamén destacan na pesca as porcentaxes dos que teñen que traballar con prazos moi estritos e moi curtos “sempre ou case sempre” o 29,17%, valor por enriba do acadado no sector industrial (tipicamente asociado a tempos de produción) aínda, que se se considera a resposta “a miúdo”, entón a industria supera lixeiramente á pesca.






GRÁFICO 70. REALIZAR TAREFAS COMPLEXAS, COMPLICADAS OU DIFÍCILES




A táboa 57 representa os 5 factores de carga mental máis frecuentes en función das diferentes ocupacións. As que figuran no lado esquerdo da táboa (persoal científico, técnico ou administrativo) son as que deben soportar carga mental de traballo con máis frecuencia cómpre salientar que o 65,2% dos técnicos e profesionais científico e intelectuais debe manter un nivel de atención alto ou moi alto “sempre ou case sempre”, que o 84,52% dos empregados de tipo administrativo traballa con ordenadores “sempre ou case sempre” e que o 87,44% dos traballadores dos servizos de restauración, persoais e vendedores (valor que supera a media) traballa con persoal alleo á súa empresa (clientes..). Se consideramos os traballos con máis compoñente manual, sobresaen o caso dos traballadores cualificados da agricultura e da pesca que superan a media en tres factores e ademais acadan o valor máximo entre todas as ocupacións para “realizar tarefas moi repetitivas e de curta duración” (60,27%) e “atender varias tarefas ao mesmo tempo” (53,42%). Das restantes ocupacións só hai que destacar a porcentaxe do 64,36% en “manter un nivel alto ou moi alto de atención” acadado nos operadores de instalacións, maquinaria e montadores.


FACTORES RELACIONADOS COA CARGA MENTAL DE TRABALLO (CATEGORÍA DE RESPONSA “SEMPRE OU CASE SEMPRE”)	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Manter un nivel de atención alto ou moi alto	65,20%	56,02%	54,57%	48,17%	63,01%	49,09%	64,36%	48,25%
Realizar tarefas moi repetitivas e de moi curta duración	14,22%	21,69%	28,68%	29,91%	60,27%	33,18%	36,63%	33,57%
Atender a varias tarefas ao mesmo tempo	38,73%	36,75%	42,39%	32,19%	53,42%	22,27%	13,86%	23,08%
Traballar con ordenadores: PC, ordenadores en rede etc.	66,18%	66,87%	84,52%	36,76%	8,22%	11,36%	11,88%	12,59%
Tratar directamente con persoas que non son empregados de onde vostede traballa: clientes, pasaxeiros, alumnos, pacientes etc.	74,51%	78,31%	75,13%	87,44%	42,47%	30,45%	38,61%	32,87%

TÁBOA 57. FACTORES MÁIS FRECUENTES DE CARGA MENTAL DE TRABALLO POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR (CATEGORÍA “SEMPRE OU CASE SEMPRE”)


O gráfico 71 representa as porcentaxes dos traballadores que afirman que teñen que traballar moi rápido “sempre ou case sempre” e “a miúdo” en función da súa ocupación. Na categoría “sempre ou case sempre” destaca o 41,10% acadado polos traballadores cualificados da agricultura e da pesca (estas altas porcentaxes xa se indicaron na táboa anterior) e o 29,37% dos traballadores non cualificados. Na categoría “a miúdo”, a porcentaxe que sobresaé é a dos empregados de tipo administrativo co 24,87%.



Representáanse agora no gráfico 72 as porcentaxes dos que deben traballar con prazos estritos e moi curtos “sempre ou case sempre” e “a miúdo” en función da súa ocupación. Nas ocupacións que figuran na parte dereita (con máis compoñente manual) as porcentaxes son máis elevadas: os artesáns e traballadores cualificados da industria, construción e minaría acadan as maiores porcentaxes para a categoría “sempre ou case sempre (co 25,91%) e tamén para a categoría “a miúdo” (co 18,64%) e os traballadores non cualificados acadan tamén porcentaxes elevadas (o 23,78%).



No gráfico 73 amósanse as ocupacións que máis carga mental soportan no traballo por ter que realizar tarefas complexas, complicadas ou difíciles. Cómpre salientar o 15,69% acadado polos técnicos e profesionais científicos e intelectuais tanto na categoría “sempre ou case sempre” como na categoría “a miúdo”; o 15,00% acadado polos artesáns e traballadores cualificados da industria, construción e minaría na categoría “sempre ou case sempre” e o 13,18% na de “a miúdo” e, finalmente, o 15,06% dos técnicos e profesionais de apoio na categoría “sempre ou case sempre” e o 10,84% na categoría de “a miúdo”.





8-(Factores psicosociais)

Neste capítulo dedicado aos factores psicosociais agrupáronse factores de risco que afectan o benestar psíquico dos traballadores e como estes interactúan coas persoas que se relacionan polo seu traballo. Os factores que foron obxecto de preguntas na enquisa foron os seguintes: apoio no ámbito laboral; habilidades e autorrealización; autonomía no traballo; estabilidade no emprego, salario e posibilidades de promoción; xornada de traballo e, por último se se sofren condutas violentas no traballo.

Apoio no ámbito de traballo

Nos gráficos 74 ao 76, móstranse as porcentaxes de tres aspectos nos que podemos determinar o apoio que recibe o persoal traballador no ámbito de traballo: axuda dos seus compañeiros, dos seus superiores ou xefes no traballo e de persoas externas que non pertencen á súa empresa. Facendo a agrupación das respostas segundo o sexo do traballador, os resultados son moi similares, con só unha diferenza significativa no gráfico 75.

No gráfico 74, detállanse as respostas sobre a axuda que poden recibir os traballadores se a piden dos seus compañeiros. A categoría “sempre ou case sempre” é a de maior porcentaxe, co 69,35% dos homes e o 70,14% das mulleres, a seguinte categoría é “a miúdo” co 11,16% dos homes e o 9,21% das mulleres.

GRÁFICO 74. PODE OBTEN AXUDA DOS SEUS COMPAÑEIRÓS SE A PIDE






GRÁFICO 75. PODE OBTEN AXUDA DOS SEUS SUPERIORES/XEFES SE A PIDE



A axuda que poden recibir os traballadores dos seus superiores ou xefes detállase no gráfico 75. Os resultados indican a diferenza en función do sexo das respostas recibidas; son lixeiramente peores as dos homes nas categorías que indican maior apoio: o 52,66% dos homes polo 58,60% das mulleres en “sempre ou case sempre” e o 9,85% dos homes polo 11,99% das mulleres en “a miúdo”. As porcentaxes totais para estas dúas categorías son 55,49% e 10,86%.

As porcentaxes de resposta á pregunta sobre a axuda que poden recibir, se a piden, de persoas alleas á súa empresa son practicamente iguais entre homes e mulleres, como se pode observar no gráfico 76.



Logo de lles de preguntar os traballadores sobre o carácter das relacións persoais que teñen no traballo, non se aprecian diferenzas significativas entre homes e mulleres, e as porcentaxes totais das categorías “completamente de acordo” e “de acordo” son do 42,51% e do 38,45%, que sumadas dan como resultado un valor próximo ao 80% (ver a táboa 58), porcentaxe practicamente igual á da suma das categorías “sempre ou case sempre” e “a miúdo” do gráfico 74.

AS RELACIÓNS PERSOAIS SON POSITIVAS E DE COLABORACIÓN	TOTAL	SEXO	
		Home	Muller
Completamente de acordo	42,51%	40,20%	45,06%
De acordo	38,45%	39,60%	37,18%
Nin de acordo nin en desacordo	10,23%	11,06%	9,32%
En desacordo	2,90%	3,32%	2,44%
Completamente en desacordo	2,22%	2,91%	1,44%
NS/NC	3,69%	2,91%	4,55%

TÁBOA 58. VALORACIÓN DAS RELACIÓNS PERSOAIS COMO POSITIVAS E DE COLABORACIÓN SEGUNDO O SEXO

Xa que un ambiente de non colaboración é causa de risco, buscáronse os sectores de actividade e as ocupacións nas cales os traballadores non reciben axuda, aínda que a pidan, dos seus compañeiros, superiores e persoal alleo á empresa, destacáronse con outra cor os valores da táboa cunha porcentaxe superior á do total.

Na táboa 59, onde se fai a análise por sectores, os traballadores do sector agrario e os da pesca son os que menos axuda poden esperar recibir dos seus compañeiros e dos seus superiores ou xefes, e a porcentaxe de menor axuda dos seus compañeiros é do 14,14% no sector agrario, e na pesca a porcentaxe de menor axuda dos seus superiores ou xefes é do 20,83%. A industria presenta a porcentaxe maior de menor axuda no caso de persoas alleas á empresa, co 37,28%.

RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA RECIBE AXUDA SE A PIDE DE:	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Os seus compañeiros	6,54%	14,14%	7,29%	4,20%	4,83%	6,98%
Os seus superiores/xefes	12,24%	14,14%	20,83%	11,11%	14,98%	11,20%
Alleos á empresa	34,97%	29,29%	34,38%	37,28%	34,78%	34,71%

TÁBOA 59. RECIBE AXUDA SE A PIDE, DE COMPAÑEÍROS, SUPERIORES OU XEFES, OU ALLEOS Á EMPRESA POR SECTORES DE ACTIVIDADE

-CATEGORÍAS DE RESPOTA: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA-

Da táboa 60, pódese sacar a conclusión de que o ambiente de colaboración é peor para os traballadores manuais e mellor para o persoal técnico e administrativo, coa excepción dos profesionais de apoio e dos traballadores de servizos como hostalaría, servizos persoais e vendedores.

Son os traballadores cualificados da agricultura e da pesca, coas maiores porcentaxes de menor axuda dos seus compañeiros (o 16,44%) e dos seus superiores (o 26,03%), xunto cos traballadores non cualificados (superan a porcentaxe de menor axuda nos tres apartados e teñen a maior porcentaxe de menor axuda de persoal alieo á empresa), os que soportan un ambiente de traballo menos colaborador.


RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA RECIBE AXUDA SE A PIDE DE:	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Os seus compañeiros	3,92%	12,05%	4,57%	6,16%	16,44%	5,45%	2,97%	9,79%
Os seus superiores/xefes	7,84%	16,27%	7,61%	8,22%	26,03%	15,45%	17,82%	23,08%
Externos a empresa	25,98%	31,33%	33,25%	39,95%	32,88%	41,36%	37,62%	42,66%

TÁBOA 60. RECIBE AXUDA SE A PIDE, DE COMPAÑEIROS, SUPERIORES OU XEFES, OU ALLEOS A EMPRESA POR OCUPACIÓN
-CATEGORÍAS DE RESPOTA: RARAMENTE CASE NUNCA OU NUNCA-


Habilidades e autorrealización

Outro dos factores analizados é o desenvolvemento de habilidades e autorrealización no traballo, considerando que non se poder desenvolver profesionalmente, ou considerar que o traballo non se fai ben ou non é útil, son causas de risco psicosocial.


No gráfico 77, detállanse as porcentaxes obtidas ao preguntarllles aos traballadores sobre a oportunidade que teñen no seu traballo de facer aquilo que saben facer mellor. Nos resultados non se aprecian diferenzas significativas entre homes e mulleres, e a porcentaxe total para a categoría “sempre ou case sempre” é do 59,34% e para “a miúdo” do 17,93%.



Ao preguntarllles aos traballadores se sentían estar a realizar un traballo ben feito, aprécianse diferenzas entre as porcentaxes das respostas entre homes e mulleres, pero non se pode afirmar con seguridade que esta variable está relacionada co sexo do enquisado. As porcentaxes máis altas corresponden á categoría “sempre ou case sempre” e son do 66,13% dos homes e do 65,37% das mulleres. Para unhas porcentaxes totais para as categorías “sempre ou case sempre” e “a miúdo”, de 65,77% e 18,14% respectivamente. Aas porcentaxes de resposta obtidas se póden se observar no gráfico 78.



As porcentaxes de homes e mulleres sobre as súas sensacións de estar a realizar un traballo útil son lixeiramente superiores ás dúas preguntas anteriores, pero aquí existe unha lixeira diferenza a prol das mulleres nas dúas categorías máis favorables: o 69,70% contra o 67,94% na categoría “sempre ou case sempre” (o total é do 68,78%), e o 17,98% contra o 16,98% en “a miúdo” (o total é do 17,46%); malia que non se pode relacionar a porcentaxe das respostas de ter a sensación de estar a facer un traballo útil ao sexo dos enquisados. O gráfico 79 expresa as porcentaxes citadas, así como o resto das categorías de resposta.



Unha pregunta relacionada coas tres anteriores é aquela sobre a existencia de oportunidades de aprender e prosperar no traballo. Os resultados totais das dúas categorías de resposta máis positivas son: o 25,37% para “completamente de acordo” e do 37,24% para “de acordo” e sitúase a suma destas porcentaxes totais nun valor similar ao da categoría “sempre ou case sempre” das variables dos gráficos 77 e 78. Tampouco nos resultados plasmados na táboa 61 se pode afirmar que exista relación entre as respostas e o sexo dos enquisados.

NO TRABALLO TEÑO OPORTUNIDADES DE APRENDER E PROSPERAR	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Completamente de acordo	25,37%	24,72%	26,08%
De acordo	37,24%	37,99%	36,40%
Nin de acordo nin en desacordo	17,46%	17,49%	17,43%
En desacordo	8,65%	8,64%	8,66%
Completamente en desacordo	8,60%	8,24%	8,99%
NS/NC	2,69%	2,91%	2,44%

TÁBOA 61. GRAO DE ACORDO DOS TRABALLADORES SOBRE AS SÚAS OPORTUNIDADES DE APRENDER E PROSPERAR SEGUNDO O SEXO

Nas táboas 62 e 63, búscase nos sectores de actividade e nas ocupacións dos traballadores, aqueles onde as súas oportunidades de realización son menores, é dicir, con maiores porcentaxes nas categorías “raramente” e “case nunca ou nunca”. Para facilitar a análise distínguense as celas con porcentaxes superiores ao do total e o valor máis alto de cada fila indícase en grosa.

Dos sectores de actividade, os peores datos son os da pesca e servizos, seguidos pola industria. Os traballadores da pesca superan a porcentaxe total nas tres preguntas da táboa, cun 6,25% de traballadores que declaran que “raramente”, “case nunca ou nunca” teñen a sensación de estar a facer un traballo útil; os traballadores do sector servizos tamén superan a porcentaxe total nas tres preguntas da táboa, sendo a porcentaxe maior na pregunta sobre a oportunidade de facer o que sabe facer mellor; en canto aos traballadores da industria, á pregunta sobre se sente que non está facendo un traballo ben feito, superan a porcentaxe total co 3,46%.

RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA...	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
No traballo, ten a oportunidade de facer aquilo que sabe facer mellor	7,23%	3,03%	7,29%	7,65%	4,83%	7,90%
O seu traballo proporciónalle o sentimento de realizar un traballo ben feito	2,90%	2,02%	3,13%	3,46%	1,93%	2,94%
Ten a sensación de estar facendo un traballo útil	2,90%	1,01%	6,25%	2,22%	1,45%	3,31%

TÁBOA 62. MENOR DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES E AUTORREALIZACIÓN NO TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE
-CATEGORÍAS DE RESPOTA: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA-

Na táboa 63, cruzamos as tres preguntas da táboa coa ocupación dos traballadores; os que realizan traballos manuais, así como os do comercio, hostalaría e servizos persoais, superan nalgunha ou en todas as preguntas a porcentaxe do total. Segundo as respostas obtidas, os traballadores que menos se senten realizados no seu traballo son: os non cualificados (cun 20,28% que non ten oportunidade de facer o que sabe facer mellor); os operadores de instalacións e maquinaria e montadores (que son os que máis senten que non están a realizar un traballo útil co 7,92%); e os artesáns e traballadores cualificados da industria, construción e minaría, que son os que máis senten que non están a realizar un traballo ben feito, co 5,45%.

DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES NO TRABALLO: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
No traballo, ten a oportunidade de facer aquilo que sabe facer mellor	2,45%	5,42%	6,85%	7,08%	2,74%	8,18%	11,88%	20,28%
O seu traballo proporciónalle o sentimento de realizar un traballo ben feito	1,96%	1,81%	1,27%	3,65%	4,11%	5,45%	3,96%	4,90%
Ten a sensación de estar facendo un traballo útil	1,47%	2,41%	2,54%	3,20%	2,74%	1,82%	7,92%	5,59%

TÁBOA 63. MENOR DESENVOLVEMENTO DE HABILIDADES E AUTORREALIZACIÓN NO TRABALLO POR OCUPACIÓN
-CATEGORÍAS DE RESPOSTA: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA-

Autonomía no traballo

Na enquisa realizáronse un conxunto de preguntas para determinar o grao de autonomía que teñen os traballadores galegos no seu traballo. Os resultados das preguntas que utilizamos como variables para a análise, móstranse nos gráficos seguintes.

Nestes gráficos obsérvase que non existen diferenzas significativas entre as respostas de homes e mulleres. Estes resultados resultan ser superiores aos rexistrados por enquisas similares doutras autonomías nas categorías que podemos cualificar de “positivas” en canto a maior autonomía dos traballadores (sempre ou case sempre e a miúdo). Ao cruzar estas variables con outras en táboas posteriores, obteranse máis detalles para a análise.

No gráfico 80, móstranse as porcentaxes obtidas sobre a liberdade de escoller as vacacións ou días libres no seu traballo. O 48,79% do persoal traballador di poder escoller sempre ou case sempre as súas vacacións e días libres, xunto co 10,92% que o pode facer a miúdo. Pola contra, no 7,07% dos casos, raramente teñen liberdade para facelo e o 14,40% non poden case nunca ou nunca.

As porcentaxes que se poden observar no gráfico 81 relativos á posta en práctica das ideas do traballador no seu traballo, son moi similares ás do gráfico 80, aínda que indican un grao de autonomía aínda maior ao ser superiores as porcentaxes das categorías “positivas”: o 51,58% de “sempre ou case sempre”, e o 16,88% en “a miúdo”. En consecuencia, nas categorías que indican un grao de autonomía menor, as porcentaxes son menores: o 7,12% para “raramente” e o 6,75% para “case nunca ou nunca”.

GRÁFICO 80. LIBERDADE PARA COLLER AS VACACIÓNS OU DÍAS LIBRES SEGUNDO O SEXO





GRÁFICO 81. PODER POÑER EN PRÁCTICA AS SÚA IDEAS NO TRABALLO SEGUNDO O SEXO



Nos gráficos do 82 ao 85 que se mostran a continuación, especifícase algo máis sobre as ideas que os traballadores poden poñer en práctica no seu traballo, e as porcentaxes das catro gráficas seguintes son moi similares entre si, e todos lixeiramente inferiores nas categorías “positivas” ao indicado no gráfico 81.

As porcentaxes dos gráficos 82 e 83, enuméranse a continuación: o 48,63% contestan “sempre ou case sempre” e o 14,35% “a miúdo” sobre a orde das tarefas, e o 44,78% “sempre ou case sempre” e o 13,03% “a miúdo” referente ao método de traballo, isto no que concirne ás categorías que indican a posibilidade de elección por parte do traballador ou “positivas”; en canto ás categorías “negativas”, o 7,01% contestan “raramente” e o 12,03% “case nunca ou nunca” sobre a orde das tarefas, e o 9,97% “raramente” e o 14,66% “case nunca ou nunca” no referente ao método de traballo.

En canto ás preguntas sobre a elección ou a modificación do ritmo e as pausas de traballo, o 43,99% dos enquisados contestan “sempre ou case sempre” e o 13,87% “a miúdo” á pregunta sobre o método de traballo (gráfico 84), mentres que o 46,15% e o 13,87% responden nestas categorías sobre as pausas no traballo (gráfico 85). En canto ás categorías “negativas”, o 9,12% dos enquisados contestan “raramente” e o 12,24% “case nunca ou nunca” á pregunta referida ao ritmo de traballo, mentres que o 7,81% e o 13,50% contestan nas mesmas categorías de resposta en relación coas pausas no traballo.

GRÁFICO 82. PODER ELIXIR OU MODIFICAR A ORDE DAS TAREFAS SEGUNDO O SEXO




GRÁFICO 83. PODER ELIXIR OU MODIFICAR O MÉTODO DE TRABALHO SEGUNDO O SEXO




GRÁFICO 84. PODER ELIXIR OU MODIFICAR O RITMO DE TRABALHO SEGUNDO O SEXO





GRÁFICO 85. PODER ELIXIR OU MODIFICAR AS PAUSAS NO TRABALHO SEGUNDO O SEXO



Na táboa 64, móstranse as porcentaxes por sectores das variables coas que se intentou caracterizar a autonomía no traballo, segundo as respostas que indican menor posibilidade do traballador de elixir; nesta táboa, así como na seguinte, porcentaxes maiores indican menor grao de autonomía. Destacouse unha das variables en diferente cor (poder poñer en práctica as súas ideas no traballo) ao considerala útil como referencia para interpretar os resultados das variables relativas á orde, método, ritmo e pausas.

Por sectores destaca a industria, que supera as porcentaxes sobre o total dos traballadores en todas as variables da análise, e as porcentaxes máis altas, rexístranse en cinco delas: elixir ou modificar o método de traballo (33,83%), elixir ou modificar as pausas (27,16%), elixir ou modificar o ritmo (26,17%), liberdade na elección das vacacións ou días libres (25,19%) e poder poñer en práctica as súas ideas no traballo (16,54%). A pesca é o seguinte sector onde menores posibilidades de elección teñen os traballadores nestes aspectos do seu traballo, ao superar en cinco deles a porcentaxe total, e alcanzar a porcentaxe máis alta na menor posibilidade de elección da orde das tarefas.

De todos os sectores, os traballadores do sector agrícola son aqueles que con menor porcentaxe "raramente", "case nunca ou nunca", poden poñer en práctica as súas ideas no traballo, o que indicaría unha maior autonomía. Así mesmo, en todos os sectores esta porcentaxe é inferior á das catro variables seguintes da táboa (elección de orde, método, ritmo e distribución). As conclusións diso dedúcense máis doadamente da táboa 65, onde se agrupan as respostas por ocupacións dos traballadores.

AUTONOMÍA NO TRABALLO: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Ten liberdade para decidir cando colle as súas vacacións ou os seus días libres	21,47%	19,19%	21,88%	25,19%	22,71%	20,02%
Pode poñer en práctica as súas propias ideas no seu traballo	13,87%	4,04%	13,54%	16,54%	14,98%	13,59%
Pode elixir ou modificar a orde das tarefas	19,04%	8,08%	29,17%	27,65%	16,91%	16,35%
Pode elixir ou modificar o método de traballo	24,63%	10,10%	32,29%	33,83%	22,71%	22,22%
Pode elixir ou modificar o ritmo de traballo	21,36%	10,10%	21,88%	26,17%	21,74%	20,48%
Pode elixir ou modificar a distribución e/ou duración das pausas no traballo	21,31%	13,13%	27,08%	27,16%	17,87%	20,02%

TÁBOA 64. MENOR GRAO DE AUTONOMÍA NO TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE
-CATEGORÍAS DE RESPOTA: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA-


Na táboa 65 distínguense cunha cor diferente os valores que superan a porcentaxe total da variable correspondente e ponse de manifesto a menor autonomía no seu traballo dos profesionais da industria, a minaría e a construción, os operadores de instalacións e maquinaria e montadores, e os traballadores non cualificados. Estes traballadores superan a porcentaxe total en todas as variables, e son os operadores de instalacións e maquinaria que teñen o menor grao de autonomía en: elixir ou modificar o método de traballo (51,49%), elixir ou modificar a orde das tarefas (44,55%) e menor posibilidade de escoller as vacacións e os días libres (30,69%). Os traballadores non cualificados, ademais de ser os traballadores que en menor medida poñen en práctica as súas ideas no traballo (27,97%), son os que menos poden decidir sobre o ritmo de traballo (41,26%) e as pausas (39,16%). Tamén dos resultados desta táboa, cando se fai a comparación coa variable “poder poñer en práctica as súas ideas no traballo”, se deduce que as ideas dos traballadores (agás os empregados administrativos) respecto ao traballo ou non teñen relación directa con estes aspectos da organización da produción ou non son tidas en conta.

GRAO DE AUTONOMÍA NO TRABALLO: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA...	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Ten liberdade para decidir cando colle as súas vacacións ou os seus días libres	30,39%	13,86%	15,23%	23,97%	13,70%	25,45%	30,69%	30,07%
Pode poñer en práctica as súas propias ideas no seu traballo	5,39%	10,84%	17,26%	11,42%	6,85%	16,82%	26,73%	27,97%
Pode elixir ou modificar a orde das tarefas	11,76%	11,45%	13,71%	17,58%	12,33%	29,09%	44,55%	39,86%
Pode elixir ou modificar o método de traballo	13,24%	18,67%	22,08%	24,20%	10,96%	31,82%	51,49%	46,15%
Pode elixir ou modificar o ritmo de traballo	15,20%	14,46%	17,77%	20,78%	8,22%	27,27%	37,62%	41,26%
Pode elixir ou modificar a distribución e/ou duración a das pausas no traballo	20,10%	12,05%	14,21%	24,20%	12,33%	27,73%	38,61%	39,16%

TÁBOA 65. MENOR GRAO DE AUTONOMÍA NO TRABALLO SEGUNDO A OCUPACIÓN DO PERSOAL
-CATEGORÍAS DE RESPOTA: RARAMENTE, CASE NUNCA OU NUNCA-

En relación co ritmo de traballo, móstranse no gráfico 86 unha serie de factores agrupados polo sector de actividade da empresa. Pódense comparar os resultados desta co gráfico 68 do capítulo anterior, no que se mostraba en función da actividade a esixencia dun ritmo rápido.

A velocidade automática das máquinas aparece como máis determinante na pesca co 38,54% e na industria co 30,86%; nestes mesmos sectores, con distintas porcentaxes (59,38% na pesca e 54,07% na industria) o traballo dos compañeiros é o factor máis determinante; as demandas directas de persoas (clientes, alumnos, pacientes...) son máis determinantes no sector servizos co 90,27% dos casos; os dous seguintes factores (cantidade de produción e prazos de tempo) presentan un comportamento interesante na industria, construción e servizos; e é moito menos determinante a cantidade de produción ou servizos que se pretende alcanzar que os prazos de tempo que se han cumprir: a industria con 44,94% e 71,60%, a construción con 32,37% e 78,26%, os servizos con 21,21% e 48,12%. O último factor que mostra un comportamento significativamente distinto segundo o sector é o control directo por parte do xefe, que na industria é do 47,16% e na construción do 40,10%, que constituen os sectores nos que é máis determinante.




Estabilidade no emprego, salario e posibilidades de promoción

No enunciado deste punto aparecen tres aspectos que gardan relación entre si ao ser de carácter socioeconómico. Utilizándoos como variables para realizar a análise, preténdese establecer en que medida os traballadores galegos poden verse afectados no seu benestar psíquico. Primeiro detallaranse os resultados de cada unha destas variables agrupadas por sexo, actividade da súa empresa e ocupación, e logo expoñeranse conclusións do conxunto. Na agrupación realizada segundo o sexo, non se apreciaron diferenzas significativas entre homes e mulleres nas preguntas sobre o soldo e o ascenso profesional, e foron dubidosas en relación coa posibilidade de perder o emprego.

Neste punto, como en todos os que constitúen o capítulo de riscos psicosociais, o que se pretende encontrar é o nivel en que os traballadores están expostos, polo que só se analizarán os resultados que o indiquen; por exemplo, á pregunta sobre a posibilidade de perder o emprego, o interesante é a porcentaxe dos que cren perdelo máis que o dos que o manterán.

No gráfico 87, móstranse os resultados obtidos segundo o sexo do traballador á pregunta sobre se podía perder o seu emprego nos próximos 6 meses. Indicar que a enquisa se realizou no primeiro semestre do 2010. Considerando aqueles que dan as respostas “completamente de acordo” e “de acordo” e desprezando as lixeiras diferenzas entre as porcentaxes de resposta de ambos os dous sexos, pódese afirmar que case un de cada cinco traballadores galegos cría poder perder o seu emprego na segunda metade do 2010.

GRÁFICO 87. CERTEZA DE PERDA DO POSTO DE TRABAJO NOS VINDEIROS 6 MESES SEGUNDO O SEXO



Por sectores de actividade aparecen diferenzas significativas, como se pode comprobar na táboa 66. Construción, industria e pesca, por esta orde, son os sectores en que máis se pensa que se vai perder o emprego, sendo a porcentaxe máis negativa o 14,01% dos traballadores da construción os que están completamente seguros, que o perderán, xunto co 17,39%, que o cren moi posible. As porcentaxes da suma de ambas as dúas categorías na industria e da pesca son practicamente iguais, aproximadamente o 23%.

PODO PERDER O MEU TRABALLO NOS PRÓXIMOS 6 MESES	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Completamente de acordo	8,28%	6,06%	5,21%	10,12%	14,01%	6,98%
De acordo	10,13%	4,04%	17,71%	13,58%	17,39%	7,35%
<i>Nin de acordo nin en desacordo</i>	18,51%	20,20%	22,92%	16,30%	18,84%	18,73%
En desacordo	18,83%	26,26%	10,42%	18,27%	23,19%	18,27%
Completamente en desacordo	37,18%	37,37%	35,42%	35,06%	20,29%	41,32%
NS/NC	7,07%	6,06%	8,33%	6,67%	6,28%	7,35%

TÁBOA 66. CERTEZA DE PERDA DO POSTO DE TRABALLO NOS SEGUINTES 6 MESES POR SECTORES DE ACTIVIDADE


Tamén aparecen diferenzas significativas se agrupamos as respostas en función da ocupación dos traballadores; na táboa 67, detállanse os resultados desta agrupación. Dos traballadores non manuais, só os técnicos e profesionais de apoio son os que presentan porcentaxes superiores ao total nas categorías “completamente de acordo” e “de acordo”. Pola contra, na parte dereita da táboa, agás o persoal cualificado da agricultura e da pesca, o resto dos traballadores -persoal non cualificado, operadores e montadores de maquinaria e instalacións, e os traballadores cualificados da industria, construción e minaría- son os de peor visión en canto a manter o seu emprego, e superan a suma das categorías “negativas” o 25%. Os traballadores non cualificados co 13,99% en “completamente de acordo” e o 16,78% para a categoría “de acordo”, son os que peores perspectivas manifestan, seguidos polos operadores, montadores e instaladores de maquinaria e instalacións, co 12,87% e o 17,82% para as dúas categorías respectivamente.

PODO PERDER O MEU TRABALLO NOS PRÓXIMOS 6 MESES	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Completamente de acordo	6,86%	9,64%	5,84%	6,85%	4,11%	12,73%	12,87%	13,99%
De acordo	9,31%	10,84%	8,12%	7,99%	4,11%	14,55%	17,82%	16,78%
<i>Nin de acordo nin en desacordo</i>	16,67%	17,47%	18,53%	19,63%	26,03%	18,64%	22,77%	17,48%
En desacordo	16,67%	19,88%	24,87%	21,23%	13,70%	17,27%	12,87%	9,79%
Completamente en desacordo	44,61%	34,94%	35,79%	37,90%	47,95%	25,45%	26,73%	34,27%
NS/NC	5,88%	7,23%	6,85%	6,39%	4,11%	11,36%	6,93%	7,69%

TÁBOA 67. CERTEZA DE PERDA DO POSTO DE TRABALLO NOS SEGUINTES 6 MESES SEGUNDO A OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Fíxoselles unha pregunta aos traballadores, sobre se consideraban que o soldo que recibían polo seu traballo era bo. Para a análise dos resultados utilízanse o gráfico 88 e as táboas 68 e 69.

O gráfico 88, que agrupa os resultados desta variable en función do sexo do enquisado, non mostra diferenzas significativas entre homes e mulleres. A valoración xeral sobre o seu soldo é positiva, ao ser a suma das porcentaxes das categorías “positivas” do 37,66%, fronte ao 26,74% das categorías “negativas”. Como se mencionou anteriormente, para buscar aqueles segmentos de traballadores que poidan estar máis expostos a riscos de índole psicosocial, centrárase a análise nas categorías “negativas”, buscáronse aqueles que se encontran por enriba da porcentaxe do total.



Utilizando os sectores de actividade das empresas dos traballadores, como se pode ver na táboa 68, si se aprecian diferenzas significativas. Os traballadores do sector agrario e da construción son os que se consideran peor pagados, cunhas porcentaxes moi similares na suma das categorías “completamente en desacordo” e “en desacordo”, pero con diferenzas do matiz de apreciación entre ambos os dous sectores (a construción co 31,40% supera lixeiramente na suma de valoración negativa ao sector agrario, co 30,30%, pero este ten maior porcentaxe na categoría máis negativa, 13,13% para “completamente en desacordo”). Os servizos e a pesca, con porcentaxes de valoración negativa que roldan o 26%, son os seguintes sectores nos que os traballadores se senten peor pagados.

RECIBO UN BO SOLDADO POLO MEU TRABALLO	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Completamente de acordo	9,07%	2,02%	11,46%	9,14%	5,31%	10,19%
De acordo	28,59%	31,31%	25,00%	34,57%	25,12%	27,09%
Nin de acordo nin en desacordo	31,80%	34,34%	33,33%	28,40%	36,71%	31,77%
En desacordo	16,82%	17,17%	20,83%	15,31%	24,64%	15,52%
Completamente en desacordo	9,92%	13,13%	5,21%	9,88%	6,76%	10,65%
NS/NC	3,80%	2,02%	4,17%	2,72%	1,45%	4,78%


TÁBOA 68. CONSIDERA RECIBIR UN BO SOLDADO POLO SEU TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

En canto á percepción de sentirse ben pagados polo seu traballo, tamén hai significativas diferenzas segundo as ocupacións dos traballadores, e son os traballadores cualificados da agricultura e da pesca con porcentaxes do 12,33% en “completamente en desacordo” e do 28,77% na categoría “en desacordo” os que en maior porcentaxe se consideran peor pagados. A continuación, con porcentaxes para estas mesmas categorías do 11,82% e do 22,27% encóntranse os traballadores cualificados da industria, construción e minaría; todos estes detalles móstranse a continuación na táboa 69.

RECIBO UN BO SOLDADO POLO MEU TRABAJO	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Completamente de acordo	11,27%	8,43%	8,38%	10,96%	6,85%	6,82%	5,94%	8,39%
De acordo	37,25%	30,72%	33,50%	22,60%	21,92%	29,09%	23,76%	23,78%
Nin de acordo nin en desacordo	27,94%	33,73%	30,71%	34,02%	30,14%	27,73%	43,56%	33,57%
En desacordo	10,78%	14,46%	15,23%	18,26%	28,77%	22,27%	16,83%	18,88%
Completamente en desacordo	8,82%	10,24%	8,12%	9,59%	12,33%	11,82%	8,91%	9,79%
NS/NC	3,92%	2,41%	4,06%	4,57%	0,00%	2,27%	0,99%	5,59%

TÁBOA 69. CONSIDERA RECIBIR UN BO SOLDADO POLO SEU TRABAJO SEGUNDO A OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

A última pregunta deste punto, refírese á valoración sobre se o seu traballo lle ofrece boas posibilidades de mellora profesional. Esta valoración é en xeral negativa, cunha suma na porcentaxe das categorías “completamente en desacordo” e “en desacordo” do 43,20%, fronte ás valoracións positivas co 29,48%. No gráfico 89 pódense comprobar as porcentaxes de resposta de homes e mulleres, nos que non se aprecian diferenzas significativas entre ambos os dous sexos.



Na táboa 70, faise a agrupación en función dos sectores de actividade. Os sectores da agricultura e da pesca superan ambos os dous o 50% de valoracións negativas, coas seguintes porcentaxes para as categorías “completamente en desacordo” e “en desacordo”: agrario (39,39% e 15,15%), pesca (34,38% e 17,71%), e o seguinte sector son os servizos, con porcentaxes respectivas do 26,26% e 16,80%.

O MEU TRABALLO OFRÉCEME BOAS POSIBILIDADES DE ASCENSO PROFESIONAL	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Completamente de acordo	6,91%	3,03%	4,17%	5,68%	5,31%	8,26%
De acordo	22,57%	20,20%	16,67%	28,15%	22,71%	21,21%
Nin de acordo nin en desacordo	21,31%	20,20%	21,88%	20,99%	29,47%	19,93%
En desacordo	17,25%	15,15%	17,71%	16,79%	21,26%	16,80%
Completamente en desacordo	25,95%	39,39%	34,38%	23,46%	18,84%	26,26%
NS/NC	6,01%	2,02%	5,21%	4,94%	2,42%	7,53%

TÁBOA 70. TEN UN TRABALLO QUE LLE OFRECE BOAS POSIBILIDADES DE ASCENSO PROFESIONAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Por ocupacións, tamén hai diferenzas significativas na valoración sobre as expectativas de ascenso profesional. Os traballadores cualificados da agricultura e da pesca cunhas porcentaxes do 60,27% en “completamente en desacordo” e do 12,33% para “en desacordo” son os que, con diferenza, peores posibilidades de promoción manifestan. Son seguidos polos traballadores non cualificados, con porcentaxes correspondentes do 32,87% e 18,88%; e polos operadores de instalacións e maquinaria e montadores, con porcentaxes do 31,68% e do 17,82%.

O MEU TRABALLO OFRÉCEME BOAS POSIBILIDADES DE ASCENSO PROFESIONAL	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Completamente de acordo	8,33%	12,05%	6,35%	7,31%	6,85%	4,55%	3,96%	4,20%
De acordo	26,96%	24,10%	22,59%	19,86%	8,22%	27,27%	20,79%	20,28%
<i>Nin de acordo nin en desacordo</i>	22,06%	19,88%	25,89%	19,86%	10,96%	19,55%	21,78%	19,58%
En desacordo	14,22%	16,27%	21,83%	15,75%	12,33%	20,91%	17,82%	18,88%
Completamente en desacordo	23,53%	21,08%	20,05%	28,31%	60,27%	20,91%	31,68%	32,87%
NS/NC	4,90%	6,63%	3,30%	8,90%	1,37%	6,82%	3,96%	4,20%


TÁBOA 71. TEN UN TRABALLO QUE LLE OFRECE BOAS POSIBILIDADES DE ASCENSO PROFESIONAL SEGUNDO A OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Buscando relacións entre as tres variables deste punto, pódese concluír que por sectores os traballadores da construción e da pesca son os que están máis expostos a un risco psicosocial motivado pola situación económica e profesional; e buscando a mesma conclusión polas ocupacións, o persoal non cualificado é o colectivo máis exposto.

Xornada de traballo

Nos gráficos e táboas seguintes analízase a xornada laboral dos traballadores segundo diferentes aspectos: o tipo de xornada, quen organiza os horarios laborais, si se prolonga a xornada máis alá do horario establecido (con ou sen compensación), o tempo que tarda o traballador dende a súa casa ao traballo e a súa opinión respecto á compatibilidade do seu horario coa súa vida persoal. Os resultados ás preguntas que se formularon crúzanse coas variables que se consideran de máis utilidade para obter conclusións, como se veu facendo neste informe, malia que os resultados da pregunta sobre o tipo de xornada laboral tamén se analizaron dende a opinión do traballador en canto á conciliación do traballo e a súa vida persoal.

No gráfico 90, móstranse as diferentes porcentaxes dos tipos de xornada laboral, segmentados segundo o sexo dos traballadores enquisados. Aínda que hai diferenzas significativas en función deste, a maioría dos traballadores enquisados traballan a xornada partida (o 67,88% do total), seguida da continua de mañá co 13,50% e rotativa mañá/tarde co 7,86%. No gráfico móstrase que as mulleres teñen porcentaxes lixeiramente máis repartidas nos diferentes tipos de xornada laboral.



Na táboa 72, destácanse os valores dos diferentes sectores en que as porcentaxes de traballadores cun determinado tipo de xornada laboral superan a media. As diferenzas entre os sectores son significativas. Como exemplo, na construción o 88,41% dos enquisados traballan a xornada partida, e a seguinte porcentaxe en importancia é o 4,35% que traballan a xornada continua; mentres que na pesca están moito máis repartidos: o 37,50% faino a xornada partida, o 34,38% en continua de mañá, o 8,33% en rotativa mañá/tarde, ou o 6,25% en continua de noite.

HORARIO HABITUAL DE TRABAJO	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Xornada partida (mañá e tarde)	67,88%	83,84%	37,50%	75,56%	88,41%	62,35%
Xornada continua mañá	13,50%	9,09%	34,38%	8,89%	4,35%	15,52%
Xornada continua tarde	3,90%	3,03%	4,17%	0,99%	0,48%	5,69%
Xornada continua noite	1,21%	1,01%	6,25%	0,25%	0,00%	1,38%
Rotativo mañá/tarde	7,86%	1,01%	8,33%	8,89%	1,93%	9,18%
Rotativo mañá/tarde/noite	2,74%	0,00%	4,17%	2,72%	1,45%	3,12%
Rotativo outro tipo	0,32%	0,00%	0,00%	0,49%	0,00%	0,37%
Outra quenda	1,32%	2,02%	2,08%	0,74%	2,42%	1,19%
NC	1,27%	0,00%	3,13%	1,48%	0,97%	1,19%


TÁBOA 72. DIFERENTES QUENDAS DE TRABAJO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Ao segmentar os diferentes tipos de xornada laboral en función das ocupacións dos traballadores, obsérvanse diferenzas significativas que se mostran na táboa 73. Ao igual que na táboa anterior, destácanse con diferente cor os valores que superan a porcentaxe media. Os traballadores dos servizos de hostalaría, servizos persoais, de protección e vendedores, así como os traballadores non cualificados, teñen unha distribución de tipos de xornada laboral moito máis repartida que, por exemplo, os traballadores cualificados da industria, construción e minaría, os cales, no 84,09%, traballan a xornada partida.

HORARIO HABITUAL DE TRABAJO	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Xornada partida (mañá e tarde)	64,22%	70,48%	68,78%	63,93%	61,64%	84,09%	69,31%	51,75%
Xornada continua mañá	22,06%	13,86%	17,01%	7,31%	19,18%	7,27%	6,93%	24,48%
Xornada continua tarde	3,92%	1,81%	5,08%	5,94%	4,11%	0,45%	0,99%	4,20%
Xornada continua noite	0,98%	0,00%	0,25%	2,28%	6,85%	0,00%	0,99%	1,40%
Rotativo mañá/tarde	4,41%	8,43%	6,60%	13,93%	0,00%	2,73%	12,87%	9,09%
Rotativo mañá/tarde/noite	0,98%	2,41%	1,27%	4,11%	2,74%	1,36%	5,94%	6,29%
Rotativo outro tipo	0,49%	1,20%	0,00%	0,23%	0,00%	0,00%	0,00%	0,70%
Outra quenda	1,47%	1,20%	0,25%	1,14%	4,11%	2,73%	1,98%	0,00%
NC	1,47%	0,60%	0,76%	1,14%	1,37%	1,36%	0,99%	2,10%

TÁBOA 73. DIFERENTES QUENDAS DE TRABAJO POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

En canto a quen organiza os horarios, hai unha lixeira diferenza nas respostas obtidas en función do sexo do enquisado. A maioría, co 66,72%, corresponden a aquelas fixadas pola empresa/organismo do traballador (evidentemente esta porcentaxe corresponde a traballadores por conta allea), mentres que a seguinte porcentaxe, que é do 16,09%, corresponde a traballadores que fixan eles mesmos a súa xornada laboral: unha parte importante corresponde a traballadores autónomos.



Na organización dos horarios de traballo por sector, tamén hai diferenzas significativas, segundo traballen no sector maior número de autónomos (especialmente significativos na agricultura, onde un 40,40% dos enquisados afirma determinar o seu horario de traballo), ou que sexa un sector de actividade en que se traballa habitualmente cuns horarios ríxidos fixados pola empresa (e que proporcionalmente haxa poucos traballadores autónomos, como na industria, co 77,78%). Ver o capítulo, “descrición da mostra” para obter máis información.

ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Fíxao a empresa/organización, sen posibilidade de cambios	66,72%	46,46%	63,54%	77,78%	68,60%	64,37%
Pode elixir entre varios horarios fixos establecidos pola empresa	6,17%	1,01%	1,04%	5,19%	5,31%	7,62%
Pode adaptar as súas horas de traballo dentro de certos límites	8,33%	9,09%	7,29%	8,15%	5,80%	8,91%
As súas horas de traballo determínaas enteiraamente vostede mesmo	16,09%	40,40%	23,96%	5,93%	13,53%	17,45%
NS/NC	2,69%	3,03%	4,17%	2,96%	6,76%	1,65%


TÁBOA 74. ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS DO TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

En canto a quen fixa os horarios dos traballadores segundo as ocupacións destes, na táboa 75 pódense ver as diferenzas. Dende o 79,70% dos administrativos cuxos horarios son fixados pola súa empresa, ata o 56,16% dos traballadores cualificados da agricultura e da pesca que os determinan eles mesmos. Nunha posición intermedia entre ambos os dous podemos situar os traballadores e profesionais científicos e intelectuais que teñen a maior porcentaxe na elección entre varios horarios fixos establecidos pola empresa (o 11,27%) e poden adaptar as súas horas de traballo dentro de certos límites (o 14,71%).

ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Fíxao a empresa/organización, sen posibilidade de cambios	59,31%	63,25%	79,70%	65,30%	32,88%	75,00%	79,21%	75,52%
Pode elixir entre varios horarios fixos establecidos pola empresa	11,27%	7,83%	5,08%	7,53%	1,37%	2,73%	2,97%	6,99%
Pode adaptar as súas horas de traballo dentro de certos límites	14,71%	11,45%	7,61%	7,76%	5,48%	2,73%	2,97%	6,29%
As súas horas de traballo determínaas enteiramente vostede mesmo	12,25%	16,27%	5,84%	16,44%	56,16%	14,55%	10,89%	9,09%
NS/NC	2,45%	1,20%	1,78%	2,97%	4,11%	5,00%	3,96%	2,10%

TÁBOA 75. ORGANIZACIÓN DOS HORARIOS DO TRABALLO POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

En canto á prolongación da xornada laboral, obtéñense porcentaxes moi similares de respostas afirmativas (o 46,26%)e negativas (o 45,09%), aínda que dos que prolongan a súa xornada laboral, o 22,84%, fano sen compensación (económica ou en tempo libre). As mulleres son as que en maior porcentaxe non amplían a súa xornada laboral, co 48,95% fronte o 41,61% dos homes, e son moi similares as porcentaxes de homes e mulleres que a amplían sen recibir compensación a cambio (o 23,62% dos homes fronte o 21,98% das mulleres).



En canto ás diferenzas segundo o sector de actividade da empresa, se a industria e a construción teñen porcentaxes moi similares de traballadores que prolongan a súa xornada cunha compensación (o 28,15% na industria e o 27,54% na construción), son moi diferentes as porcentaxes das que non perciben compensación (o 26,57% na construción fronte o 12,59% na industria); por outro lado, a pesca e o sector agrario teñen porcentaxes similares de traballadores que amplían a súa xornada sen compensación (31,25% na pesca fronte o 30,30% no sector agrario), mentres que a porcentaxe dos que non amplían a súa xornada laboral é inferior á media na construción, co 38,16% e na pesca co 42,71%.

PROLONGA VOSTEDE A SÚA XORNADA LABORAL CON OU SEN COMPENSACIÓN?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Si, con compensación económica e/ou compensación en tempo libre	23,42%	15,15%	20,83%	28,15%	27,54%	21,85%
Si, sen compensación	22,84%	30,30%	31,25%	12,59%	26,57%	24,52%
Non	45,09%	46,46%	42,71%	46,42%	38,16%	46,01%
NC	8,65%	8,08%	5,21%	12,84%	7,73%	7,62%

TÁBOA 76. PROLONGACIÓN DA XORNADA LABORAL POR SECTORES DE ACTIVIDADE


Na táboa 77, pódense comprobar as grandes diferenzas que existen por ocupación dos traballadores en canto á prolongación da súa xornada laboral. Mentres o 41,82% do persoal cualificado da industria, construción e minaría amplía a súa xornada laboral cunha compensación, o 35,78% dos técnicos e profesionais científicos e intelectuais amplíana sen ela; mentres que o 57,61% do persoal administrativo non amplía a súa xornada laboral.

PROLONGA VOSTEDE A SÚA XORNADA LABORAL CON OU SEN COMPENSACIÓN?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si, con compensación económica e/ou compensación en tempo libre	17,65%	25,90%	15,23%	23,97%	16,44%	41,82%	28,71%	28,67%
Si, sen compensación	35,78%	25,90%	18,53%	20,78%	32,88%	13,64%	22,77%	18,18%
Non	41,18%	39,16%	57,61%	47,26%	38,36%	33,64%	35,64%	45,45%
NC	5,39%	9,04%	8,63%	7,99%	12,33%	10,91%	12,87%	7,69%

TÁBOA 77. PROLONGACIÓN DA XORNADA LABORAL POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

O tempo empregado polos traballadores en ir dende a súa casa ao traballo é inferior aos 30 minutos en máis do 90% dos casos, e son lixeiras as diferenzas segundo o sexo dos enquisados, segundo se pode comprobar no gráfico 93.

GRÁFICO 93. TEMPO DE DESPRAZAMENTO DENDE CASA AO TRABALLO SEGUNDO O SEXO



Ao facer a segmentación por sectores do tempo empregado neste desprazamento, destácanse nas táboas 78 e 79 as celas que superan a porcentaxe sobre o total dos rangos de tempo superiores aos 30 minutos. As diferenzas son pequenas, e son os traballadores da construción e da pesca os que tardan máis en chegar ao seu lugar de traballo.

CANTO TEMPO TARDA VOSTEDE HABITUALMENTE EN CHEGAR DENDE A SÚA CASA AO TRABALLO?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Menos de 10 min	35,13%	49,49%	41,67%	29,88%	19,32%	38,20%
De 10 a 20 min	42,30%	31,31%	39,58%	47,41%	44,44%	41,23%
De 21 a 30 min	13,87%	9,09%	13,54%	15,06%	18,84%	12,95%
De 31 a 40 min	4,38%	4,04%	1,04%	4,94%	5,80%	4,22%
De 41 a 50 min	1,37%	3,03%	0,00%	0,74%	2,42%	1,38%
De 51 a 60 min	0,90%	1,01%	2,08%	0,49%	2,90%	0,55%
Máis de 60 min	0,74%	1,01%	2,08%	0,49%	1,45%	0,55%
NC	1,32%	1,01%	0,00%	0,99%	4,83%	0,92%


TÁBOA 78. TEMPO DE DESPRAZAMENTO DENDE CASA AO TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Das porcentaxes que se detallan na táboa 79, pódese afirmar que os traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría son os que máis tempo empregan en chegar ao seu traballo, xunto cos operadores de instalacións e maquinaria e montadores.

CANTO TEMPO TARDA VOSTEDE HABITUALMENTE EN CHEGAR DENDE A SÚA CASA AO TRABALLO?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Menos de 10 min	31,37%	37,95%	32,49%	39,27%	58,90%	26,36%	21,78%	32,87%
De 10 a 20 min	48,04%	43,37%	46,45%	39,50%	30,14%	37,27%	51,49%	43,36%
De 21 a 30 min	10,29%	12,65%	13,96%	13,70%	4,11%	21,36%	11,88%	16,08%
De 31 a 40 min	5,39%	4,82%	2,79%	4,11%	4,11%	6,82%	6,93%	2,80%
De 41 a 50 min	2,45%	0,60%	2,28%	0,91%	0,00%	1,82%	0,99%	0,70%
De 51 a 60 min	0,00%	0,00%	1,02%	0,68%	1,37%	1,82%	1,98%	0,70%
Máis de 60 min	0,49%	0,00%	0,76%	0,68%	1,37%	0,91%	0,99%	2,10%
NC	1,96%	0,60%	0,25%	1,14%	0,00%	3,64%	3,96%	1,40%

TÁBOA 79. TEMPO DE DESPRAZAMENTO DENDE CASA AO TRABALLO POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

O último aspecto que cómpre avaliar sobre os horarios de traballo é a compatibilidade destes cos compromisos sociais e familiares dos traballadores. No gráfico 94 móstranse os resultados por sexo, e as diferenzas non son significativas. A porcentaxe sobre o total das categorías “negativas” (“non moi ben” é “nada ben”), que indican problemas de conciliación, é do 28,79%, o que supón algo máis dun de cada catro traballadores.



Na análise por sectores da táboa 80, a construción mostra a maior porcentaxe de traballadores con problemas de conciliación, con porcentaxes do 22,22% en “non moi ben” e do 12,56% en “nada ben”; o sector agrario, a pesca e os servizos teñen porcentaxes similares, aínda que é o sector agrario, co 15,15% na categoría “nada ben”, o sector que se pode considerar con peores resultados.

EN XERAL, O SEU HORARIO DE TRABALLO ADÁPTASE AOS SEUS COMPROMISOS SOCIAIS E FAMILIARES?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Moi ben	23,21%	31,31%	34,38%	19,75%	12,08%	24,89%
Ben	45,20%	36,36%	39,58%	49,14%	48,79%	44,35%
Non moi ben	18,51%	13,13%	10,42%	20,25%	22,22%	18,37%
Nada ben	10,28%	15,15%	12,50%	7,41%	12,56%	10,28%
NS/NC	2,80%	4,04%	3,13%	3,46%	4,35%	2,11%

TÁBOA 80. ADAPTACIÓN DO HORARIO DE TRABALLO AOS COMPROMISOS PERSOAIS POR SECTORES DE ACTIVIDADE

En relación coas peores porcentaxes dalgúns trupos por ocupación da táboa 81, os operadores de instalacións e maquinaria e montadores teñen a maior porcentaxe de problemas de conciliación co 27,72% na categoría “non moi ben” e o 11,88% en “nada ben”; os técnicos e profesionais de apoio, o 25,90% en “non moi ben” e o 9,04% en “nada ben”, mentres que, nos traballadores cualificados da agricultura e da pesca, aínda que a suma das porcentaxes de ambas as dúas categorías negativas é inferior á mesma suma sobre o total, os traballadores que non concilian “nada ben” o seu traballo coa súa vida fóra del é o máis alto de todos os sectores, co 17,81%.

EN XERAL, O SEU HORARIO DE TRABALO SE ADAPTA AOS SEUS COMPROMISOS SOCIAIS E FAMILIARES?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Moi ben	23,04%	19,28%	22,08%	23,74%	35,62%	17,73%	16,83%	28,67%
Ben	48,04%	44,58%	51,27%	42,47%	32,88%	48,64%	42,57%	41,96%
Non moi ben	16,18%	25,90%	17,77%	19,63%	9,59%	20,00%	27,72%	13,99%
Nada ben	12,25%	9,04%	5,84%	11,42%	17,81%	11,36%	11,88%	8,39%
NS/NC	0,49%	1,20%	3,05%	2,74%	4,11%	2,27%	0,99%	6,99%

TÁBOA 81. ADAPTACIÓN DO HORARIO DE TRABALO AOS COMPROMISOS POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Para analizar as quendas de traballo dende o punto de vista da conciliación da vida laboral e social, elaborouse a táboa 82, na que se cruzan os horarios de traballo coas valoracións que fan deles os traballadores, e tomouse como nivel de referencia a quenda de traballo maioritario, que é a xornada partida, na primeira fila da táboa. Coas peores porcentaxes obtidas figuran as quendas non periódicas que aparecen na táboa co nome de “outra quenda”, que son as peor valoradas co 36% de “nada ben” e o 12% de “non moi ben”; a quenda rotativa mañá/tarde/noite tamén é mala, co 23,08% na categoría “nada ben” e o 17,31% na “non moi ben”; a xornada continua de noite tamén está entre as peores quendas, co 30,43% na categoría “non moi ben” e o 13,04% na “nada ben”.

HORARIO HABITUAL DE TRABALLO	COMPATIBILIDADE COS COMPROMISOS PERSOAIS			
	Moi ben	Ben	Non moi ben	Nada ben
Xornada partida (mañá e tarde)	20,98%	45,69%	20,20%	10,57%
Xornada continua mañá	40,23%	48,83%	6,25%	2,73%
Xornada continua tarde	35,14%	31,08%	18,92%	13,51%
Xornada continua noite	34,78%	21,74%	30,43%	13,04%
Rotativo mañá/tarde	12,08%	49,66%	25,50%	8,05%
Rotativo mañá/tarde/noite	13,46%	46,15%	17,31%	23,08%
Rotativo outro tipo	16,67%	50,00%	16,67%	16,67%
Outra quenda	8,00%	36,00%	12,00%	36,00%

TÁBOA 82. VALORACIÓN DOS HORARIOS DE TRABALLO EN FUNCIÓN DO TIPO DE XORNADA

Condutas violentas no traballo: violencia, discriminación e acoso

Esta sección refírese a un conxunto de situacións que teñen en común a posibilidade de producir danos psicolóxicos e físicos aos traballadores, que van dende os que se senten discriminados por diferentes motivos, pasando por situacións de acoso psicolóxico ou sexual, ata ameazas de violencia física e a súa materialización. Para iso, fixéronse preguntas sobre se os traballadores sufriron estas situacións nos últimos doce meses dispuxéronse en táboas segundo as variables sexo e ocupación. As táboas da 83 á 92 seguintes, pódense agrupar en tres subseccións: **condutas violentas**, que van dende o acoso sexual, ameazas de violencia física e feitos de violencia física; **discriminación**, preguntas realizadas sobre o conxunto dos traballadores, nas cales se lles preguntaba se se sentían vítimas de discriminación por razón de idade, nacionalidade, sexo...; **acoso psicolóxico**, neste último punto fixéronse tres preguntas referidas a situacións que se consideran de acoso psicolóxico que van dende as ameazas sobre os bens ou efectos do traballador, accións que pretenden causar danos na autoestima, na reputación profesional ou facerlle dano ao coartar as relacións persoais no traballo.

CONDUTAS VIOLENTAS

Aínda que en principio puidese parecer o contrario, as porcentaxes plasmadas na táboa 83 non permiten afirmar unha diferenza significativa entre homes e mulleres que sufrisen os feitos que se enumeran na táboa. As ameazas de violencia física contra os traballadores, que é a situación máis frecuente, dá uns resultados practicamente iguais para os dous sexos, mentres que a materialización da violencia prodúcese máis sobre os homes.

CONDUTAS VIOLENTAS (NOS ÚLTIMOS 12 MESES)	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Ameazas de violencia física	4,11%	4,22%	4,00%
Violencia física cometida por persoas pertencentes ao seu lugar de traballo	0,26%	0,50%	0,00%
Violencia física cometida por persoas non pertencentes ao seu lugar de traballo	2,48%	3,12%	1,78%
Pretensións sexuais non desexadas (acoso sexual)	0,42%	0,40%	0,44%

TÁBOA 83. ACOSO SEXUAL, AMEAZAS OU VIOLENCIA FÍSICA NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O SEXO

Na táboa 84, aparecen diferenzas entre os traballadores se os agrupamos segundo a súa ocupación. Os traballadores da hostalaría e vendedores, servizos persoais e de protección son os que sofren máis ameazas de violencia física, co 7,76%, así como a violencia física por persoas alleas ao lugar de traballo, co 5,48%. A violencia física entre compañeiros é máis frecuente nos traballadores cualificados da agricultura e da pesca co 1,37%. As situacións de acoso sexual son máis frecuentes entre os profesionais científicos e intelectuais, co 0,98% dos casos deste grupo.

CONDUTAS VIOLENTAS (NOS ÚLTIMOS 12 MESES)	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Ameazas de violencia física	4,41%	3,01%	3,81%	7,76%	0,00%	0,00%	2,97%	2,80%
Violencia física cometida por persoas pertencentes ao seu lugar de traballo	0,00%	0,60%	0,25%	0,00%	1,37%	0,91%	0,00%	0,00%
Violencia física cometida por persoas non pertencentes ao seu lugar de traballo	1,47%	0,00%	2,54%	5,48%	0,00%	0,00%	1,98%	2,10%
Pretensións sexuais non desexadas (acoso sexual)	0,98%	0,00%	0,25%	0,68%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%

TÁBOA 84. ACOSO SEXUAL, AMEAZAS OU VIOLENCIA FÍSICA NOS ÚLTIMOS 12 MESES POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

DISCRIMINACIÓN

De seguido, nas táboas 85 e 86, agrúpanse os resultados por sexo e por ocupación en relación coa ocorrencia de feitos que lles fixeran sentirse vítimas dalgún tipo de discriminación. Estas preguntas fixéronselles ao conxunto dos traballadores, polo que deben valorarse dentro do ámbito global e non pretenden ser unha análise da situación dun colectivo concreto, por exemplo: non trata os traballadores agrupándoos por nacionalidade (estranxeiros), por raza ou pola súa relixión, xa que para facer estas análises é necesario facer estudos específicos deseñados para conseguir mostras representativas de colectivos concretos.

DISCRIMINACIÓN (NOS ÚLTIMOS 12 MESES)	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Discriminación pola idade	0,58%	0,40%	0,78%
Discriminación pola nacionalidade	0,37%	0,40%	0,33%
Discriminación sexual/discriminación por sexo	0,47%	0,30%	0,67%
Discriminación pola raza ou etnia	0,05%	0,00%	0,11%
Discriminación pola relixión	0,05%	0,00%	0,11%
Discriminación por unha discapacidade	0,05%	0,00%	0,11%
Discriminación pola orientación sexual	0,05%	0,10%	0,00%

TÁBOA 85. DISTINTOS FEITOS DE DISCRIMINACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O SEXO

DISCRIMINACIÓN (NOS ÚLTIMOS 12 MESES)	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinari e montadores	Traballadores non cualificados
Discriminación pola idade	1,47%	1,20%	0,51%	0,46%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Discriminación pola nacionalidade	0,49%	0,60%	0,00%	0,91%	0,00%	0,45%	0,00%	0,00%
Discriminación sexual/discriminación por xénero	0,49%	1,20%	0,25%	0,91%	0,00%	0,00%	0,00%	0,70%
Discriminación pola raza ou etnia	0,00%	0,00%	0,00%	0,23%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Discriminación pola relixión	0,49%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Discriminación por unha discapacidade	0,00%	0,00%	0,25%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Discriminación pola orientación sexual	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,45%	0,00%	0,00%

TÁBOA 86. DISTINTOS FEITOS DE DISCRIMINACIÓN NOS ÚLTIMOS 12 MESES POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

ACOSO PSICOLÓXICO

Os resultados obtidos a tres preguntas que buscan poñer de manifesto a existencia de condutas de acoso psicolóxico aos traballadores móstranse nas táboas da 87 á 92, onde se agrupan os resultados obtidos en función das variables sexo e ocupación dos enquisados. Estas condutas, sen desmerecer a gravidade que poidan ter os efectos que causen, son pouco frecuentes como se pode comprobar nas devanditas táboas, e non son significativas salvo que nos concentremos en grupos concretos de traballadores.

Nas táboas 87 e 88 tabúlanse as porcentaxes das respostas obtidas de traballadores e traballadoras e da agrupación segundo a ocupación á pregunta de se sufriron ameazas nos últimos doce meses, orais ou por escrito, e de se sufriron danos nos seus bens ou no seu posto de traballo. As porcentaxes obtidas non permiten asegurar que o sexo sexa un factor determinante para ser vítima destas ameazas, e ao segmentar polas ocupacións dos traballadores, só os traballadores da hostalaría, de servizos persoais, de protección e vendedores, xunto cos técnicos e profesionais de apoio, e os técnicos e profesionais científicos e intelectuais, presentan porcentaxes con certa relevancia.

SOFRE AMEAZAS (AMEAZAS ORAIS, ESCRITAS, POR TELÉFONO; OCASIÓNANLLE DANOS NO SEU POSTO DE TRABALLO, NO VEHÍCULO, NO SEU DOMICILIO...)	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Si, diariamente	0,16%	0,20%	0,11%
Si, polo menos unha vez por semana	0,26%	0,20%	0,33%
Si, algunhas veces ao mes	0,21%	0,30%	0,11%
Si, algunhas veces ao ano	1,32%	1,41%	1,22%
Non	94,57%	95,18%	93,90%
NC	3,48%	2,71%	4,33%

TÁBOA 87. AMEAZAS ORAIS OU ESCRITAS DE DANOS NOS SEUS BENS OU NO POSTO DE TRABALLO FEITAS NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O SEXO

SOFRE AMEAZAS (AMEAZAS ORAIS, ESCRITAS, POR TELÉFONO; OCASIÓANLLE DANOS NO SEU POSTO DE TRABALLO, NO VEHÍCULO, NO SEU DOMICILIO...)	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si, diariamente	0,00%	0,60%	0,00%	0,23%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Si, polo menos unha vez por semana	0,00%	0,60%	0,00%	0,91%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Si, algunhas veces ao mes	0,49%	0,00%	0,25%	0,00%	0,00%	0,45%	0,00%	0,00%
Si, algunhas veces ao ano	2,45%	2,41%	1,02%	1,37%	0,00%	0,45%	0,00%	3,50%
Non	94,12%	95,18%	97,46%	91,10%	91,78%	95,91%	98,02%	94,41%
NC	2,94%	1,20%	1,27%	6,39%	8,22%	3,18%	1,98%	2,10%

TÁBOA 88. AMEAZAS ORAIS OU ESCRITAS DE DANOS NOS SEUS BENS OU NO POSTO DE TRABALLO FEITAS NOS ÚLTIMOS 12 MESES POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Se o acoso psicolóxico se manifesta dificultando as relacións persoais entre compañeiros no traballo, os resultados obtidos non aseguran que as diferenzas sexan significativas dependendo do sexo dos enquisados. Segundo as ocupacións dos traballadores, os grupos que sofren este acoso en porcentaxes de certa relevancia son os técnicos e profesionais de apoio, os traballadores non cualificados e os técnicos e profesionais científicos e intelectuais. As afirmacións anteriores pódense comprobar nas táboas 89 e 90.

PÓÑENLLE DIFICULTADES PARA COMUNICARSE (IMPÍDENLLE EXPRESARSE, NON SE LLE FALA, EVÍTASELLE A MIRADA, IGNÓRASE A SÚA PRESENZA, PROHÍBESE QUE SE FALE CON VOSTEDE...)	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Si, diariamente	0,53%	0,50%	0,55%
Si, polo menos unha vez por semana	0,63%	0,60%	0,67%
Si, algunhas veces ao mes	1,00%	1,11%	0,89%
Si, algunhas veces ao ano	1,90%	1,81%	2,00%
Non	92,41%	93,17%	91,56%
NC	3,53%	2,81%	4,33%

TÁBOA 89. IMPEDIMENTOS PARA COMUNICARSE NO SEU POSTO DE TRABALLO NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O SEXO

PÓÑENLLE DIFICULTADES PARA COMUNICARSE (IMPÍDENLLE EXPRESARSE, NON SE LLE FALA, EVÍTASELLE A MIRADA, IGNÓRASE A SÚA PRESENZA, PROHÍBESE QUE SE FALE CON VOSTEDE...)	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si, diariamente	0,49%	1,20%	0,51%	0,46%	0,00%	0,45%	0,00%	1,40%
Si, polo menos unha vez por semana	0,00%	1,20%	0,51%	1,14%	1,37%	0,00%	0,99%	0,00%
Si, algunhas veces ao mes	3,92%	1,20%	0,25%	0,46%	0,00%	1,82%	0,00%	0,70%
Si, algunhas veces ao ano	4,41%	3,01%	1,78%	1,83%	0,00%	0,91%	0,00%	2,80%
Non	88,73%	92,17%	95,43%	89,50%	90,41%	93,64%	97,03%	93,01%
NC	2,45%	1,20%	1,52%	6,62%	8,22%	3,18%	1,98%	2,10%

TÁBOA 90. IMPEDIMENTOS PARA COMUNICARSE NO SEU POSTO DE TRABALLO NOS ÚLTIMOS 12 MESES POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

O acoso tamén se pode exercer buscando o descrédito persoal ou profesional. Ao igual que nas dúas preguntas anteriores, a porcentaxe de traballadores referida ao total é moi pequena e non se pode asegurar polos resultados que o sexo sexa significativo para sufrir estas accións. En canto á maior frecuencia en que traballadores sofren estes actos (dentro da baixa frecuencia xeral en que se producen), son grupos destacables: os traballadores non cualificados; os técnicos e profesionais de apoio; os traballadores da hostalaría, de servizos de protección e persoais e os vendedores; e os técnicos e profesionais científicos e intelectuais. As porcentaxes obtidas das respostas están na táboa 91 (por sexo) e na táboa 92 (por ocupación dos traballadores).

DESACREDÍTANO PERSOAL OU PROFESIONALMENTE (CALUMNIAS, RIDICULÍZASELLE, BÚRLANSE DA SÚA VIDA PRIVADA OU MANEIRA DE PENSAR, CUESTIÓNANSE AS SÚAS DECISIÓNS, ASÍGNANSELLE TAREFAS HUMILLANTES, NON SE LLE ASIGNAN TAREFAS, CRÍTÍCASE O TRABALLO DIANTE DE TERCEIROS)	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Si, diariamente	0,37%	0,40%	0,33%
Si, polo menos unha vez por semana	0,63%	0,50%	0,78%
Si, algunhas veces ao mes	0,69%	0,70%	0,67%
Si, algunhas veces ao ano	3,43%	2,81%	4,11%
Non	91,46%	92,86%	89,90%
NC	3,43%	2,71%	4,22%

TÁBOA 91. SOFRE ACCIÓNS QUE BUSCAN O SEU DESCRÉDITO PERSOAL OU PROFESIONAL NOS ÚLTIMOS 12 MESES SEGUNDO O SEXO

DESACREDÍTANO PERSOAL OU PROFESIONALMENTE (CALUMNIAS, RIDICULÍZASELLE, BÚRLANSE DA SÚA VIDA PRIVADA OU MANEIRA DE PENSAR, CUESTIÓNANSE AS SÚAS DECISIÓNS, ASÍGNANSELLE TAREFAS HUMILLANTES, NON SE LLE ASIGNAN TAREFAS, CRÍTÍCASE O TRABALLO DIANTE DE TERCEIROS)	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si, diariamente	0,49%	0,60%	0,00%	0,46%	0,00%	0,45%	0,00%	0,70%
Si, polo menos unha vez por semana	0,00%	1,20%	0,51%	1,37%	0,00%	0,00%	0,00%	0,70%
Si, algunhas veces ao mes	1,96%	0,00%	0,25%	0,46%	0,00%	0,91%	0,00%	1,40%
Si, algunhas veces ao ano	7,35%	2,41%	4,57%	3,20%	2,74%	2,27%	1,98%	3,50%
Non	87,75%	94,58%	93,40%	88,13%	89,04%	93,18%	96,04%	91,61%
NC	2,45%	1,20%	1,27%	6,39%	8,22%	3,18%	1,98%	2,10%

TÁBOA 92. SOFRE ACCIÓNS QUE BUSCAN O SEU DESCRÉDITO PERSOAL OU PROFESIONAL NOS ÚLTIMOS 12 MESES POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR




9-(Danos para a saúde)

Neste capítulo, analizaranse os danos de orixe laboral na saúde dos traballadores. Estes danos pódense producir en forma de accidentes de traballo ou como enfermidades profesionais. Os resultados que se plasman deseguido non teñen porque coincidir cos resultados oficiais, ao basearse a enquisa nunhas preguntas sobre unha mostra, e non nun reconto oficial de accidentes individuais que ten unha metodoloxía distinta.

Accidentes de traballo

ACCIDENTES

O primeiro gráfico mostra os resultados porcentuais das respostas dos enquisados segundo o seu sexo á pregunta de se nos dous últimos anos sufriron algún accidente con dano que necesítase de asistencia médica ou algún tratamento, aínda que fosen primeiros auxilios. A porcentaxe total dos que sufriron algún accidente é do 6,91%, o 7,24% dos homes e o 6,55% das mulleres. As diferenzas non son significativas para poder dicir que o sexo inflúe na posibilidade de que un traballador sufra un accidente.




Na táboa 93, agrúpanse os resultados polo sector de actividade da empresa que sinalan aos traballadores da industria, co 9,14%, como o sector con maior sinistralidade; seguido da pesca, co 8,33% e o sector agrario, co 8,08%. Esta sinistralidade non coincide coa oficial dos accidentes con baixa, na que os sectores de maior sinistralidade, tanto no 2008 coma no 2009, foron de maior a menor: construción, industria e pesca.

NOS DOS ÚLTIMOS ANOS, SUFRIU ALGÚN ACCIDENTE NO SEU TRABALLO QUE REQUIRIU ASISTENCIA MÉDICA OU TRATAMENTO, OU A APLICACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Si	6,91%	8,08%	8,33%	9,14%	3,86%	6,43%
Non	92,56%	91,92%	91,67%	90,62%	95,17%	92,93%
NC	0,53%	0,00%	0,00%	0,25%	0,97%	0,64%

TÁBOA 93. ACCIDENTES DE TRABALLO CON DANOS NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

No gráfico de barras, móstrase a porcentaxe de traballadores que sufriron un accidente dentro de cada grupo de idade. Descartando o tramo de traballadores con 65 ou máis anos, pola súa escasa representatividade, os grupos con maior porcentaxe de accidentes corresponden ao de 35 a 44 anos (8,11%), de 25 a 34 (7,29%) e de 18 a 24 anos (6,40%). Hai que ter en conta que esta gráfica indica a porcentaxe dos enquisados que sufriron un accidente dentro de cada grupo de poboación, pero a contribución de cada grupo de idade ao total dos accidentes laborais é distinta, ao tratarse de tamaños de poboación traballadora distinta; por exemplo: o número de traballadores do tramo de 45 a 54 anos é maior ao dos traballadores de 18 a 24.



Na táboa 94, agrúpanse os resultados á pregunta segundo a ocupación dos traballadores. Aínda que as dúas porcentaxes máis elevadas, os traballadores cualificados da agricultura e a pesca co 17,81% e os traballadores cualificados da industria, construción e minaría co 12,73%, son coincidentes coa percepción dos riscos por parte dos traballadores destes grupos de ocupación, non o é así a porcentaxe de accidentes declarada dos técnicos e profesionais de apoio, o 9,04%, segundo os datos do capítulo 5, na sección “percepción da exposición aos riscos de accidente”.

NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS, SUFRIU ALGÚN ACCIDENTE NO SEU TRABALLO QUE REQUIRISE ASISTENCIA MÉDICA OU TRATAMENTO, OU A APLICACIÓN DE PRIMEIROS AUXILIOS?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si	5,39%	9,04%	1,78%	7,99%	17,81%	12,73%	5,94%	5,59%
Non	94,12%	90,36%	97,46%	91,55%	82,19%	85,91%	94,06%	94,41%
NC	0,49%	0,60%	0,76%	0,46%	0,00%	1,36%	0,00%	0,00%

TÁBOA 94. ACCIDENTES DE TRABALLO CON DANOS NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS POR OCUPACIÓN DO PERSOAL

CAUSAS

Para coñecer as causas dos accidentes, a xuízo dos traballadores que os sufriron, fíxoselles unha pregunta para que indicasen ata tres causas que estivesen na orixe dos seus accidentes. Nos seguintes gráficos e táboas, móstranse as porcentaxes de resposta segundo diferentes variables de agrupación. Hai que ter en conta para a interpretación dos resultados que, ao permitirse máis dunha resposta por traballador, as porcentaxes totais poden superar o 100.

No gráfico 97 móstranse os resultados segundo o sexo sobre as tres causas que a xuízo dos traballadores provocaron os seus accidentes. As tres causas con maior porcentaxe sobre o total son: distraccións, descoidos, despistes, falta de atención, co 29,77%; posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa, co 21,37%; e cansazo ou fatiga, co 12,98%.

GRÁFICO 97. CAUSAS DOS ACCIDENTES SUFRIDOS POLOS TRABALLADORES SEGUNDO O SEXO (RESPOSTA MÚLTIPLE)



Para facilitar a representación e a toma en consideración daquelas máis relevantes dende o punto de vista da prevención, nas táboas 95 á 97 non se representaron todas as causas dos accidentes senón as tres principais por porcentaxe total e aquelas outras que se consideraron importantes para algunha das análises por agrupación (idade, sexo e ocupación), situado en primeiro lugar as tres causas principais, eliminouse o grupo de idade dos traballadores de 65 ou máis anos por non ter resultados representativos.

As distraccións, descoidos etc. son a causa principal que destaca máis nos traballadores de máis de 45 anos, con porcentaxes do 42,86 no grupo de 55 a 64 anos e do 38,10% no grupo de idade de 45 a 54. As posturas e sobreesforzos son unha causa destacable nos traballadores máis novos, co 25% no grupo de 18 a 24 anos, e do 23,91% no grupo de 25 a 34 anos. A terceira causa por porcentaxe é o cansazo ou a fatiga, que é unha causa importante para os traballadores de 18 a 24 anos e para os traballadores de 45 a 54 anos.

CALES FORON AS TRES PRINCIPAIS CAUSAS DESTE ACCIDENTE OU ACCIDENTES?	TRAMOS DE IDADE				
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	25,00%	30,43%	21,74%	38,10%	42,86%
Por posturas forzadas ou por sobreesforzos durante a tarefa	25,00%	23,91%	21,74%	19,05%	0,00%
Por cansazo ou fatiga	25,00%	13,04%	8,70%	19,05%	0,00%
Trabállase moi rápido	0,00%	10,87%	8,70%	14,29%	0,00%
Causas relacionadas co tráfico	0,00%	13,04%	10,87%	0,00%	14,29%
Exceso de horas continuadas de traballo	12,50%	4,35%	8,70%	4,76%	14,29%
Por aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas	0,00%	10,87%	2,17%	4,76%	0,00%
O terreo ten gabias, noiros, desniveis, etc. que poden provocar o envorco de vehículos ou a caída de persoas	0,00%	2,17%	2,17%	9,52%	0,00%

TÁBOA 95. CAUSAS DOS ACCIDENTES SUFRIDOS POLOS TRABALLADORES SEGUNDO GRUPOS DE IDADE

Se se analiza por sectores, convén destacar no sector agrario as distraccións, descoidos, etc., sinalada como causa principal polo 62,50% dos traballadores, e o exceso de horas continuadas de traballo co 25,00%. Na pesca as porcentaxes están bastante repartidas, sendo o exceso de horas continuadas de traballo, co 25,00%, a causa máis importante. Na industria, as dúas principais causas dos accidentes coinciden coas do global dos traballadores, cunha porcentaxe do 29,73% en ambas as dúas, e é a terceira causa principal para os traballadores deste sector, traballar moi rápido co 18,92%. Para os traballadores da construción, son as distraccións, descoidos, etc., a causa principal, co 37,50% dos enquisados, e son tamén causas importantes, co 12,50%: as aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas, que o terreo teña gabias, noiros, desniveis etc., e as causas debidas ao tráfico. Nos servizos, as tres causas máis importantes coinciden coas do total dos traballadores (é o sector de maior peso), con porcentaxes do 27,14% para as distraccións, descoidos etc. do 21,43% para as posturas forzadas ou por os sobreesforzos e do 12,86%, por cansazo ou fatiga.

CALES FORON AS TRES PRINCIPAIS CAUSAS DESTE ACCIDENTE OU ACCIDENTES?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	29,77%	62,50%	12,50%	29,73%	37,50%	27,14%
Por posturas forzadas ou por sobreesforzos durante a tarefa	21,37%	12,50%	12,50%	29,73%	0,00%	21,43%
Por cansazo ou fatiga	12,98%	12,50%	12,50%	16,22%	0,00%	12,86%
Trabállase moi rápido	9,16%	12,50%	0,00%	18,92%	0,00%	5,71%
Causas relacionadas co tráfico	9,16%	12,50%	12,50%	2,70%	12,50%	11,40%
Exceso de horas continuadas de traballo	6,87%	25,00%	25,00%	10,81%	0,00%	1,43%
Por aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas	6,11%	0,00%	12,50%	0,00%	12,50%	8,60%
O terreo ten gabias, noiros, desniveis, etc. que poden provocar o envorco de vehículos ou a caída de persoas	3,82%	12,50%	0,00%	2,70%	12,50%	2,86%

TÁBOA 96. CAUSAS DOS ACCIDENTES SUFRIDOS POLOS TRABALLADORES POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Na táboa 97, agrúpanse as causas dos accidentes dos traballadores da enquisa segundo as súas ocupacións. Ademais das tres causas principais, outras teñen, nalgúnhas profesións, valores importantes que se comentan a continuación: nos técnicos e profesionais científicos e intelectuais, as causas relacionadas co tráfico son citadas no 36,36% dos casos; nos técnicos e profesionais de apoio, tamén as causas relacionadas co tráfico teñen certa importancia, co 13,33%, xunto coas aberturas e ocos desprotexidos de escaleiras e plataformas coa mesma porcentaxe; nos empregados de tipo administrativo, que son o grupo de traballadores que menos causas de accidente citan, o exceso de horas continuadas de traballo alcanza o 14,29%; para os traballadores da hostalaría, servizos persoais, etc., fóra das tres causas principais, traballar moi rápido é a seguinte causa en importancia co 11,43%; no grupo dos traballadores cualificados da agricultura e da pesca, é unha causa importante o exceso de horas continuadas de traballo; os traballadores cualificados da industria, construción e minaría, indican o exceso de horas continuadas co, 17,86%, xunto con traballar moi rápido co 14,29%, como causas importantes dos accidentes que sufriron; os operadores de instalacións e maquinaria e os montadores, agrupan case todas as súas respostas nas tres causas principais, sendo importante fóra delas traballar moi rápido, co 16,67% dos casos; os traballadores non cualificados son o grupo de traballadores que máis número de causas sinalaron, polo que na maioría delas, superan a porcentaxe sobre o total; fóra das tres principais, pódense destacar as aberturas e ocos desprotexidos de escaleiras ou plataformas, co 25,00% dos casos.


CALES FORON AS TRES PRINCIPAIS CAUSAS DESTE ACCIDENTE OU ACCIDENTES?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	18,18%	33,33%	14,29%	31,43%	38,46%	25,00%	50,00%	37,50%
Por posturas forzadas ou por sobreesforzos durante a tarefa	9,09%	20,00%	28,57%	20,00%	23,08%	28,57%	16,67%	25,00%
Por cansazo ou fatiga	18,18%	6,67%	0,00%	17,14%	15,38%	10,71%	16,67%	25,00%
Trabállase moi rápido	0,00%	0,00%	0,00%	11,43%	7,69%	14,29%	16,67%	12,50%
Causas relacionadas co tráfico	36,36%	13,33%	0,00%	8,57%	7,69%	0,00%	0,00%	12,50%
Exceso de horas continuadas de traballo	0,00%	0,00%	14,29%	0,00%	23,08%	17,86%	0,00%	0,00%
Por aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas	9,09%	13,33%	0,00%	5,71%	0,00%	3,57%	0,00%	25,00%
O terreo ten gabias, noiros, desniveis etc. que poden provocar o envorco de vehículos ou a caída de persoas	18,18%	6,67%	0,00%	0,00%	7,69%	0,00%	0,00%	0,00%

TÁBOA 97. CAUSAS DOS ACCIDENTES SUFRIDOS POLOS TRABALLADORES POR OCUPACIÓN

Enfermidades profesionais

Nos seguintes gráficos e táboas expóñense as porcentaxes de resposta obtidas a unha serie de preguntas relacionadas coas enfermidades profesionais. Nalgúns deles, en que a variable de agrupación dos datos era a idade, suprimíuse algún grupo ao considerar os resultados pouco relevantes, por ser os tamaños da mostra demasiado pequenos para poder ter certeza das porcentaxes calculadas, e por dar valores non coherentes cos demais grupos de idade, que indica nos comentarios que os acompañan. Os resultados obtidos mostran unha incidencia moito maior das enfermidades profesionais do que aparece nas estatísticas obtidas de datos oficiais (sistema de comunicación de enfermidades profesionais da Seguridade Social, CEPROSS); aínda que é necesario considerar que é posible un certo grao de confusión entre o que é enfermidade profesional e enfermidade de orixe laboral.

No gráfico 98, móstranse os resultados por sexo á pregunta realizada concernente a se o traballador ou traballadora tiña recoñecida ou estaba en trámite de recoñecemento dunha enfermidade profesional. A porcentaxe obtida sobre o total dos traballadores enquisados foi do 2,58%, e non son significativas as diferenzas entre homes e mulleres.




Na táboa 98, a variable de agrupación é o sector de actividade da empresa do traballador. Aínda que as porcentaxes obtidas son máis altas que as oficiais, o resultado no sector da pesca é aínda maior, polo que cabe a posibilidade, comentada ao comezo desta sección, de que as respostas superen a realidade das enfermidades producidas polo traballo, xa que no caso contrario un de cada doce traballadores do sector pesqueiro ten unha enfermidade laboral ou está en trámites para que se lle recoñeza.

DIAGNOSTICÓU-SELLE OU ESTÁ EN TRÁMITE DE RECOÑECEMENTO DALGUNHA ENFERMIDADE PROFESIONAL?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Si	2,58%	2,02%	8,33%	2,47%	2,90%	2,11%
Non	95,52%	95,96%	89,58%	96,30%	93,72%	96,05%
NC	1,90%	2,02%	2,08%	1,23%	3,38%	1,84%

TÁBOA 98. ENFERMIDADE PROFESIONAL DIAGNOSTICADA OU EN TRÁMITE DE RECOÑECEMENTO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

No gráfico 99, elimináronse os grupos de idade dos traballadores entre 18 e 24 anos (son poucos os anos que traballaron), e os de máis de 65 anos (o tamaño de mostra é pequeno para ter unha porcentaxe significativa). Das porcentaxes obtidas por grupos de idade representados no gráfico, dedúcese que as enfermidades profesionais recoñecidas (xunto coas que están en trámites de recoñecemento) aumentan coa idade dos traballadores, e é máis notable o incremento a partir dos 45 anos de idade (2,12% para os de 35 a 44 anos e 3,64% para os de 45 a 54 anos).




Ao agrupar as respostas segundo as ocupacións dos traballadores, obtemos as porcentaxes da táboa 99. Se se considera a parte dereita desta como a dos traballadores manuais, vese que todos eles superan a media, e a maior porcentaxe alcánzase entre os traballadores cualificados da agricultura e da pesca co 5,48%, o cal é coherente cos resultados obtidos na agrupación por sectores. O seguinte grupo de traballadores, co 4,55%, é o dos artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción ou minaría.

DIAGNOSTICÓUSELLE OU ESTÁ EN TRÁMITE DE RECOÑECIMENTO DALGUNHA ENFERMIDADE PROFESIONAL?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si	3,43%	3,01%	0,25%	2,97%	5,48%	4,55%	3,96%	3,50%
Non	95,10%	96,39%	98,22%	94,75%	89,04%	92,73%	94,06%	93,71%
NC	1,47%	0,60%	1,52%	2,28%	5,48%	2,73%	1,98%	2,80%

TÁBOA 99. ENFERMIDADE PROFESIONAL DIAGNOSTICADA OU EN TRÁMITE DE RECOÑECIMENTO POR OCUPACIÓN DOS TRABALLADORES

O efecto que sobre a súa saúde ten o traballo realizado móstrase nos resultados agrupados por sexo do gráfico 100, onde se aprecia unha diferenza significativa entre os homes (o 26,23%) e as mulleres (o 20,31%), que cren que si lles está a afectar.




Na táboa 100, detállanse os resultados por sector de actividade, da percepción dos traballadores de que o seu traballo lles está a afectar a saúde. Existen diferenzas significativas por sectores, se son a pesca, co 36,46% dos enquisados, e a agricultura, co 32,32%, os sectores nos que maiores porcentaxes se obteñen.

CONSIDERA VOSTEDE QUE O SEU TRABALLO ESTÁ AFECTANDO Á SÚA SAÚDE?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construcción	Servizos
Si	23,42%	32,32%	36,46%	23,21%	27,54%	20,75%
Non	74,37%	64,65%	61,46%	75,06%	70,05%	76,95%
NS/NC	2,22%	3,03%	2,08%	1,73%	2,42%	2,30%

TÁBOA 100. CONSIDERACIÓN DE QUE O TRABALLO AFECTA A SAÚDE POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Segundo aumenta a idade dos traballadores, maior é a percepción de que o traballo lles afecta á saúde, como se pode comprobar no gráfico 101, e son os traballadores do grupo de 55 a 64 os que notan que lles afecta o 32,89% (case un de cada tres). Neste gráfico omitiuse o grupo de idade de maiores de 65 anos, polos motivos indicados anteriormente.



A percepción por ocupación móstrase na táboa 101. Hai diferenzas significativas entre os traballadores de ocupacións basicamente manuais (parte dereita) das do resto da táboa. De novo son os traballadores cualificados da pesca e da agricultura, co 39,73%, o grupo profesional que obtén maior porcentaxe, seguido neste caso polos traballadores non cualificados, co 32,87%.

CONSIDERA VOSTEDE QUE O SEU TRABAJO ESTÁ AFECTANDO A SÚA SAÚDE?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Si	24,02%	19,88%	15,48%	23,06%	39,73%	30,45%	27,72%	32,87%
Non	74,02%	79,52%	82,74%	74,43%	56,16%	65,00%	68,32%	66,43%
NS/NC	1,96%	0,60%	1,78%	2,51%	4,11%	4,55%	3,96%	0,70%

TÁBOA 101. CONSIDERACIÓN DE QUE O TRABAJO AFECTA A SAÚDE POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Aos traballadores que contestaron Si á pregunta do efecto do seu traballo na súa saúde (o 23,42% do total), pedíuselles que indicasen que sintomatoloxía lles producía, e analizáronse eses datos polas variables de agrupación habituais neste informe. As porcentaxes obtidas a esta pregunta, na cal se podían indicar varias respostas (resposta múltiple), detállanse agrupadas polo sexo dos enquisados na táboa 102. Os síntomas ordenáronse de maior a menor, e destácanse en primeiro lugar, os tres con maior porcentaxe total cunha cor distinta, e logo outro grupo de cinco síntomas que lles seguen en porcentaxe, e que teñen maior peso nun sector de actividade concreto. Do grupo dos tres síntomas máis indicados (a dor de costas co 52,03%, xunto coa dor de pescozo ou caluga co 40,99%, e o estrés, co 39,64%), destaca a porcentaxe de mulleres que se queixan de dor de pescozo ou caluga (o 49,18%). Do seguinte grupo de cinco síntomas, convén destacar a dor nalgún membro superior que afecta máis ás mulleres, co 26,78%, das que cren que o seu traballo lles produce trastornos na súa saúde.

COMO CRE QUE AFECTA A SÚA SAÚDE?	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
Dor de costas	52,03%	53,64%	49,73%
Dor de pescozo/caluga	40,99%	35,25%	49,18%
Estrés	39,64%	40,23%	38,80%
Dor nalgún membro superior: ombreiro, brazo, cóbado, antebrazo (agás pulso, man ou dedos)	23,20%	20,69%	26,78%
Dor nalgún membro inferior: cadeira, coxa, xeonllo, perna, nocello, pé	16,67%	16,48%	16,94%
Alteracións da visión ou fatiga visual (cansazo de ollos)	16,22%	16,86%	15,30%
Dor de cabeza (cefalea)	14,19%	13,79%	14,75%
Dor no pulso, na man ou nos dedos	12,39%	9,58%	16,39%
Problemas de insomnio ou alteracións do sono en xeral	8,78%	9,58%	7,65%
Feridas por cortes, picadas, golpes e proxeccións	8,33%	11,49%	3,83%
Diminución da audición	8,33%	10,34%	5,46%
Depresión	6,98%	8,05%	5,46%

Hernia de disco	6,53%	7,66%	4,92%
Dor de estómago, alteracións gastrointestinais (gastrite, úlcera, malas dixestións, diarrea, estrinximento)	6,53%	6,90%	6,01%
Tensión arterial alta	5,63%	7,66%	2,73%
Enfermidades das veas (varices, trombose)	5,63%	3,07%	9,29%
Cansazo crónico	5,18%	6,51%	3,28%
Dificultades ou enfermidades respiratorias (gripe, arrefriado, pneumonía etc.)	4,28%	5,36%	2,73%
Escordadura, luxación, fractura ou esgazaduras musculares	4,05%	4,98%	2,73%
Queimaduras	3,83%	4,21%	3,28%
Problemas da voz	3,60%	1,92%	6,01%
Vertixes ou mareos	3,38%	2,68%	4,37%
Enfermidades ou problemas da pel	2,70%	3,07%	2,19%
Asma	2,25%	2,68%	1,64%
Alerxias	2,25%	1,15%	3,83%
Enfermidades do corazón	1,13%	1,92%	0,00%
Intoxicación aguda	0,90%	1,15%	0,55%
Enfermidades do fígado e das súas vías biliares	0,23%	0,38%	0,00%
Enfermidades do ril e vías urinarias (cálculos, infeccións...)	0,23%	0,38%	0,00%
Outra	0,90%	0,77%	1,09%
NS/NC	1,80%	2,30%	1,09%

TÁBOA 102. COMO CRE QUE LLE AFECTA Á SÚA SAÚDE (SÍNTOMAS) SEGUNDO O SEXO (RESPOSTA MÚLTIPLE)

A táboa 103, expresa as porcentaxes da agrupación das respostas por sector de actividade da empresa, dos síntomas dos que se queixan os traballadores que cren que o seu traballo afecta a súa saúde. As máis destacables: do sector agrario sobresaen o 78,13% que teñen dor de costas; na pesca, a dor nalgún membro superior co 45,71%, é o segundo síntoma máis indicado por detrás da dor de costas, co 51,43%; na industria, os tres primeiros síntomas por porcentaxe coinciden cos tres indicados en xeral, é a dor de costas o 51,06%; igual acontece na construción, aínda que a porcentaxe de traballadores con dor de costas é lixeiramente inferior (o 49,12%); nos servizos, o estrés é o síntoma maioritario, co 50% dos traballadores que responderon a esta pregunta, por enriba da dor de costas co 49,56%.

COMO CRE QUE AFECTA A SÚA SAÚDE?	SECTORES DE ACTIVIDADE				
	Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Dor de costas	78,13%	51,43%	51,06%	49,12%	49,56%
Dor de pescozo/caluga	40,63%	42,86%	37,23%	33,33%	44,25%
Estrés	12,50%	17,14%	32,98%	38,60%	50,00%
Dor nalgún membro superior: ombreiro, brazo, cóbado, antebrazo (agás pulso, man ou dedos)	25,00%	45,71%	22,34%	17,54%	21,24%
Dor nalgún membro inferior: cadeira, coxa, xeonllo, perna, nocello, pé	18,75%	17,14%	14,89%	12,28%	18,14%
Alteracións da visión ou fatiga visual (cansazo de ollos)	6,25%	8,57%	21,28%	24,56%	14,60%
Dor de cabeza (cefalea)	0,00%	5,71%	10,64%	10,53%	19,91%
Dor no pulso, na man ou nos dedos	9,38%	17,14%	9,57%	12,28%	13,27%
Problemas de insomnio ou alteracións do sono en xeral	0,00%	2,86%	6,38%	8,77%	11,95%
Feridas por cortes, picadas, golpes e proxeccións	0,00%	11,43%	10,64%	5,26%	8,85%
Diminución da audición	3,13%	5,71%	18,09%	8,77%	5,31%

Depresión	3,13%	0,00%	6,38%	5,26%	9,29%
Hernia de disco	3,13%	20,00%	10,64%	3,51%	3,98%
Dor de estómago, alteracións gastrointestinais (gastrite, úlcera, malas dixestións, diarrea, estrinximento)	0,00%	0,00%	4,26%	3,51%	10,18%
Tensión arterial alta	3,13%	5,71%	4,26%	8,77%	5,75%
Enfermidades das veas (varices, trombose)	0,00%	0,00%	4,26%	1,75%	8,85%
Cansazo crónico	0,00%	5,71%	2,13%	10,53%	5,75%
Dificultades ou enfermidades respiratorias (gripe, arrefriado, pneumonía, etc.)	0,00%	2,86%	6,38%	3,51%	4,42%
Escordadura, luxación, fractura ou esgazaduras musculares	6,25%	8,57%	5,32%	0,00%	3,54%
Queimaduras	0,00%	2,86%	5,32%	1,75%	4,42%
Problemas da voz	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	7,08%
Vertixes ou mareos	3,13%	0,00%	4,26%	5,26%	3,10%
Enfermidades ou problemas da pel	0,00%	5,71%	1,06%	0,00%	3,98%
Asma	0,00%	0,00%	3,19%	3,51%	2,21%
Alerxias	0,00%	0,00%	2,13%	1,75%	3,10%
Enfermidades do corazón	0,00%	5,71%	0,00%	1,75%	0,88%
Intoxicación aguda	3,13%	0,00%	2,13%	0,00%	0,44%
Enfermidades do fígado e das súas vías biliares	0,00%	0,00%	0,00%	1,75%	0,00%
Enfermidades do ril e vías urinarias (cálculos, infeccións...)	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,44%
Outra	0,00%	5,71%	0,00%	0,00%	0,88%
NS/NC	3,13%	2,86%	2,13%	1,75%	1,33%

TÁBOA 103. COMO CRE QUE LLE AFECTA Á SÚA SAÚDE (SÍNTOMAS) POR SECTORES DE ACTIVIDADE (RESPOSTA MÚLTIPLE)

Considerando as respostas de traballadores de idades dos 25 aos 64 anos, que se mostran na táboa 104, comentaranse aquelas porcentaxes máis destacadas por grupos de idade. Dos 25 a 34 anos, o estrés é o segundo síntoma cunha porcentaxe do 45,52% (este grupo de idade é o de maior porcentaxe desta molestia), e a dor de costas é o primeiro, co 47,01%. Dos 35 a 44 anos, o 57,69% queixase de dor de costas (o grupo con maior porcentaxe) e o 43,85% de dor de pescozo ou caluga (tamén é este grupo de idade o de maior porcentaxe nesta molestia). No grupo dos 45 a 54 anos, ademais das tres causas maioritarias, que supoñen o principal das doenzas, é de destacar a dor nalgún membro superior, co 29,41% de entre os traballadores deste grupo, que se queixan de doenzas a causa do traballo. No grupo de idade dos 55 aos 64 anos, o estrés deixa de ser o terceiro síntoma en importancia, e é destacable, ademais da dor de costas, co 56% e da dor de pescozo ou caluga, co 42%, a dor en membros inferiores, co 28% e a dor nalgún membro superior, co 26%.

COMO CRE QUE AFECTA A SÚA SAÚDE?	TRAMOS DE IDADE			
	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64
Dor de costas	47,01%	57,69%	53,92%	56,00%
Dor de pescozo/caluga	41,04%	43,85%	37,25%	42,00%
Estrés	45,52%	38,46%	44,12%	20,00%
Dor nalgún membro superior: ombreiro, brazo, cóbado, antebrazo (agás pulso, man ou dedos)	18,66%	22,31%	29,41%	26,00%
Dor nalgún membro inferior: cadeira, coxa, xeonllo, perna, nocello, pé	12,69%	17,69%	14,71%	28,00%
Alteracións da visión ou fatiga visual (cansazo de ollos)	23,13%	16,15%	8,82%	18,00%
Dor de cabeza (cefalea)	15,67%	14,62%	14,71%	8,00%
Dor no pulso, na man e nos dedos	8,96%	14,62%	12,75%	12,00%
Problemas de insomnio ou alteracións do sono en xeral	8,96%	10,00%	8,82%	8,00%
Feridas por cortes, picadas, golpes e proxeccións	14,18%	7,69%	5,88%	2,00%
Diminución da audición	8,96%	8,46%	7,84%	12,00%

Depresión	8,21%	6,92%	7,84%	4,00%
Hernia de disco	3,73%	6,15%	9,80%	6,00%
Dor de estómago, alteracións gastrointestinais (gastrite, úlcera, malas dixestións, diarrea, estrinximento)	8,21%	6,15%	8,82%	0,00%
Tensión arterial alta	3,73%	7,69%	7,84%	4,00%
Enfermidades das veas (varices, trombose)	5,97%	3,85%	8,82%	4,00%
Cansazo crónico	4,48%	5,38%	4,90%	6,00%
Dificultades ou enfermidades respiratorias (gripe, arrefriado, pneumonía, etc.)	4,48%	3,85%	3,92%	6,00%
Escordadura, luxación, fractura ou esgazaduras musculares	4,48%	5,38%	1,96%	4,00%
Queimaduras	3,73%	5,38%	2,94%	2,00%
Problemas da voz	4,48%	3,85%	4,90%	0,00%
Vertixes ou mareos	1,49%	5,38%	3,92%	4,00%
Enfermidades ou problemas da pel	4,48%	3,85%	0,98%	0,00%
Asma	4,48%	2,31%	0,00%	2,00%
Alerxias	2,99%	3,85%	0,98%	0,00%
Enfermidades do corazón	0,00%	1,54%	1,96%	2,00%
Intoxicación aguda	1,49%	0,77%	0,98%	0,00%
Enfermidades do fígado e das súas vías biliares	0,00%	0,00%	0,00%	2,00%
Enfermidades do ril e vías urinarias (cálculos, infeccións...)	0,75%	0,00%	0,00%	0,00%
Outra	0,75%	0,77%	0,00%	2,00%
NS/NC	1,49%	2,31%	1,96%	2,00%

TÁBOA 104. COMO CRE QUE LLE AFECTA Á SÚA SAÚDE (SÍNTOMAS) POR GRUPOS DE IDADE (RESPOSTA MÚLTIPLE)

Na táboa 105, detállanse as doenzas referidas polos traballadores por causa do seu traballo, e utilízanse as ocupacións como a variable de agrupación dos resultados. Entre os técnicos e profesionais científicos e intelectuais, os tres síntomas máis indicados coinciden cos maioritarios do total da enquisa, aínda que coa orde inversa, sendo o maior o estrés, co 59,18%. Tamén se pode destacar as alteracións da visión ou fatiga visual, co 28,57%, e as dores de cabeza e os problemas do sono, ambos os dous co 22,45%; os técnicos e profesionais de apoio indican maioritariamente como síntomas o estrés, co 45,45%, e a dor de pescozo ou caluga, co 42,42% os empregados de tipo administrativo, sinalan como molestia máis sufrida a dor de costas co 52,46%, seguidas pola dor de pescozo ou caluga e o estrés, ambos co 47,54%. Tamén son destacables as alteracións da visión ou fatiga visual co 32,79%; os traballadores dos servizos de restauración, persoais e vendedores queixanse maioritariamente de dor de costas, co 49,50% e de estrés co 43,56%, sendo tamén importantes as queixas de dores en membros inferiores (cadeiras, pernas...) ou superiores (brazos, cóbados...) co 23,76%; a dor de costas, co 65,62%, e a dor de pescozo ou caluga, co 55,17%, son os dous síntomas máis citados polos traballadores cualificados da agricultura e a pesca, e pódense destacar tamén a dor en membros superiores, co 34,48%, e as dores en pulsos, mans ou dedos co 24,14%; entre os traballadores da industria, construción ou minaría, as tres doenzas maioritarias coinciden coas indicadas polo total dos traballadores da enquisa, sendo a dor de costas a principal co 55,22%. Das demais pódense destacar as dores en membro superior e os problemas visuais, co 26,87%; dos operadores de instalacións e maquinaria e montadores, as dúas principais doenzas indicadas son a dor de costas, co 71,43%, e a dor de pescozo ou caluga, co 42,86%, sendo a terceira molestia en importancia dor nalgún membro superior, co 28,57%; a dor de costas alcanza a maior porcentaxe entre os traballadores non cualificados, co 72,34%, sendo a segunda molestia indicada a dor nalgún pescozo ou caluga co 53,19% e en terceiro lugar a dor en membro superior co 38,30%.

COMO CRE QUE AFECTA A SÚA SAÚDE?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Dor de costas	34,69%	33,33%	52,46%	49,50%	65,52%	55,22%	71,43%	72,34%
Dor de pescozo/caluga	36,73%	42,42%	47,54%	31,68%	55,17%	38,81%	42,86%	53,19%
Estrés	59,18%	45,45%	47,54%	43,56%	17,24%	35,82%	25,00%	19,15%
Dor nalgún membro superior: ombreiro, brazo, cóbado, antebrazo (agás pulso, man ou dedos)	10,20%	15,15%	16,39%	23,76%	34,48%	26,87%	28,57%	38,30%
Dor nalgún membro inferior: cadeira, coxa, xeonllo, perna, nocello, pé	4,08%	18,18%	8,20%	23,76%	20,69%	22,39%	17,86%	12,77%
Alteracións da visión ou fatiga visual (cansazo de ollos)	28,57%	27,27%	32,79%	3,96%	0,00%	26,87%	7,14%	8,51%
Dor de cabeza (cefalea)	22,45%	15,15%	21,31%	15,84%	3,45%	14,93%	3,57%	8,51%
Dor no pulso na man ou nos dedos	8,16%	18,18%	14,75%	10,89%	24,14%	11,94%	17,86%	10,64%


COMO CRE QUE AFECTA Á SÚA SAÚDE?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Problemas de insomnio ou alteracións do sono en xeral	22,45%	3,03%	9,84%	6,93%	0,00%	8,96%	7,14%	4,26%
Feridas por cortes, picadas, golpes e proxeccións	8,16%	6,06%	0,00%	7,92%	6,90%	14,93%	14,29%	12,77%
Diminución da audición	4,08%	9,09%	6,56%	2,97%	3,45%	19,40%	14,29%	12,77%
Depresión	10,20%	6,06%	1,64%	7,92%	3,45%	8,96%	14,29%	4,26%
Hernia de disco	6,12%	12,12%	3,28%	4,95%	20,69%	7,46%	0,00%	6,38%
Dor de estómago, alteracións gastrointestinais (gastrite, úlcera, malas dixestións, diarrea, estrinximento)	16,33%	15,15%	9,84%	6,93%	0,00%	1,49%	3,57%	2,13%
Tensión arterial alta	2,04%	18,18%	9,84%	2,97%	3,45%	5,97%	3,57%	4,26%
Enfermidades das veas (varices, trombose)	4,08%	6,06%	4,92%	11,88%	0,00%	1,49%	7,14%	4,26%
Cansazo crónico	6,12%	9,09%	3,28%	4,95%	3,45%	5,97%	3,57%	4,26%
Dificultades ou enfermidades respiratorias (gripe, arrefriado, pneumonía etc.)	4,08%	3,03%	1,64%	3,96%	0,00%	5,97%	10,71%	6,38%
Escordadura, luxación, fractura ou esgazaduras musculares	4,08%	6,06%	0,00%	1,98%	10,34%	7,46%	7,14%	4,26%
Queimaduras	0,00%	0,00%	0,00%	6,93%	0,00%	10,45%	3,57%	2,13%
Problemas da voz	16,33%	6,06%	6,56%	1,98%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Vertixes ou mareos	0,00%	3,03%	4,92%	3,96%	0,00%	8,96%	0,00%	2,13%
Enfermidades ou problemas da pel	4,08%	3,03%	3,28%	3,96%	0,00%	0,00%	7,14%	2,13%
Asma	0,00%	3,03%	1,64%	1,98%	0,00%	4,48%	0,00%	4,26%
Alerxias	2,04%	9,09%	0,00%	3,96%	0,00%	1,49%	3,57%	0,00%

COMO CRE QUE AFECTA A SÚA SAÚDE?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Enfermidades do corazón	4,08%	0,00%	0,00%	0,99%	6,90%	0,00%	0,00%	0,00%
Intoxicación aguda	0,00%	0,00%	0,00%	1,98%	0,00%	1,49%	0,00%	2,13%
Enfermidades do fígado e das súas vías biliares	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,49%	0,00%	0,00%
Enfermidades do ril e vías urinarias (cálculos, infeccións...)	0,00%	0,00%	1,64%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Outra	0,00%	3,03%	1,64%	1,98%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
NS/NC	2,04%	6,06%	0,00%	0,99%	0,00%	2,99%	3,57%	0,00%

TÁBOA 105. COMO CRE QUE LLE AFECTA Á SÚA SAÚDE (SÍNTOMAS) POR OCUPACIÓN DO TRABALLADOR

Tamén se lles preguntou aos traballadores que perciben doenzas producidas polo seu traballo se consultaron cun médico por estas e cantas veces no último ano. Os resultados desta pregunta, segundo as distintas variables de ocupación empregadas, detállanse nos gráficos e táboas seguintes.

O gráfico 102 mostra que as doenzas son o suficientemente importantes para ter que ir ao médico; as mulleres, cun 57,38%, superan dun xeito significativo aos homes, que acadan un 44,83%. A diferenza porcentual é maior cando o número de consultas anuais é unha ou tres.



Facendo a agrupación dos resultados a esta pregunta segundo o sector de actividade da empresa obtense a táboa 106. Nela indícase en graduación de cor PS VALORES que superan a porcentaxe sobre o total, tendo en conta tamén o número de consultas realizadas; o sector da pesca é no que porcentualmente os traballadores máis van ao médico por doenzas que atribúen ao seu traballo, e é ademais co 17,14% dos casos os que máis consultas necesitan por elas; os servizos son o seguinte sector por número de consultas, que superan a porcentaxe sobre o total en todas as filas que indican o número de consultas; na construción, a porcentaxe de traballadores con máis de tres consultas por estas doenzas é do 14,04%, tendo a maior porcentaxe co 24,56% de traballadores dunha consulta; no sector agrario a porcentaxe de traballadores con máis de tres consultas é do 15,63%, tendo a maior porcentaxe de traballadores con tres consultas ao ano co 9,38%.

DURANTE O ÚLTIMO ANO, CANTAS VECES TIVO QUE LLE CONSULTAR A UN MÉDICO POR ALGÚN DESTES PROBLEMAS, MOLESTIAS OU ENFERMIDADES QUE VOSTEDE CONSIDERA DERIVADO DO SEU TRABALLO?	TOTAL	SECTORES DE ACTIVIDADE				
		Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Unha	15,99%	6,25%	14,29%	13,83%	24,56%	16,37%
Dúas	14,64%	12,50%	25,71%	12,77%	7,02%	15,93%
Tres	5,41%	9,38%	0,00%	1,06%	3,51%	7,96%
Máis de tres	13,96%	15,63%	17,14%	9,57%	14,04%	15,04%
Ningunha	46,40%	50,00%	34,29%	57,45%	45,61%	43,36%
NC	3,60%	6,25%	8,57%	5,32%	5,26%	1,33%

TÁBOA 106. NÚMERO DE CONSULTAS MÉDICAS NO ÚLTIMO ANO POR MOLESTIAS DO TRABALLO POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Da mesma forma que se ve no gráfico 101, a porcentaxe de traballadores que acode ao médico aumenta coa idade, non obstante, é de destacar o 16,67% de traballadores do grupo de 45 a 54 que vai máis de tres veces ao ano para consultar sobre problemas de saúde que considera relacionados co seu traballo. A porcentaxe anterior, xunto co 6,86% que corresponde a tres consultas médicas, supón que este tramo de idade é o que con máis frecuencia recorre á consulta médica.

DURANTE O ÚLTIMO ANO, CANTAS VECES TIVO QUE LLE CONSULTAR A UN MÉDICO POR ALGÚN DESTES PROBLEMAS, MOLESTIAS OU ENFERMIDADES QUE VOSTEDE CONSIDERA DERIVADO DO SEU TRABALLO?	TRAMOS DE IDADE			
	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64
Unha	15,67%	19,23%	10,78%	22,00%
Dúas	8,96%	16,92%	17,65%	14,00%
Tres	2,24%	5,38%	6,86%	10,00%
Máis de tres	12,69%	13,08%	16,67%	12,00%
Ningunha	56,72%	44,62%	42,16%	36,00%
NC	3,73%	0,77%	5,88%	6,00%

TÁBOA 107. NÚMERO DE CONSULTAS MÉDICAS NO ÚLTIMO ANO POR MOLESTIAS DO TRABALLO POR TRAMOS DE IDADE


Da agrupación pola ocupación dos traballadores na táboa 108, dedúcese que os grupos de traballadores da dereita da táboa que, en xeral, son **os que máis se queixan** de doenzas polo traballo, (como se pode comprobar na táboa 13), **son os que** porcentualmente, fan **menos consultas ao médico**. Os técnicos e profesionais científicos e intelectuais consultan as doenzas que relacionan co traballo nun 67,35%, e son ademais o grupo que vai máis de tres veces por unha consulta, o 22,45%. Os empregados administrativos van ao médico no 54,10%, e os traballadores dos servizos de restauración, persoais e vendedores no 53,46%. Dos restantes grupos de traballadores , convén destacar o 20,69% dos traballadores cualificados da agricultura e da pesca que consultan o médico máis de tres veces ao ano.

DURANTE O ÚLTIMO ANO, CANTAS VECES TIVO QUE LLE CONSULTAR A UN MÉDICO POR ALGÚN DESTES PROBLEMAS, MOLESTIAS OU ENFERMIDADES QUE VOSTEDE CONSIDERA DERIVADO DO SEU TRABALLO?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Unha	24,49%	15,15%	18,03%	13,86%	3,45%	14,93%	25,00%	12,77%
Dúas	16,33%	18,18%	9,84%	16,83%	10,34%	11,94%	14,29%	12,77%
Tres	4,08%	6,06%	8,20%	5,94%	6,90%	2,99%	0,00%	6,38%
Máis de tres	22,45%	3,03%	18,03%	16,83%	20,69%	11,94%	3,57%	14,89%
Ningunha	30,61%	51,52%	44,26%	45,54%	44,83%	55,22%	42,86%	51,06%
NC	2,04%	6,06%	1,64%	0,99%	13,79%	2,99%	14,29%	2,13%

TÁBOA 108. NÚMERO DE CONSULTAS MÉDICAS NO ÚLTIMO ANO POR MOLESTIAS DO TRABALLO POR OCUPACIÓN

Como introdución á última pregunta da sección que trata un conxunto de síntomas que os traballadores lles achacan ao traballo e que se adoitan clasificar como psicosomáticos, preguntóuselles se experimentan angustia polo seu traballo ao consideralo excesivo. Os resultados móstranse no gráfico e táboas seguintes por distintas variables de agrupación.

No gráfico 103, móstranse as porcentaxes das respostas de homes e mulleres respecto á gravidade da súa percepción de angustia (e tamén da inexistencia dela). A porcentaxe de mulleres que “sempre ou case sempre” senten esta angustia é do 5,66%, lixeiramente superior ao dos homes, co 5,23%; mentres que a porcentaxe de homes que experimentan esta sensación a miúdo é do 7,54%, superior á das mulleres co 3,77%.



Pódese establecer á vista dos resultados unha relación entre o sexo do traballador e a angustia producida polo exceso de traballo, mentres que a relación coa idade é menos clara. A porcentaxe de traballadores que cualifica a frecuencia coa que teñen esta sensación de angustia “sempre ou case sempre” e “a miúdo” nos tramos de 25 a 34 e de 35 a 44 anos rolda o 10%, mentres que en idades superiores, especialmente no tramo 45 a 54 anos, aumenta. Este grupo de traballadores son os que en maior porcentaxe se senten angustiados polo exceso de traballo, co 7,28% que o experimentan “sempre ou case sempre”, e o 7,56% “a miúdo”.

CONSIDERA QUE O SEU TRABALLO É EXCESIVO E SÉNTESE ANGUSTIADO	TOTAL	TRAMOS DE IDADE				
		18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64
Sempre ou case sempre	5,43%	4,00%	5,55%	4,59%	7,28%	5,92%
A miúdo	5,75%	4,00%	5,07%	5,47%	7,56%	7,24%
Ás veces	22,31%	14,40%	22,19%	23,10%	24,65%	24,34%
Raramente	22,94%	19,20%	24,88%	25,40%	19,89%	17,76%
Case nunca ou nunca	42,09%	57,60%	41,36%	39,86%	39,22%	42,76%
NS/NC	5,43%	0,80%	0,95%	1,59%	1,40%	1,97%

TÁBOA 109. SENSACIÓN DE ANGUSTIA POR EXCESO DE TRABAJO POR TRAMOS DE IDADE


Existen diferenzas significativas segundo a ocupación, en relación coa angustia producida polo exceso de traballo, que se detallan na táboa 110. Os tres grupos de maiores porcentaxes son: os traballadores cualificados da industria e da pesca, cos peores datos de todos os grupos de ocupación, o 12,33% di sentir angustia por exceso de traballo “sempre ou case sempre” e igual porcentaxe sêntea “a miúdo”; as porcentaxes dos traballadores non cualificados, 9,79% para “sempre ou case sempre” e 6,99% “a miúdo”; no outro extremo da táboa e dentro do grupo dos técnicos e profesionais científicos e intelectuais, a angustia por exceso de traballo afecta “sempre ou case sempre” o 7,84% e “a miúdo” o 7,35%.

CONSIDERA QUE O SEU TRABALLO É EXCESIVO E SÉNTESE ANGUSTIADO	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Sempre ou case sempre	7,84%	5,42%	3,30%	4,57%	12,33%	5,45%	1,98%	9,79%
A miúdo	7,35%	3,61%	3,30%	4,34%	12,33%	6,82%	10,89%	6,99%
Ás veces	28,92%	20,48%	24,37%	18,72%	31,51%	21,82%	21,78%	14,69%
Raramente	25,00%	30,12%	26,40%	18,72%	24,66%	19,55%	23,76%	23,08%
Case nunca ou nunca	29,41%	37,95%	41,62%	52,51%	19,18%	44,55%	39,60%	42,66%
NS/NC	1,47%	2,41%	1,02%	1,14%	0,00%	1,82%	1,98%	2,80%

TÁBOA 110. SENSACIÓN DE ANGUSTIA POR EXCESO DE TRABALLO SEGUNDO A OCUPACIÓN

Como se indicou anteriormente, a pregunta enumera un conxunto de síntomas que o traballador pode atribuír ao seu traballo e que se poden considerar de natureza psicosomática, é pódense escoller varios deles. Aínda que o 54,22% do total dos traballadores non teñan ningún dos síntomas enumerados, a porcentaxe dos que si os teñen é tamén considerable. Esta sintomatoloxía parece afectar en xeral, máis ás mulleres que aos homes, e é, como se pode comprobar no gráfico 104, moi variada, polo que só se comentarán os tres síntomas máis importantes.

A sensación continua de cansazo é indicada polo 17,25% dos traballadores (o 19,31% das mulleres e o 15,38% dos homes); o segundo síntoma está relacionado con problemas do sono, ao indicar o 15,56% (o 15,87% das mulleres e o 15,28% dos homes) que lle custa durmir ou dormen mal; as dores de cabeza relacionadas co traballo (non se lles indicaba que fosen cefaleas como nas doenzas que podían necesitar consulta médica, aínda que mostran resultados moi similares), sófrenas o 16,54% das mulleres e o 10,15% dos homes enquisados, cunha porcentaxe global do 13,19%.



Na táboa 111, segméntanse as respostas por grupos de idade ordenada polos síntomas indicados con maior frecuencia polo total dos enquisados. En termos xerais, estas sintomatoloxías aumentan coa idade, e é o grupo de traballadores de 55 a 64 anos o que presenta maior porcentaxe; en canto aos tramos de idade de 35 a 44 anos e o de 45 a 54 anos, teñen porcentaxes moi similares.

Nos traballadores máis novos, o síntoma máis frecuente é o cansazo continuo (16,80%), seguido de problemas de sono, dor de cabeza e esgotamento emocional; para este síntoma, xunto co baixo estado de ánimo, este tramo de idade é o máis sensible. No tramo de 25 a 34 anos, hai que destacar o 14,26% que sofre dores de cabeza e o 9,83% que se sente tenso e irritable. Para os traballadores de 35 a 44 anos, a situación de estar continuamente canso afecta ao 18,87% que é a segunda máis alta por tras do 21,01% dos de 45 a 54 anos, que teñen como segundo síntoma máis destacable os problemas de sono. O intervalo de 55 a 64 anos alcanza os valores máis altos en 5 dos síntomas, comezando cos problemas de sono (26,32%) seguido das dores de cabeza, incapacidade de esquecerse dos problemas de traballo, problemas nos ollos e, en menor medida, os mareos, co 5,26%.

ULTIMAMENTE, SOFRE CON FRECUENCIA ALGÚN DOS SEGUINTE SÍNTOMAS?	TRAMOS DE IDADE				
	18 a 24	25 a 34	35 a 44	45 a 54	55 a 64
Ten sensación continua de cansazo	16,80%	14,74%	18,87%	21,01%	13,82%
Cústalle durmir ou dorme mal	12,00%	13,15%	14,29%	18,49%	26,32%
Sofre dores de cabeza	12,00%	14,26%	12,52%	13,73%	14,47%
Non consegue esquecerse dos problemas do traballo	3,20%	10,62%	13,23%	13,45%	15,13%
Ten a sensación de estar emocionalmente esgotado, falta de enerxía	12,00%	10,14%	10,76%	11,76%	7,24%
Nótase tenso, irritable	4,80%	9,83%	9,35%	10,08%	7,24%

Ten problemas nos ollos (lagrimexo, visión borrosa...)	4,80%	8,40%	8,29%	8,96%	12,50%
Cústalle acordarse das cousas ou esquece as cousas con facilidade	2,40%	5,55%	6,88%	8,68%	8,55%
Baixo estado de ánimo	8,00%	5,86%	5,47%	6,16%	7,24%
Cústalle concentrarse, manter a atención	1,60%	4,28%	4,59%	4,48%	0,66%
Sofre alteracións do apetito ou dixestivas (náuseas, acidez, dixestións pesadas...)	3,20%	4,12%	4,41%	3,08%	2,63%
Sofre mareos	4,00%	2,22%	1,76%	2,52%	5,26%
Outro	0,00%	0,32%	0,88%	0,56%	0,00%
NC	1,60%	2,22%	2,47%	1,12%	1,32%
Ningún	60,00%	57,69%	51,68%	51,82%	48,68%

TÁBOA 111. SÍNTOMAS PSICOSOMÁTICOS SEGUNDO OS GRUPOS DE IDADE

Por ocupacións, os traballadores técnicos e profesionais, seguidos dos cualificados da agricultura e a pesca, son os que máis sofren estas molestias. Entre os primeiros, convén destacar que o 22,55% se queixan de estar continuamente cansos e o 18,14% teñen problemas de sono e dores de cabeza; tamén a sensación de estar emocionalmente canso ou falta de enerxía é un síntoma importante, co 16,67%. Entre os segundos, o 26,03% queixase a de que lle custa durmir ou dorme mal, e o 17,81% de que non consegue esquecerse dos problemas do traballo e de dores de cabeza. Os traballadores non cualificados presentan un total de síntomas próximo ao 50%, aínda que, só por enriba da media entre os máis frecuentes, en dores de cabeza co 13,99% e sentirse tenso e irritable co 11,19%. Entre os traballadores cualificados da industria, construción e minaría, de entre os síntomas máis frecuentes destacan por enriba da media a sensación continua de cansazo, co 17,27%, os problemas do sono co 15,91%, e non poder esquecer os problemas do traballo, co 11,82%. Os tres síntomas máis frecuentes no sector da hostalaría, vendedores e de servizos persoais coinciden cos maioritarios, destacando neles sobre a media: o 20,32% queixase de ter unha sensación continua de cansazo, o 15,75% de problemas do sono, e o 14,84% de dores de cabeza. Do resto dos grupos de ocupacións, convén destacar o 11,68% dos administrativos con problemas nos ollos; o 21,78% dos operadores de instalacións e maquinaria e montadores, con sensación continua de cansazo; e que os técnicos e profesionais de apoio son os que menos se queixan deste conxunto de síntomas de todos os traballadores.

ULTIMAMENTE, SOFRE CON FRECUENCIA ALGÚN DOS SEGUINTE SÍNTOMAS?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Ten sensación continua de cansazo	22,55%	13,86%	12,44%	20,32%	16,44%	17,27%	21,78%	16,78%
Cústalle durmir ou dorme mal	18,14%	13,86%	13,20%	15,75%	26,03%	15,91%	13,86%	13,99%
Sofre dores de cabeza	18,14%	10,24%	12,18%	14,84%	17,81%	10,00%	9,90%	13,99%
Non consegue esquecerse dos problemas do traballo	15,69%	10,84%	8,38%	10,73%	17,81%	11,82%	2,97%	11,19%
Ten a sensación de estar emocionalmente esgotado, falta de enerxía	16,67%	9,64%	6,60%	12,10%	9,59%	8,64%	6,93%	9,79%
Nótase tenso, irritable	13,24%	7,83%	6,60%	9,82%	4,11%	9,55%	11,88%	11,19%
Ten problemas nos ollos (lagrimexo, visión borrosa...)	10,29%	9,64%	11,68%	5,71%	10,96%	10,45%	4,95%	5,59%
Cústalle acordarse das cousas ou esquece as cousas con facilidade	10,29%	7,23%	3,55%	7,53%	2,74%	5,00%	5,94%	9,79%
Baixo estado de ánimo	7,84%	7,83%	3,30%	8,22%	4,11%	3,64%	7,92%	6,99%
Cústalle concentrarse, manter a atención	6,37%	4,82%	1,52%	3,20%	2,74%	4,09%	1,98%	9,09%

ULTIMAMENTE, SOFRE CON FRECUENCIA ALGÚN DOS SEGUINTE SÍNTOMAS?	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
Sofre alteracións do apetito ou dixestivas (náuseas, acidez, dixestións pesadas...)	7,84%	5,42%	2,28%	3,88%	2,74%	3,18%	2,97%	3,50%
Sofre mareos	2,94%	3,01%	1,52%	3,42%	2,74%	0,91%	0,99%	4,20%
Outro	0,00%	1,81%	0,00%	0,91%	0,00%	0,00%	0,00%	0,70%
NC	2,45%	2,41%	2,03%	1,83%	4,11%	1,36%	2,97%	1,40%
Ningún	46,08%	60,84%	59,14%	54,11%	47,95%	50,00%	59,41%	49,65%

TÁBOA 112. SÍNTOMAS PSICOSOMÁTICOS SEGUNDO A OCUPACIÓN



10-(Aspectos xerais da percepción das condicións de traballo)

Os capítulos 6 ao 9 mostran aqueles aspectos das condicións de traballo que máis lle molestan ou preocupan ao persoal traballador. Dos catro valores posibles (nada, pouco, regular, bastante e moito) tivéronse en conta a suma dos dous últimos, que son os que indican maior preocupación ou molestia.

As catro primeiras variables teñen relación coas condicións ambientais e amosan unha maior preocupación para os homes, cun 8,92%, que para as mulleres, cun 5,05%. No capítulo 7, tratouse das posturas e esforzos realizados no traballo; en relación á primeira, cun 15,82%, non hai diferenzas significativas entre homes e mulleres; en canto á segunda, os homes co 13,87% aparecen máis preocupados ou molestos polos esforzos que teñen que realizar que as mulleres, co 9,99%.

Das relacións cos compañeiros, xefes e persoal alleo á empresa tratan as tres variables seguintes. As relacións co persoal da empresa, 8,23% cos xefes e 9,74% cos compañeiros, son menos problemáticas que co persoal alleo a esta, co 17,09%. Aínda que a relación cos xefes é máis conflitiva para as mulleres (8,32%) que para os homes (8,14%), esta diferenza non é destacable.

Preguntados sobre a autonomía no traballo, o ritmo, horario e a cantidade deste, así se é monótono e se as tarefas son complexas ou difíciles, non se aprecian diferenzas significativas entre homes e mulleres. As porcentaxes varían dende a menor preocupación pola dificultade ou complexidade das tarefas (6,43%), ata as maiores polo horario (17,04%) e a cantidade de traballo (16,19%); reflicten valores intermedios a preocupación pola pouca autonomía (11,13%), a monotonía (11,55%) e o ritmo do traballo (14,24%).

Poder perder o emprego é un risco que lles preocupa tanto a homes coma a mulleres, o que supón a maior porcentaxe das variables da táboa, co 28,85% sobre o total.

Dos danos para a saúde tratouse no capítulo 9. Tanto o risco de ter un accidente como de padecer unha enfermidade son máis preocupantes para os homes que para as mulleres (con motivo, xa que os homes teñen máis sinistralidade laboral que as mulleres). A preocupación de sufrir un accidente duplícase nos homes, co 26,13%, a porcentaxe das mulleres, co 13,10%; mentres que a de padecer unha enfermidade é do 24,12% para eles e do 17,20% para as elas.

INDIQUE EN QUE MEDIDA LLE MOLESTAN OU PREOCUPAN OS SEGUINTE ASPECTOS DO SEU TRABALLO	TOTAL	SEXO	
		Homes	Mulleres
O ruído existente no seu posto de traballo	6,80%	9,25%	4,11%
A iluminación do posto	4,32%	5,03%	3,55%
A temperatura e a humidade no posto	10,71%	13,37%	7,77%
A manipulación ou a respiración de substancias nocivas ou tóxicas	6,49%	8,04%	4,77%
As posturas que debe adoptar	15,82%	15,78%	15,87%
Os esforzos físicos que ten que realizar	12,03%	13,87%	9,99%
As relacións con outras persoas non empregadas na súa empresa: clientes, pasaxeiros, alumnos, pacientes etc	17,09%	16,98%	17,20%
As relacións con compañeiros	9,74%	9,76%	9,73%
As relacións con xefes	8,23%	8,14%	8,32%
A autonomía para realizar o seu traballo	11,13%	10,85%	11,43%
O ritmo de traballo	14,24%	14,87%	13,54%
O horario de traballo	17,04%	17,19%	16,87%
A dificultade ou a complexidade das tarefas	6,43%	6,73%	6,10%
A monotonía	11,55%	11,96%	11,10%
A cantidade de traballo	16,19%	15,88%	16,54%
O risco de perder o emprego	28,85%	28,04%	29,74%
O risco de ter un accidente	19,94%	26,13%	13,10%
O risco de ter unha enfermidade	20,83%	24,12%	17,20%

TÁBOA 113. MOLESTIAS OU PREOCUPACIÓN DESTES ASPECTOS DO SEU TRABALLO SEGUNDO O SEXO
-SUMA DAS PORCENTAXES DAS CATEGORÍAS DA RESPOTA, BASTANTE E MOITO-

En canto aos sectores de actividade, das variables que se refiren ás condicións ambientais, o ruído é causa de molestia para o 13,33% dos traballadores da industria e o 11,46% dos da pesca; este últimos tamén indican a iluminación, cun 8,33%; a temperatura e a humidade do posto de traballo é unha orixe de molestias importante para os traballadores dos sectores da pesca (31,25%), agrario (23,23%), así como a construción (15,94%); a manipulación ou respiración de substancias nocivas ou tóxicas supón unha preocupación do 11,60% do sector industrial.

Os esforzos físicos, co 31,25%, e as posturas de traballo, co 27,08%, son molestias importantes para os traballadores do sector da pesca, seguidos dos do sector agrario (27,27% e 19,19%, respectivamente).

As relacións con persoal alleo á empresa é a orixe de molestias e preocupacións para o 20,29% dos traballadores do sector servizos (onde o trato cos clientes é máis directo), e para o 19,32% dos da construción (onde nas obras adoitan coincidir traballadores de diferentes empresas); mentres que as relacións cos compañeiros son máis problemáticas na pesca, co 15,63%; as relacións cos xefes sono, no sector da construción, para o 12,08% e no da pesca para o 10,42%.

Do conxunto de seis variables seguintes destácase: a autonomía para realizar o traballo é causa de preocupación para o 13,53% dos traballadores do sector servizos; en canto ao ritmo de traballo, todos os sectores agás o dos servizos están en valores similares, e a porcentaxe máis elevada é a da construción, co 16,91%; o horario de traballo é causa de molestias para o 24,24% dos traballadores do sector agrario, o 21,74% dos da construción e o 18,75% do sector pesqueiro; a dificultade ou complexidade das tarefas preocúpalle ao 8,40% dos traballadores da industria, sendo a monotonía do traballo causa de molestia para o 13,09% deles; a cantidade de traballo é causa de preocupación para o 19,81% dos traballadores da construción (nun contexto de crise, tamén se podería entender como a escaseza deste).

O risco de perder o emprego é unha causa de preocupación importante independentemente do sector de actividade da empresa, e alcanza as maiores porcentaxes na construción, co 34,78%, e na pesca, co 31,25%.

En canto aos danos á saúde, a preocupación de ter un accidente ou unha enfermidade é maior con diferenza na agricultura e na pesca respecto aos demais sectores (este feito quizais estea relacionado co importante peso que teñen nestes sectores os traballadores autónomos), e as porcentaxes de preocupación respecto aos accidentes e ás enfermidades é do 37,37% e 35,35% para os traballadores agrarios, e do 35,42% e 41,67% para os da pesca.

INDIQUE EN QUE MEDIDA LLE MOLESTAN OU PREOCUPAN OS SEGUINTE ASPECTOS DO SEU TRABALLO	SECTORES DE ACTIVIDADE				
	Agrario	Pesca	Industria	Construción	Servizos
O ruído existente no seu posto de traballo	3,03%	11,46%	13,33%	8,21%	4,04%
A iluminación do posto	3,03%	8,33%	5,19%	5,31%	3,58%
A temperatura e a humidade no posto	23,23%	31,25%	9,14%	15,94%	7,35%
A manipulación ou a respiración de substancias nocivas ou tóxicas	7,07%	6,25%	11,60%	4,83%	4,87%
As posturas que debe adoptar	19,19%	27,08%	14,57%	10,63%	15,98%
Os esforzos físicos que ten que realizar	27,27%	31,25%	10,12%	12,08%	9,64%
As relacións con outras persoas non empregadas na súa empresa: clientes, pasaxeiros, alumnos, pacientes etc	9,09%	8,33%	11,36%	19,32%	20,29%
As relacións con compañeiros	6,06%	15,63%	10,12%	10,14%	9,27%
As relacións con xefes	3,03%	10,42%	8,89%	12,08%	7,53%
A autonomía para realizar o seu traballo	6,06%	9,38%	10,12%	13,53%	11,66%
O ritmo de traballo	16,16%	15,63%	15,06%	16,91%	13,13%
O horario de traballo	24,24%	18,75%	14,57%	21,74%	16,25%
A dificultade ou a complexidade das tarefas	5,05%	5,21%	8,40%	7,73%	5,69%
A monotonía	10,10%	10,42%	13,09%	7,73%	11,94%
A cantidade de traballo	16,16%	16,67%	14,07%	19,81%	16,25%
O risco de perder o emprego	25,25%	31,25%	28,15%	34,78%	28,10%

O risco de ter un accidente	37,37%	35,42%	18,27%	28,99%	15,89%
O risco de ter unha enfermidade	35,35%	41,67%	16,05%	28,50%	18,00%

TÁBOA 114. MOLESTIAS OU PREOCUPACIÓN DESTES ASPECTOS DO SEU TRABALLO POR ESTRATOS DE ACTIVIDADE -SUMA DAS PORCENTAXES DAS CATEGORÍAS DA RESPOTA, BASTANTE E MOITO-

Na táboa 115 pódese apreciar a notable diferenza entre a parte dereita e a esquerda. Os valores máis salientables sono por destacar sobre a media máis que polo seu valor, xa que as molestias máis frecuentes a nivel xeral tamén alcanzan porcentaxes importantes en cada grupo.

Dos técnicos e profesionais científicos e intelectuais, os problemas con persoas alleas á empresa afectan o 25,49%, o valor o máis alto de entre todos os grupos; molestias ocasionadas polas posturas de traballo indícanse polo 16,67%, e o 14,22% ten problemas de autonomía para realizar o seu traballo. En canto aos técnicos e profesionais de apoio, tamén as relacións con persoal alleo á empresa é causa de molestias ou preocupación, co 18,07%; a monotonía e os problemas coa autonomía ao realizar o seu traballo acadan o 17,47%, o a porcentaxe maior de entre todos os grupos para este factor.

Nos traballadores cualificados da agricultura e da pesca, hai varias porcentaxes que convén destacar: estar preocupado polo risco dun accidente e dunha enfermidade é indicado polo 61,64% dos traballadores en ambos os dous casos; esta porcentaxe é moi importante, e posiblemente teña que ver coa perda de ingresos que se produciría nestes casos (é destacable a presenza de traballadores autónomos nestas ocupacións); os esforzos físicos é indicado polo 43,84%, a temperatura e humidade no traballo polo 36,99%, e o horario de traballo polo 27,40%. En todos estes aspectos, este grupo de traballadores ten as maiores porcentaxes da táboa, e son tamén importantes os problemas posturais, co 28,77%.

Os aspectos que molestan ou que lles preocupan aos traballadores cualificados da industria, construción e minaría, coinciden na súa maior parte con aqueles que podemos cualificar de “manuais” e que están situados na parte dereita da táboa. Aspectos que cómpren destacar son: a preocupación polo risco de perder o emprego que acada o 36,36%, o risco de ter un accidente ao 29,55%, e de ter unha enfermidade ao 29,09%, son as preocupacións máis frecuentes. Tamén é destacable a manipulación ou respiración de substancias nocivas ou tóxicas que preocupa ao 14,09%, as molestias pola temperatura e a humidade do posto que afectan ao 16,82%, e as debidas ao ruído que son indicadas polo 13,64%.

Nos operadores de instalacións e maquinaria e os montadores destas, a porcentaxe dos que están preocupados polo risco de perder o seu emprego é o máis alto de todos os grupos co 43,56%; tamén son moi importantes as motivadas polo risco de ter un accidente (o 45,54%) e de ter unha enfermidade (o 37,62%). Do resto das preocupacións ou molestias, convén destacar: problemas polos esforzos físicos

para realizar co 18,81%, problemas posturais e molestias pola temperatura e a humidade, que son indicados polo 17,82% en ambos os dous aspectos; o ruído no traballo molesta ao 15,84% destes traballadores, a porcentaxe maior de todos os grupos; tamén de certa importancia é que o 13,86% se queixe da monotonía do traballo.

Nos traballadores non cualificados, o risco de perder o emprego preocúpalle ao 40,56%, seguido do 33,57%, que sinala os problemas posturais e os debidos aos esforzos físicos que han realizar indicados polo 37,06%. As preocupacións por estar en risco de ter un accidente ou unha enfermidade son importantes para o 27,27% e o 27,97%. As molestias pola temperatura e a humidade do posto de traballo afectan ao 20,98%, mentres que a preocupación pola manipulación ou respiración de substancias nocivas ou tóxicas son indicadas polo 12,59%. Tamén se poden destacar a monotonía no traballo, que molesta ao 14,69% dos traballadores, e como porcentaxes maiores que as do resto dos grupos, os problemas coas relacións cos xefes (o 13,99%) e os referidos á cantidade de traballo (o 19,58%).

INDIQUE EN QUE MEDIDA LLE MOLESTAN OU PREOCUPAN OS SEGUINTE ASPECTOS DO SEU TRABALLO	OCUPACIÓN DO TRABALLADOR							
	Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	Técnicos e profesionais de apoio	Empregados de tipo administrativo	Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores	Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría	Operadores de instalacións e maquinaria e montadores	Traballadores non cualificados
O ruído existente no seu posto de traballo	7,35%	6,02%	3,05%	3,65%	6,85%	13,64%	15,84%	11,89%
A iluminación do posto	6,86%	3,01%	4,31%	1,60%	5,48%	8,18%	5,94%	5,59%
A temperatura e a humidade no posto	6,37%	5,42%	6,60%	7,08%	36,99%	16,82%	17,82%	20,98%
A manipulación ou a respiración de substancias nocivas ou tóxicas	1,96%	6,02%	2,54%	6,16%	9,59%	14,09%	8,91%	12,59%
As posturas que debe adoptar	16,67%	16,27%	10,15%	13,24%	28,77%	14,09%	17,82%	33,57%
Os esforzos físicos que ten que realizar	5,39%	9,04%	2,28%	10,50%	43,84%	15,45%	18,81%	37,06%
As relacións con outras persoas non empregadas na súa empresa: clientes, pasaxeiros, alumnos, pacientes etc.	25,49%	18,07%	16,24%	13,24%	2,74%	14,09%	8,91%	15,38%
As relacións con compañeiros	11,76%	11,45%	9,64%	7,99%	8,22%	10,45%	8,91%	10,49%
As relacións con xefes	8,82%	10,24%	8,38%	6,62%	4,11%	9,55%	6,93%	13,99%
A autonomía para realizar o seu traballo	14,22%	17,47%	10,91%	9,59%	5,48%	10,91%	9,90%	7,69%
O ritmo de traballo	17,65%	15,66%	13,45%	10,27%	16,44%	14,55%	16,83%	16,78%
O horario de traballo	19,12%	17,47%	13,45%	16,89%	27,40%	17,27%	20,79%	16,08%
A dificultade ou a complexidade das tarefas	9,31%	6,63%	8,12%	2,05%	0,00%	10,00%	6,93%	7,69%
A monotonía	8,82%	17,47%	11,93%	10,73%	5,48%	8,64%	13,86%	14,69%
A cantidade de traballo	19,12%	19,28%	15,23%	12,10%	19,18%	16,36%	16,83%	19,58%
O risco de perder o emprego	23,04%	33,13%	22,59%	27,63%	27,40%	36,36%	43,56%	40,56%
O risco de ter un accidente	15,20%	16,87%	10,15%	13,47%	61,64%	29,55%	45,54%	27,27%
O risco de ter unha enfermidade	12,25%	18,07%	13,20%	17,12%	61,64%	29,09%	37,62%	27,97%

TÁBOA 115. MOLESTIAS OU PREOCUPACIÓN DESTES ASPECTOS DO SEU TRABALLO POR OCUPACIÓNS DOS TRABALLADORES
-SUMA DAS PORCENTAXES DAS CATEGORÍAS DA RESPOTA, BASTANTE E MOITO-



11-(Conclusións xerais)

Organización da prevención e actividades preventivas

ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN

Un 51,83% dos traballadores de empresas de 10 ou máis empregados indica que no seu centro de traballo existe, polo menos, un **delegado de prevención**. A porcentaxe dos que non o saben é do 29,89%. O coñecemento da existencia dos delegados de prevención aumenta co tamaño da empresa, cun incremento dende o 45,07% en empresas de 10 a 49 traballadores ata o 59,46% en empresas de 250 ou máis. A distribución por sectores do coñecemento da existencia do delegado de prevención tamén sofre importantes variacións: dende a pesca, co 44,00%, ou os servizos, co 44,17%, ata a industria, co 63,67%.

Das empresas con 10 ou máis traballadores e nas que existe delegado de prevención, o 55,91% afirma que teñen **comité de seguridade e saúde** e o 19,88% di que non; convén salientar que as porcentaxes melloran segundo o tamaño da empresa.

Sobre a **organización preventiva**, o 27,96% non sabe ou non contesta ao preguntárselle sobre o tipo elixido pola súa empresa. Contratar un servizo de prevención alieo á empresa é o recurso máis utilizado, co 46,19%. En función do tamaño da empresa, o número de traballadores designados aumenta, así como a utilización dun servizo de prevención propio.

ACTIVIDADES PREVENTIVAS

Ao 65,65% dos traballadores por conta aliea, ofrecéuselles pasar un **recoñecemento médico** pola empresa. Dos que lle foi ofrecido, aproximadamente o 81,54% aceptaron; e foron as porcentaxes das mulleres máis baixas cas dos homes. Por sectores, o dos servizos, co 42,69%, e a agricultura, co 54,67%, son onde menos recoñecementos médicos se ofreceron facer.

A valoración do recoñecemento médico é sensiblemente peor entre os homes que entre as mulleres. As porcentaxes dos que non o ven relacionado cos riscos do posto de traballo, aínda que útil en xeral, é do 40,04% en homes e do 35,39% en mulleres.

O 30,70% dos enquisados afirma que nos últimos doce meses, realizouse a **avaliación ou o estudo de riscos** do seu posto de traballo. Estas porcentaxes difiren significativamente entre homes e mulleres, xa que a porcentaxe das mulleres é do 26,30% e o dos homes do 34,67%. Por sectores, tamén hai grandes diferenzas nas porcentaxes, dos servizos co 25,62% á industria co 42,96%.

En canto ás consecuencias das avaliacións ou estudos de riscos, o 35,57% do total afirma que se fixeron cambios, mentres que aproximadamente o 48,97% afirma que non os houbo. A pesca co 25%, os servizos co 30,47% e a construción co 31,08% son os sectores nos que, cando se fixo esta avaliación de riscos, menos medidas se tomaron. En canto ao tipo de medidas tomadas, a modificación de instalacións, maquinaria equipos ou materiais, co 53,62%, é a máis empregada, é as seguintes son, a formación co 23,19% e a información, co 20,77%.

O 32,96% dos traballadores afirman que é obrigatorio o uso dalgún **equipo de protección individual (EPI)** no seu traballo. O calzado de seguridade co 62,08%, as luvas contra riscos mecánicos co 49,44% e os cascos co 39,20%, son os EPI que máis se usan.

Os traballadores que se consideran ben ou moi ben **informados** supoñen o 85% do total dos enquisados, e a porcentaxe dos que se consideran insuficiente ou deficientemente informados é de aproximadamente o 12%. Pontevedra presenta uns resultados lixeiramente peores que as demais provincias; e por sectores, os servizos é onde se acada un nivel de información menor.

A porcentaxe dos que afirman que recibiron **formación ou información** nos dous últimos anos é do 61,76% do total dos enquisados, e é no tramo de idade de 35 a 44 anos onde se obtén o valor máis alto e, por ocupación, os traballadores cualificados da agricultura e da pesca son os que menos formación ou información recibiron. Os traballadores destes mesmos sectores, cun 49,49% e cun 53,13% respectivamente, son os que teñen unha menor porcentaxe por sectores de actividade. Tamén hai diferenzas por provincias, e é Pontevedra, co 57,04% dos enquisados, a provincia onde os traballadores recibiron menos formación ou información sobre os riscos relacionados co seu traballo nestes dous últimos anos.

Condicións de seguridade

O 81,18% dos traballadores afirman que están expostos a un ou máis **riscos** de accidente no seu posto de traballo, o 17,77% afirma que non está exposto a ningún risco de accidente. Esta percepción de non estar exposto é case o dobre entre as mulleres que entre os homes. Por sectores, os traballadores da pesca, co 91,67%, e do sector agrario, co 89,90%, son os que se senten máis expostos a riscos no seu traballo. Os catro riscos máis citados en total foron: caídas de persoas ao mesmo nivel, 45,09%; golpes, 35,97%; cortes e picadas, 35,23%; caída de persoas dende

altura, 20,25%. Os homes teñen un maior número de riscos de accidente no seu traballo, máis de 3,3 riscos de media, mentres que no caso das mulleres non chegan de media a 2 riscos.

En canto ás **causas** de risco de accidente percibidas como máis frecuentes polos traballadores expostos indícanse: distraccións, descoidos, despistes e falta de atención, cun 78,36% do total; posturas forzadas e sobreesforzos, co 26,58% do total; traballar moi rápido, cítase como causa polo 26,25% dos traballadores; mentres que o cansazo ou a fatiga é a causa para o 18,45%. Por sectores, convén destacar o caso da construción, onde se mencionan como causa polo 12,43% dos traballadores as aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas en mal estado.

Condicións ambientais

A maioría dos traballadores, o 46,57%, realiza o seu traballo en locais pechados, ou semipechados, o 34,86%. No caso das mulleres, a porcentaxe concéntrase nun 56,49% para as que traballan en lugares pechados, e un 36,96% fano en semipechados; mentres os homes, aínda sendo estes os dous **tipos de lugares** maioritarios, o 37,59% e o 32,96% respectivamente, teñen valores máis repartidos. A valoración da **temperatura** en verán é confortable para o 77,52%, e en inverno para o 71,03%. O nivel de **humidade** no posto de traballo considérase axeitado para o 74,63% dos traballadores.

En canto aos **axentes físicos**, o 65,77% perciben o nivel de **ruído** no seu posto de traballo como moi baixo, mentres que o 24,31% valóranlo de “molesto”; os valores de percepción dos niveis de ruído máis altos (molesto, elevado e moi elevado) son significativamente maiores nos homes que nas mulleres. A industria extractiva, o metal e a construción son os estratos de actividade con niveis de ruído máis elevados. O 12,56% dos traballadores homes percibe **vibracións** en mans ou brazos e o 8,64% en todo o corpo, sendo as porcentaxes das mulleres nos dous casos menores do 4%. A exposición aos diferentes tipos de **radiacións artificiais** é pequena, e as porcentaxes maiores, son o 6,33% dos homes expostos a radiación ultravioleta, e o 3% das mulleres expostas a raios X, γ , ou radioisótopos.

O 18,04% dos traballadores afirma **manipular substancias ou preparados nocivos ou tóxicos**, e a porcentaxe dos homes é do 20,70%, e o das mulleres do 15,09%. A agricultura, co 51,52%, e a industria química, co 46,15%, son os estratos de actividade de maiores porcentaxes. O 13,83% dos traballadores encontra ás veces complicada de entender a etiquetaxe, sendo por ocupación o 35,71% dos operadores

de instalacións e maquinaria e montadores a maior porcentaxe. O 20,25% dos traballadores afirman **respirar** po, gases, fumes etc., **nocivos ou tóxicos**, sendo a porcentaxe dos homes máis do dobre que a das mulleres; e alcázanse as maiores cifras nas industrias extractivas, co 47,47%, e na construción, co 29,47%.

Os traballadores que din estar en contacto con **axentes biolóxicos** apenas supera o 11%, (6,75% de forma intencionada e 4,54% de xeito involuntario). O sector agrario é con diferenza no que máis traballadores están en contacto: 35,35% de forma habitual e 9,09% de xeito esporádico.

Deseño do posto e carga de traballo

Logo de lles preguntar aos traballadores sobre as **posturas de traballo** máis frecuentes no seu traballo, reflíctese que o 55,22% realizan, toda ou parte da súa xornada laboral, de pé andando frecuentemente; o 40,19% sentados, levantándose frecuentemente, e o 33,02% de pé sen andar apenas. Nos traballos manuais (traballadores industriais, agricultores, pescadores), así como persoal de servizos como camareiros e vendedores, “estar de pé andando frecuentemente” é máis habitual que nos administrativos e o persoal técnico ou científico; mentres que en “estar sentado levantándose frecuentemente” se dá a situación inversa.

O posto de traballo ten certas **demandas físicas**: o 58,86% dos traballadores están expostos a realizar movementos repetitivos de mans ou brazos, e o 53,85% a manter unha mesma postura, e existen diferenzas entre os traballos de homes e mulleres. Son a industria extractiva, a agricultura, a pesca e a construción os sectores de actividade con maiores demandas físicas.

En canto ás **molestias físicas**, o 43,32% dos homes e o 38,96% das mulleres quéixanse de molestias no zona lumbar; e o 48,50% das mulleres e o 34,57% dos homes da caluga ou o pescozo. Tamén hai diferenzas entre os que non teñen ningunha molestia, o 21,91% dos homes e o 15,43% das mulleres. Por sectores, os traballadores da pesca e da agricultura son os que sofren máis molestias polo traballo, sendo só o 10,10% na agricultura e o 11,46% na pesca os que non se queixan de ningunha. Por provincias, A Coruña ten a porcentaxe máis baixa de traballadores que din non ter ningunha molestia, o 16,71%.

Tamén se comprobaron os factores relacionados coa **carga mental** aos que están expostos os traballadores: o 66,88% ten que tratar directamente con persoas alleas

á empresa, o 54,48% ten que manter un nivel de atención alto ou moi alto, e o 46,73% traballa con ordenadores. Por sectores, o dos servizos é o que en máis factores supera o total.

Factores psicosociais

Algo máis do 80% dos traballadores están de acordo en definir as súas **relacións persoais** no traballo como “positivas e de colaboración”. Un ambiente de non colaboración é causa de risco para os traballadores; o 6,54% dos traballadores “raramente ou menos” pode esperar recibir axuda dos seus compañeiros, un 12,24% dos seus superiores/xefes, e o 34,97% de persoal alleo á empresa.

Dos factores empregados para medir o desenvolvemento de **habilidades e auto-realización** no traballo; o 7,23% dos traballadores, “raramente ou menos”, sente que no traballo ten a oportunidade de facer aquilo que sabe facer mellor, un 2,90% que o seu traballo lle proporciona o sentimento de realizar un traballo ben feito, e a mesma porcentaxe tamén “raramente ou menos” ten a sensación de estar facendo un traballo útil.

O grao de **autonomía no traballo** dos traballadores galegos mediuse polos factores seguintes: o 21,47% dos traballadores “raramente ou menos” ten liberdade para decidir cando colle as súas vacacións ou os seus días libres, o 13,87% pode poñer en práctica as súas propias ideas no seu traballo, o 19,04% pode elixir ou modificar a orde das tarefas, o 24,63% pode elixir ou modificar o método de traballo, o 21,36% pode elixir ou modificar o ritmo de traballo, e o 21,31% “tamén raramente ou menos”, pode elixir ou modificar a distribución e/ou a duración das pausas no traballo.

En relación co ritmo de traballo, as demandas directas de persoas (clientes, alumnos, pacientes...) son o factor máis determinante en termos xerais, co 82,07%, especialmente no sector servizos co 90,27% dos casos; e o seguinte factor en porcentaxe xeral son prazos de tempo que se han cumprir, co 58,12%.

Tamén se analizaron tres aspectos de carácter socioeconómico: **estabilidade no emprego, salario e posibilidades de promoción**, nos cales non se aprecian diferenzas entre homes e mulleres. O 18,41% dos traballadores está de acordo en que pode perder seu traballo nos próximos 6 meses (de cando se fixo a enquisa), esta porcentaxe alcanza o 31,40% na construción. Dos traballadores (homes e mulleres), o 26,74% non están de acordo con considerar bo o seu soldo. En canto ás

perspectivas de mellora profesional, estas son negativas, con só o 29,48% que as considera boas.

En relación coa **xornada de traballo**, o 67,88% traballan a xornada partida, sendo a seguinte a continua de mañá cun 13,50%; na maioría dos casos, o 66,72%, é fixada pola empresa/organismo do traballador; a porcentaxe dos traballadores que non amplían a súa xornada laboral, o 45,09%, é moi semellante aos que si o fan, o 46,26%, esta última, é a suma do 23,42% dos que o fan con compensación (en cartos ou en tempo libre), e o 22,84% dos que o fan sen ela; o tempo empregado polos traballadores en ir dende a súa casa ao traballo é inferior aos 30 minutos en máis do 90% dos casos.

A porcentaxe de traballadores que ten problemas de compatibilidade dos horarios de traballo cos compromisos sociais e familiares, é do 28,79%, e non hai apenas diferenza entre homes e mulleres. A xornada continua de mañá é a que mellor concilia o traballo cos compromisos persoais, co 89,06 dos traballadores que pensan que compatibiliza ben ou moi ben.

A exposición a **condutas violentas** ten porcentaxes moi pequenas, sendo a máis frecuente destas situacións son as ameazas de violencia física, que no ano as sofren o 4,11% dos traballadores. Por ocupacións, os traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores son os máis expostos a sufrir estas condutas. As porcentaxes de traballadores aos que lles ocorreron feitos que lles fixeran sentirse vítimas dalgún tipo de **discriminación** é moi pequeno, e só 0,67% das mulleres se senten discriminadas por razón de sexo. En canto ás situacións de **acoso psicolóxico**, a porcentaxe de traballadores que sufriu ao longo do ano ameazas de ocasionarlle danos no seu posto de traballo, no vehículo, no seu domicilio..., algunhas veces ao ano ou máis é do 1,95%; os traballadores aos que se lle poñen dificultades para comunicarse no traballo, dende varias veces ao ano ata todos os días, alcanzan en conxunto unha porcentaxe do 4,06%; e as situacións que buscan o descrédito persoal ou profesional, algunhas veces ao ano ou máis, ocorrenlles ao 5,12% dos traballadores.

Danos para a saúde

ACCIDENTES DE TRABALLO

A porcentaxe dos traballadores que si sufriron algún **accidente** (con baixa ou sen ela) nos dous últimos anos anteriores á enquisa é do 6,91%, e a diferenza entre

homes e mulleres é moi pequena. Os grupos de idade con maior porcentaxe destes accidentes son os traballadores de 35 a 44, anos cun 8,11% e os de 25 a 34, co 7,29%. Por sectores, o de maior sinistralidade é o da industria, co 9,14%. Os profesionais que máis sufriron accidentes son os traballadores cualificados na agricultura e na pesca, co 17,81% deles, seguidos polos traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría, co 12,73%.

En canto ás **causas dos accidentes** segundo o xuízo dos traballadores que os sufriron, as tres con maior porcentaxe sobre o total son: distraccións, descoidos, despistes, falta de atención, co 29,77%; posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa, co 21,37%; e cansazo ou fatiga, co 12,98%.

ENFERMIDADES PROFESIONAIS

A porcentaxe dos traballadores que teñen recoñecida ou estaban en trámite de recoñecemento dunha **enfermidade profesional** é do 2,58%, e non son significativas as diferenzas entre homes e mulleres. Esta porcentaxe aínda sendo baixa, é moi superior á estatística oficial, e é especialmente significativa no sector da pesca, e incrementase coa idade do traballador.

O 23,42% dos traballadores cren que o seu **traballo lles está afectando á saúde**, e hai unha diferenza significativa entre os homes (o 26,23%) e as mulleres (o 20,31%). Por sectores, a pesca co 36,46%, e a agricultura co 32,32% son os de porcentaxe máis elevada.

Os síntomas que teñen os traballadores que cren que o traballo lles está afectando á saúde, ordenados pola frecuencia en que se indican por eles son: dor de costas co 52,03%, dor de pescozo ou caluga co 40,99%, e estrés co 39,64%. Por sexo, hay que destacar as porcentaxes superiores das mulleres na dor de pescozo ou caluga (o 49,18%), e na dor en membro superior, co 26,78%. Por sectores, pódense destacar: o 78,13% do agrario que teñen dor de costas; na pesca, tamén se presenta este cun 51,43% e dor nalgún membro superior cun 45,71%; na industria e na construción, dáse a dor de costas, cun 51,06% e un 49,12% respectivamente; e nos servizos, os dous síntomas máis destacados son o estrés co 50%, e a dor de costas, co 49,56%. Tamén se lles preguntou a estes traballadores se consultaran a un médico por estas doenzas, e cantas veces no último ano. En xeral, os síntomas indicados son o suficientemente importantes para ter que ir ao médico; as mulleres, cun 57,38%, superan dun xeito significativo os homes, que acadan un 44,83%. O sector da pesca é no que porcentualmente os traballadores máis van ao médico por doenzas que atribúen ao seu traballo.

En canto a un conxunto de síntomas que se definen de natureza psicosomática, a sensación continua de cansazo é indicada polo 17,25% dos traballadores, os problemas do sono alcanzan o 15,56% e as dores de cabeza relacionadas co traballo o 13,19%.

Aspectos xerais da percepción das condicións de traballo

Pedíuselle ao persoal traballador que indicase en que grao lles molestan ou preocupan un conxunto de aspectos das súas condicións de traballo.

As condicións ambientais supoñen unha preocupación maior para os homes, cun 8,92%, que para as mulleres, cun 5,05%.

En relación coas posturas no traballo, non hai case diferenzas entre homes e mulleres, e a porcentaxe sobre o total é do 15,82%; en canto aos esforzos realizados, os homes co 13,87%, aparecen máis preocupados ou molestos polos esforzos que han realizar que as mulleres (o 9,99%).

Nas relacións persoais, as relacións co persoal da empresa (compañeiros e xefes) son menos problemáticas que co persoal alleo a esta: 8,23% cos xefes e 9,74% cos compañeiros, fronte ao 17,09% de problemas con persoas alleas á empresa.

En canto á autonomía no traballo, o ritmo, monotonía, horario e a cantidade, as porcentaxes son: o 6,43% preocúpase pola dificultade ou complexidade das tarefas, o 11,13% pola pouca autonomía, o 11,55% pola monotonía, o 14,24% polo ritmo do traballo, o 16,19% pola cantidade de traballo, e o 17,04% do horario; e non se aprecia diferenzas significativas entre homes e mulleres.

Poder perder o emprego é un risco que preocupa tanto a homes coma a mulleres, e a maior porcentaxe destas variables é do 28,85% sobre o total.

Dos danos para a saúde, tanto o risco de ter un accidente como o de padecer unha enfermidade son máis preocupantes para os homes que para as mulleres. A preocupación de sufrir un accidente duplícase nos homes, co 26,13%, mentras que nas mulleres é do 13,10%; son en canto ás porcentaxes da preocupación de estar en risco de sufrir unha enfermidade, do 24,12% e do 17,20% respectivamente.



(Cuestionario da I Enquisa de Condicións de Traballo do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral)

DOCUMENTO PROTEXIDO POLO SEGREDO ESTATÍSTICO

Bos días/tardes. O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), organismo autónomo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar, está realizando un estudo sobre as condicións de traballo dos traballadores ocupados. Por este motivo, solicitamos a súa colaboración e agradecemoslla anticipadamente. Esta vivenda foi seleccionada ao azar mediante métodos aleatorios. Garantímoslle o absoluto anonimato e segredo das súas respostas, no máis estrito cumprimento das Leis sobre segredo estatístico e protección de datos persoais. Unha vez gravada a información de forma anónima, os cuestionarios individuais son destruídos inmediatamente.

CUESTIONARIO Nº: _____

Reside de forma habitual neste fogar algunha persoa que actualmente estea traballando por conta propia ou conta allea, independentemente de que estea de baixa por algún motivo (enfermidade, accidente, vacacións)?

Si _____ 1
Non _____ 2 Fin do cuestionario

ENTREVISTADOR SELECCIONARÁ A PERSOA QUE SE VAI ENTREVISTAR

NOME DO ENTREVISTADO: _____
DOMICILIO: _____
TELÉFONO FIXO: _____
TELÉFONO MÓBIL: _____
COMUNIDADE AUTÓNOMA: _____
PROVINCIA: _____
MUNICIPIO: _____
SECCIÓN: _____
RUTA N.º: _____
NOME DO ENTREVISTADOR: _____ Nº _____

SITUACIÓN LABORAL E TIPO DE CONTRATO DE TRABAJO

P.1. Actualmente, está vostede traballando? (ENTREVISTADOR: anotar só unha opción)

- Si _____ 1
 Non, estou de baixa por enfermidade común _____ 2
 Non, estou de baixa por accidente de traballo _____ 3
 Non, estou de baixa por enfermidade profesional _____ 4
 Non, estou de baixa por maternidade/paternidade _____ 5
 Non, estou de vacacións _____ 6
 Non, por outra razón. Especificar: _____ 7
 NC _____ 9

(ENTREVISTADOR: no caso de desempeñar varios traballos remunerados, todas as preguntas que se inclúen a continuación refírense ao **traballo principal**; é dicir, o que sinala como tal o entrevistado e, en caso de dúbida, ao que lle dedique habitualmente máis horas semanais).

P.2. Cal é a súa situación de traballo actual? (ENTREVISTADOR: mostrar **tarxeta 2**, anotar só unha opción):

- Autónomo con empregados _____ 1
 Autónomo sen empregados ou traballador independente _____ 2 } Pasar a P. 5
 Traballador asalariado con alta na Seguridade Social _____ 3
 Traballador asalariado sen alta na Seguridade Social _____ 4
 Outro _____ 5 } Pasar a P. 5
 NS _____ 8
 NC _____ 9

P.3. Como é o seu contrato? (ENTREVISTADOR: mostrar **tarxeta 3**, anotar só unha opción)

Contrato de duración indefinida	Indefinido _____ 01 Fixo discontinuo _____ 02
Contrato temporal ou de duración determinada	Por obra ou servizo _____ 03 Eventual por circunstancias da produción _____ 04 Interino _____ 05 De formación _____ 06 En prácticas _____ 07 Temporal a través dunha ETT _____ 08
Outro. Especificar:	_____ 09
NS	_____ 98
NC	_____ 99

P.4. Traballa vostede a tempo parcial ou a tempo completo?:

- A tempo parcial _____ 1
 A tempo completo _____ 2
 NC _____ 9

P.5. Traballa vostede en:

- Sector privado _____ 1
 Sector público _____ 2
 Organización ou empresa semipública _____ 3
 Sector sen ánimo de lucro, ONG _____ 4
 Outro _____ 5
 NS _____ 8
 NC _____ 9

P.6. Na actualidade, vostede laboralmente pertence...:

Á propia empresa onde realiza o seu traballo _____ 1
 A unha empresa subcontratada externa ao centro onde realiza o seu traballo ____ 2
 NC _____ 9

DATOS DA EMPRESA (MARCAR COTA)	
P.6 BIS. Cal é a actividade principal que se realiza na súa empresa? (ENTREVISTADOR: axúdelle a localizar a actividade ao entrevistado mostrando a tarxeta CNAE. Se non se atopa a actividade económica da empresa na tarxeta, anotarase a que cite o entrevistado)	
SECTOR	RAMA DE ACTIVIDADE
A. Agrario	1 Agricultura, gandería, caza e pesca Literal _____ 1 → CNAE-93
I. Industria	2 Industria extractiva 3 Industria manufactureira 4 Industria Química 5 Metal 6 Outras Industrias Literal _____ 2 → CNAE-93
C. Construción	7 Construción Literal _____ 3 → CNAE-93
S. Servizos	8 Comercio, Hostalería 9 Transporte e Comunicacions 10 Intermediación Financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento e servizos empresariais 11 Administración pública e educación 12 Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais 13 Outras actividades sociais e persoais Literal _____ 4 → CNAE-93

P.7. Actualmente, cal é o número de traballadores no persoal na súa empresa?

(ENTREVISTADOR: se o entrevistado non lembra exactamente o número de traballadores da empresa que sinala un número aproximado).
 Autónomo sen empregados _____ 1
 De 1 a 9 _____ 2
 De 10 a 49 _____ 3
 De 50 a 249 _____ 4
 De 250 a 499 _____ 5
 500 ou máis _____ 6

P7BIS. Ten a súa empresa máis dun centro de traballo?

SI _____ 1
 NON _____ 2
 NS _____ 3

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO	
P.8. Cal é a actividade principal que se realiza no seu centro de traballo? (ENTREVISTADOR: axúdelle a localizar a actividade ao entrevistado mostrando a tarxeta CNAE. Se non se atopa a actividade económica do seu centro de traballo na tarxeta, anotarase a que cite o entrevistado).	
SECTOR	RAMA DE ACTIVIDADE
A. Agrario	1 Agricultura, gandería, caza e pesca Literal _____ 1 → CNAE-93
I. Industria	2 Industria extractiva 3 Industria manufactureira 4 Industria Química 5 Metal 6 Outras Industrias Literal _____ 2 → CNAE-93
C. Construción	7 Construción Literal _____ 3 → CNAE-93

S. Servizos	8 Comercio, hostalaría
	9 Transporte e comunicacións
	10 Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento e servizos empresariais
	11 Administración pública e educación
	12 Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais
	13 Outras actividades sociais e persoais
	Literal _____ 4 → CNAE-93

P.7. Actualmente, cal é o número de traballadores no persoal na súa empresa?
(ENTREVISTADOR: se o entrevistado non lembra exactamente o número de traballadores da empresa que sinale un número aproximado).

Autónomo sen empregados _____ 1

De 1 a 9 _____ 2

De 10 a 49 _____ 3

De 50 a 249 _____ 4

De 250 a 499 _____ 5

500 ou máis _____ 6

TIPO DE TRABAJO

P.10. Da seguinte relación, podería indicarnos cal é a súa ocupación principal?
(ENTREVISTADOR: axúdalle a localizar o posto ao entrevistado mostrando a tarxeta 10. Se non se atopa a ocupación do traballador na tarxeta, anotarase o que cite o entrevistado. Lembrar que non lle preguntamos a súa titulación nin a súa su categoría laboral (oficial, aprendiz...) senón o tipo de traballo realizado.

Ocupación:

Literal: _____

P.11. Traballa vostede nunha cadea de produción ou montaxe?

Si, continuamente _____ 1

Si, a miúdo _____ 2

Si, ás veces _____ 3

Non _____ 4

NS _____ 8

NC _____ 9

P.12. En que situación realiza vostede o seu traballo? (ENTREVISTADOR: mostrar tarxeta 12, anotar só unha opción).

Só e illado _____ 1

Só, pero á beira doutros traballadores _____ 2

En equipos ou grupos de traballo _____ 3

Traballo no meu domicilio conectado (mediante ordenador, TIC) ao centro de traballo _____ 4

Traballo no meu domicilio sen conexión (mediante ordenador, TIC) ao centro de traballo _____ 5

Outra. Especificar: _____ 6

NC _____ 9

P.13. Canto tempo leva vostede traballando na súa empresa actual? (ENTREVISTADOR: se se trata dun traballador dunha empresa de traballo temporal, situar o período dende o primeiro contrato obtido desa ETT na empresa na que actualmente está traballando).

N.º de anos:

N.º de meses:

N.º de días:

NC _____ 99

(ENTREVISTADOR: se o traballador ocupa varios postos de traballo nas seguintes preguntas relativas ao “ambiente térmico”, referirse ao posto que lle ocupa máis tempo).

AMBIENTE TÉRMICO

P.14. Onde realiza o seu traballo habitual a maior parte da xornada?

(ENTREVISTADOR: mostrar **tarxeta 14**, anotar só unha opción).

Ao aire libre _____ 1 → Pasar a P.16
 En vehículo: autobús, taxi, furgoneta, camión, tractor etc. _____ 2
 En local semipechado _____ 3
 En local pechado (excepto invernadoiro) _____ 4
 Invernadoiro _____ 5
 Noutro lugar. Especificar: _____ 6
 NC _____ 9

P.15. Como considera a temperatura do seu posto de traballo en verán e en inverno?

(ENTREVISTADOR: unha soa resposta para o verán e unha soa resposta para o inverno. A opción “non procede” está destinada aos traballadores que non realicen o seu traballo ben no verán ou ben no inverno).

	VERÁN	INVERNO
Confortable _____	1	1
Inconfortable por frío _____	2	2
Inconfortable por calor _____	3	3
Non procede _____	4	4
NC _____	9	9

P.16. Como considera que é o seu posto de traballo no relativo á humidade?

Moi húmido _____ 1
 Moi seco _____ 2
 En xeral é axeitado _____ 3
 NC _____ 9

(ENTREVISTADOR: se o traballador ocupa varios postos de traballo nas seguintes preguntas relativas a “axentes físicos”, referirse ao posto que lle ocupa máis tempo).

AXENTES FÍSICOS

P.17. O nivel de ruído no seu posto de traballo é: (ENTREVISTADOR: mostrar **tarxeta 17**, anotar só unha opción).

Moi baixo, case non hai ruído _____ 1
 Non moi elevado, pero é molesto _____ 2
 Existe ruído de nivel elevado, **que non permite seguir unha conversación** con outro compañeiro que estea a 3 metros _____ 3
 Existe ruído de nivel moi elevado, **que non permite oír** a un compañeiro que estea a 3 metros aínda que levante a voz _____ 4
 NC _____ 9

P.18. Ten vostede vibracións producidas por ferramentas manuais, máquinas, vehículos, etc. no seu posto de traballo?

Si, na man ou no brazo _____ 1
 Si, no corpo enteiro _____ 2
 Non _____ 3
 NS _____ 8
 NC _____ 9

P.19. Está exposto no seu traballo á emisión de: (ENTREVISTADOR: Ler. Unha resposta por liña).

	SI	NON	NS	NC
Luz ultravioleta (soldadura eléctrica ao arco, lámpadas xermicidas, UVA...), excluída a luz solar	1	2	8	9
Luz infravermella	1	2	8	9
Microondas (fornos de secado, antenas de telefonía móbil)	1	2	8	9
Radiofrecuencias (soldadura por radiofrecuencias, quentamento de baños...)	1	2	8	9
Láser	1	2	8	9
Raios X, raios gamma, radioisótopos (radiodiagnóstico, radioterapia, diagnóstico de soldaduras...)	1	2	8	9

CONTAMINANTES QUÍMICOS OU BIOLÓXICOS

P.20. No seu posto de traballo, manipula substancias ou preparados nocivos ou tóxicos?

Si _____ 1
 Non _____ 2
 NS _____ 8
 NC _____ 9

} Pasar a P. 23

P.21. Estas substancias ou preparados, levan unha etiqueta informando do seu perigo?

Si, todos _____ 1
 Si, algúns _____ 2
 Practicamente ningún _____ 3
 NS _____ 8
 NC _____ 9

} Pasar a P. 23

P.22. En xeral, a información que contén a etiqueta (símbolos etc.) é:

Doadade entender _____ 1
 Ás veces é complicada _____ 2
 Complicada _____ 3
 NS _____ 8
 NC _____ 9

P.23. No seu posto de traballo, respira pos, fumes, aerosois, gases ou vapores nocivos ou tóxicos? (excluído o fume do tabaco).

Si _____ 1
 Non _____ 2
 NS _____ 8
 NC _____ 9

SÓ PARA OS QUE CONTESTARON DÍXITO 1 EN P.20 OU DÍXITO 1 EN P.23

P.24. Coñece vostede os posibles efectos prexudiciais para a súa saúde da manipulación e/ou respiración desas substancias nocivas ou tóxicas?

Si _____ 1
 Non _____ 2
 NS _____ 8
 NC _____ 9

} Pasar a P. 26

P.25. Informáronllo na súa empresa das medidas que ían adoptar para previr estes posibles efectos prexudiciais?

Si _____ 1
 Non _____ 2
 NS _____ 8
 NC _____ 9

P.26. No seu traballo, manexa ou ten contacto directo con materiais que poidan ser infecciosos, tales como refugallos, fluídos corporais, materiais de laboratorio, animais...? (ENTREVISTADOR: mostrar tarxeta 26, anotar só unha opción).

Si, de forma **deliberada ou intencionada**: laboratorios de diagnóstico microbiolóxico, traballo con animais, obtención de vacinas, insulina ou outros medicamentos, procesos de fermentación _____ 1
 Si, de xeito **involuntario, habitual ou esporádica**: actividade sanitaria, tratamento de residuos, recollida de lixo, traballos subterráneos _____ 2
 Non _____ 3
 NS _____ 8
 NC _____ 9

CONDICIÓNS DE SEGURIDADE

P.27. Cales son os principais riscos de accidente que existen no desenvolvemento do seu traballo? (ENTREVISTADOR: mostrar tarxeta 27 resposta múltiple).

Caídas de persoas dende altura _____ 01
 Caídas de persoas ao mesmo nivel _____ 02
 Caídas de obxectos, materiais ou ferramentas _____ 03
 Esborralles ou derrubamentos _____ 04
 Cortes e picadas _____ 05
 Golpes _____ 06
 Atropelos, atrapamentos ou esmagamentos por vehículos _____ 07
 Atrapamentos o esmagamentos con equipos o maquinaria _____ 08
 Proxección de partículas ou anacos de material _____ 09
 Queimaduras (contacto con superficies quentes, con produtos químicos etc.) _____ 10
 Danos producidos por un exceso de exposición ao sol (queimaduras, insolación, golpe de calor) _____ 11
 Incendios _____ 12
 Explosións _____ 13
 Danos producidos por animais (mordedelas, couces, picadas, picaduras de insectos etc.) _____ 14
 Contactos eléctricos (liñas de alta tensión, conexións, cables ou enchufes en mal estado...) _____ 15
 Sobreesforzos por manipulación manual de cargas _____ 16

Intoxicación por manipulación de produtos tóxicos _____ 17
 Accidentes de tráfico _____ 18
 Atracos, agresións físicas ou outros actos violentos _____ 19
 Outros. Especificar: _____ 20
 Ningún _____ 97 } Pasar a P. 29
 NC _____ 99 }

P.28. Da seguinte relación, cales son as tres principais causas destes riscos de accidente? (ENTREVISTADOR: mostrar tarxeta 28, anotar os códigos de, como máximo, tres causas).

Por aberturas ou ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas en mal estado _____ 01
 Falta de espazo, de limpeza ou desorde _____ 02 [][]
 Mantemento inadecuado ou deficiente _____ 03 [][]
 Sinalización de seguridade inexistente ou deficiente _____ 04 [][]
 Falta de proteccións das máquinas ou equipos, ou as que hai son deficientes _____ 05
 Faltan os equipos de protección individual necesarios ou non son adecuados _____ 06
 Equipos e ferramentas en mal estado _____ 07
 Manipulación inadecuada de produtos, sustancias químicas ou materiais perigosos _____ 08
 O terreo ten gabias, noiros, desniveis, etc. que poden provocar o envorco de vehículos de traballo e/ou a caída ou tropezos de persoas _____ 09
 Utilización de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados para a tarefa _____ 10
 Non se dispón da cualificación ou da experiencia necesarias para a tarefa _____ 11
 Instrucións de traballo inexistentes ou inadecuadas _____ 12
